



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X leislatura
Serie Pleno
Número 115

Sesión plenaria
8 de maio de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG4xqhk317
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 39703 (10/PNP-002965)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre as actuacións que debe levar a cabo Goberno galego en relación co mapa escolar de Galicia, o modelo de comedores escolares e o servizo de transporte escolar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 383, do 14.11.2018

3.2 40520 (10/PNP-003045)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Barreira, María Julia e seis deputados/as máis

Sobre o inicio polo Goberno galego, no ano 2019, da contratación dos proxectos construtivos, así como da redacción do informe de impacto ambiental, do treito A Pobra de San Xiao-Nadela da vía de altas prestacións Lugo-Monforte de Lemos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 390, do 28.11.2018

3.3 43406 (10/PNP-003244)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central para garantir o mantemento dos centros produtivos e dos postos de traballo de Alcoa en Galicia, así como o establecemento dunha nova tarifa eléctrica industrial para a industria electrointensiva

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

3.4 44919 (10/PNP-003366)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo Xunta de Galicia en relación coa atención sanitaria aos pacientes transexuais e os requisitos exixidos para o seu acceso a procedementos médicos de transición, así como de recoñecemento legal da súa identidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 427, do 06.02.2019

3.5 48340 (10/PNP-003658)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de garantir o abastecemento de auga á poboación diante de posibles situacións de seca

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 09.04.2019



3.6 48750 (10/PNP-003685)**Grupo Parlamentario de En Marea****Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co uso do galego nas entidades bancarias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 09.04.2019

3.7 49026 (10/PNP-003703)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre a elaboración e presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun informe referido ás denuncias ou queixas presentadas nos últimos seis anos por dificultar o uso das linguas oficiais de Galicia, o tipo de resposta ofrecida e as medidas adoptadas ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 463, do 17.04.2019

3.8 49208 (10/PNP-003721)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posible afectación da actividade das industrias xestoras de residuos e do uso de fertilizantes agrícolas derivados das lamas da depuración na saúde da poboación e no normal estado dos solos e dos acuíferos do concello das Somozas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 466, do 24.04.2019

Punto 4. Interpelacións**4.1 42269 (10/INT-001407)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as necesidades de mellora do transporte ferroviario en Galicia, nomeadamente entre Ourense e A Coruña e Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 14.01.2019

4.2 45411 (10/INT-001492)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación co servizo público da Xustiza

Publicación da iniciativa, BOPG nº 430, do 13.02.2019

4.3 49084 (10/INT-001640)**Grupo Parlamentario de En Marea****Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa protección e conservación do patrimonio cultural arquitectónico e arqueolóxico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 463, do 17.04.2019



Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

5.1 49474 (10/POPX-000145)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a valoración da situación e resultados das políticas de emprego do Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 470, do 30.04.2019

5.2 49491 (10/POPX-000146)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o cumprimento do mandato do artigo 5.3 do Estatuto de autonomía de Galicia coa política lingüística do Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 470, do 30.04.2019

5.3 49492 (10/POPX-000147)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre o balance das políticas do Goberno galego en materia de equilibrio territorial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 470, do 30.04.2019

Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 46398 (10/POP-005522)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis

Sobre a situación na que se atopan cada un dos proxectos promovidos pola Xunta de Galicia para o novo barrio da Residencia, en Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 437, do 27.02.2019

6.2 48909 (10/POP-005835)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e dous deputados/as máis

Sobre o estado de execución no que se atopa o acordo parlamentario referido á análise de viabilidade da creación dun enlace directo entre a autovía da Costa da Morte e o polígono industrial de Vimianzo, en dirección a Camariñas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 463, do 17.04.2019

6.3 49465 (10/PUP-000245)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e seis deputados/as máis

Sobre as razóns do Goberno galego para suspender, de xeito temporal, o proceso de contratación das concesións de transporte público interurbano por estrada de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 470, do 30.04.2019



6.4 49472 (10/PUP-000246)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel e dous deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego para a posta en servizo da nova estación intermodal da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 470, do 30.04.2019

6.5 46731 (10/POP-005568)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para evitar a desaparición da empresa Isowat, na Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

6.6 43134 (10/POP-005108)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Gil, César Manuel e sete deputados/as máis**

Sobre o proxecto que está previsto implantar en Ourense relacionado coa innovación na formación profesional

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

6.7 48852 (10/POP-005832)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para corrixir as deficiencias de mantemento que presenta o edificio do Centro de Saúde de Foz

Publicación da iniciativa, BOPG nº 463, do 17.04.2019

6.8 49475 (10/PUP-000247)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre as medidas previstas para resolver a situación de precariedade na que se atopa o persoal eventual de enfermaría no Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 470, do 30.04.2019

6.9 49137 (10/POP-005852)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da ampliación dos equipos de valoración da discapacidade na zona norte da provincia de Pontevedra e no resto das zonas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 466, do 24.04.2019

6.10 49160 (10/POP-005854)**Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e dous deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das listas de agarda existentes na provincia de Pontevedra para a valoración do grao de discapacidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 466, do 24.04.2019



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Pregunta de D. Luís Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a valoración da situación e resultados das políticas de emprego do Goberno galego. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 13.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 14.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 16.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 17.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o cumprimento do mandato do artigo 5.3 do Estatuto de autonomía de Galicia coa política lingüística do Goberno galego. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 19.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 20.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 22.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 24.)

A señora Pontón Mondelo pide a palabra con base no artigo 76.3, solicitude que é denegada polo señor presidente. (Páx. 25.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o balance das políticas do Goberno galego en materia de equilibrio territorial. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 25.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 27.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 29.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 30.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de garantir o abastecemento de auga á poboación diante de posibles situacións de seca. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 32.)



Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Trenor López (P)*. (Páx. 34.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 37.), *Sra. Vilán Lorenzo (S)* (Páx. 39.) e *Sr. Cal Ogando (EM)*. (Páx. 41.)

O señor Trenor López (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 43.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a María Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co uso do galego nas entidades bancarias. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 44.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 45.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 47.) e *Sra. Burgo López (S)*. (Páx. 49.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Vázquez Domínguez (P)*. (Páx. 50.)

A señora Cuña Bóveda (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 53.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de la Concepción Burgo López e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre a elaboración e presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun informe referido ás denuncias ou queixas presentadas nos últimos seis anos por dificultar o uso das linguas oficiais de Galicia, o tipo de resposta ofrecida e as medidas adoptadas ao respecto. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Burgo López (S)*. (Páx. 54.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodil Fernández (S)* (Páx. 56.), *Sra. Cuña Bóveda (EM)* (Páx. 58.) e *Sra. Novo Fariña (P)*. (Páx. 59.)

Nova intervención da señora Burgo López (S). (Páx. 61.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posible afectación da actividade das industrias xestoras de residuos e do uso de fertilizantes agrícolas derivados das lamas da depuración na saúde da poboación e no normal estado dos solos e dos acuíferos do concello das Somozas. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 62.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Pérez Seco (S)* (Páx. 65.), *Sr. Rodríguez Estévez (EM)* (Páx. 66.) e *Sr. Blanco Paradelo (P)*. (Páx. 68.)

Nova intervención do señor Rivas Cruz (BNG). (Páx. 70.)



Votación das proposicións non de lei

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre as actuacións que debe levar a cabo Goberno galego en relación co mapa escolar de Galicia, o modelo de comedores escolares e o servizo de transporte escolar: *rexeitado por 32 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 72.)

A señora Rodríguez Barreira (P) le o texto resultante da transacción sobre a proposición non de lei presentada por ela e que se vai votar a continuación. (Páx. 72.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Julia Rodríguez Barreira e seis deputados/as máis, sobre o inicio polo Goberno galego, no ano 2019, da contratación dos proxectos construtivos así como da redacción do informe de impacto ambiental do treito A Pobra de San Xiao–Nadela da vía de altas prestacións Lugo–Monforte de Lemos: *aprobado por 69 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 73.)

A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para comunicar a súa aceptación da votación por puntos da seguinte proposición non de lei, presentada polo seu grupo parlamentario. (Páx. 73.)

Votación do punto 1 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central para garantir o mantemento dos centros produtivos e dos postos de traballo de Alcoa en Galicia, así como o establecemento dunha nova tarifa eléctrica industrial para a industria electrointensiva: *rexeitado por 20 votos a favor, 36 votos en contra e 13 abstencións.* (Páx. 73.)

Votación do punto 2 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central para garantir o mantemento dos centros produtivos e dos postos de traballo de Alcoa en Galicia, así como o establecemento dunha nova tarifa eléctrica industrial para a industria electrointensiva: *rexeitado por 33 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 74.)

Votación do punto 3 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central para garantir o mantemento dos centros produtivos e dos postos de traballo de Alcoa en Galicia, así como o establecemento dunha nova tarifa eléctrica industrial para a industria electrointensiva: *rexeitado por 33 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 74.)

Votación do punto 4 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central para garantir o mantemento dos centros produtivos e dos postos de traballo de Alcoa en Galicia,



así como o establecemento dunha nova tarifa eléctrica industrial para a industria electrointensiva: *rexeitado por 19 votos a favor, 36 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 74.)

Votación do punto 5 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central para garantir o mantemento dos centros produtivos e dos postos de traballo de Alcoa en Galicia, así como o establecemento dunha nova tarifa eléctrica industrial para a industria electrointensiva: *rexeitado por 6 votos a favor, 36 votos en contra e 26 abstencións.* (Páx. 75.)

A señora Rodríguez-Vispo Rodríguez (P) solicita a votación por puntos do texto transaccionado da seguinte proposición non de lei, presentada polo G. P. de En Marea, e o portavoz do grupo propoñente rexeita a petición. (Páx. 75.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Marcos Cal Ogando e D^a Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa atención sanitaria aos pacientes transexuais e os requisitos exixidos para o seu acceso a procedementos médicos de transición, así como de recoñecemento legal da súa identidade: *rexeitada por 32 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 76.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de garantir o abastecemento de auga á poboación diante de posibles situacións de seca: *aprobada por 36 votos a favor, 20 votos en contra e 13 abstencións.* (Páx. 76.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co uso do galego nas entidades bancarias: *rexeitado por 33 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 76.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de la Concepción Burgo López e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre a elaboración e presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun informe referido ás denuncias ou queixas presentadas nos últimos seis anos por dificultar o uso das linguas oficiais de Galicia, o tipo de resposta ofrecida e as medidas adoptadas ao respecto: *aprobada por 69 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 77.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posible afectación da actividade das industrias xestoras de residuos e do uso de fertilizantes agrícolas derivados das lamas da depuración na saúde da poboación e no normal estado dos solos e dos acuíferos do concello das Sozomas: *rexeitada por 33 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 77.)



Interpelación de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as necesidades de mellora do transporte ferroviario en Galicia, nomeadamente entre Ourense e A Coruña e Santiago de Compostela. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 77.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 81.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 84.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 85.)

Interpelación de D^a Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia en relación co servizo público da Xustiza. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 87.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 90.)

Réplica da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 93.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 95.)

Suspéndese a sesión ás dúas e media da tarde e retómase ás catro e trinta e un minutos da tarde.

Interpelación de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación coa protección e conservación do patrimonio cultural arquitectónico e arqueolóxico. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 97.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 100.)

Réplica da autora: *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 103.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 105.)

Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación na que se atopan cada un dos proxectos promovidos pola Xunta de Galicia para o novo barrio da Residencia, en Lugo. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 108.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 109.)

Réplica da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 110.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 110.)



Pregunta de D^a María Toja Suárez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o estado de execución no que se atopa o acordo parlamentario referido á análise de viabilidade da creación dun enlace directo entre a autovía da Costa da Morte e o polígono industrial de Vimianzo, en dirección a Camariñas. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Toja Suárez (S)*. (Páx. 112.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 113.)

Réplica da autora: *Sra. Toja Suárez (S)*. (Páx. 114.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 115.)

Pregunta de D. Martín Fernández Prado e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as razóns do Goberno galego para suspender, de xeito temporal, o proceso de contratación das concesións de transporte público interurbano por estrada de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 116.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 117.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 118.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 119.)

Pregunta de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego para a posta en servizo da nova estación intermodal da Coruña. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Díaz Villoslada (S)*. (Páx. 120.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 121.)

Réplica do autor: *Sr. Díaz Villoslada (S)*. (Páx. 122.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 123.)

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para evitar a desaparición da empresa Isowat, na Coruña. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 124.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 126.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 126.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 127.)

Pregunta de D. César Manuel Fernández Gil e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o proxecto que está previsto implantar en Ourense relacionado coa innovación na formación profesional. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Gil (P)*. (Páx. 128.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 129.)



Réplica do autor: *Sr. Fernández Gil (P)*. (Páx. 130.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 131.)

Pregunta de D^a Patricia Otero Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para corrixir as deficiencias de mantemento que presenta o edificio do Centro de Saúde de Foz. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 132.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 133.)

Réplica da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 134.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 135.)

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre as medidas previstas para resolver a situación de precariedade na que se atopa o persoal eventual de enfermaría no Sergas. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 136.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 137.)

Réplica da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 139.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 139.)

O señor presidente comunica a acumulación das seguintes preguntas para o seu debate conxunto. (Páx. 141.)

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto da ampliación dos equipos de valoración da discapacidade na zona norte da provincia de Pontevedra e no resto das zonas. (Punto sexto da orde do día.)

Pregunta de D^a Paula Quinteiro Araújo e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a valoración do Goberno galego respecto das listas de agarda existentes na provincia de Pontevedra para a valoración do grao de discapacidade. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención dos autores: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 141.) e *Sra. Quinteiro Araújo (EM)*. (Páx. 142.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 143.)

Réplica dos autores: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 144.) e *Sra. Quinteiro Araújo (EM)*. (Páx. 145.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 146.)

Remata a sesión ás seis e cincuenta e seis minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reiniciamos a sesión co punto de preguntas ao presidente. Antes quixera saudar os alumnos de 1º de bacharelato do centro Puga Ramón, da Coruña, e tamén os seus acompañantes e a todos os invitados que temos na tribuna do Parlamento. Bo día e benvidos ao Parlamento.

Pregunta de D. Luís Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a valoración da situación e resultados das políticas de emprego do Goberno galego

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Núñez, queremos falar de paro hoxe precisamente, cando esta semana saíron os datos do paro do mes de abril, un mes de alta ocupación provocada precisamente pola estacionalidade da Semana Santa. É iso o que queremos destacar, a estacionalidade do emprego, que revela síntomas de grande debilidade e grande dependencia da estacionalidade de períodos concretos, como os períodos estivais ou como a Semana Santa.

Pero incluso vendo as cifras en termos absolutos, o balance do seu tempo de goberno non pode ser en absoluto positivo, na medida en que temos, desde que vostede empezou a gobernar, 90.000 persoas menos traballando en Galicia, 90.000 ocupados menos en Galicia, a pesar de que a cifra de parados caeu en 7.000 persoas. Isto revela que, desde que vostede goberna, hai 97.000 persoas menos en situación activa en Galicia. Polo tanto, é unha situación que é dramática nun país que evidencia que perde poboación continuamente.

A maiores disto, o emprego creado é un emprego que está baseado na estacionalidade e na precariedade. Para empezar, a primeira forma de precariedade é a temporalidade. Dende o ano 2014 o 60 % do emprego creado é temporal, e, polo tanto, de xente que non ten a certeza de traballar no mes seguinte, xente que non ten a certeza de cales van ser as súas condicións laborais. No ano 2014, o 21 % do traballo era temporal, e hoxe xa acada o 26 %. Pero non é a única forma, ou non é o único síntoma, de precariedade, tamén o é a parcialidade. Neste momento 79.000 persoas traballan a tempo parcial cando o quixerían facer a tempo completo. O exemplo das traballadoras de Bosch, no sector do telemárketing —particularmente na área de Vigo—, é un exemplo paradigmático de xente que quixería traballar a tempo completo e, sen embargo, as condicións do mercado non llelo permiten.

Tamén no sector fixo discontinuo hai aproximadamente 14.000 persoas que traballan como fixas discontinuas —singularmente no sector primario e no mar— e quixerían traballar durante todo o ano e non poden facelo.

Esta é a tripla cartografía da precariedade laboral: os que teñen un contrato temporal, os que traballan a tempo parcial e os fixos discontinuos, sumados, evidentemente, a aquelas persoas que non poden traballar. Isto é consecuencia do modelo produtivo en Galicia, dunha



política do Goberno que, en vez de ser política de emprego, é política sen emprego, cunha falta de política industrial absolutamente evidente e, ademais, cunha falta de aposta polo I+D, que xera postos de grande valor engadido.

E, neste contexto, a pregunta que hai que facerse é cales son as políticas de emprego do seu Goberno. Diso queríámoslle preguntar hoxe.

Xa son públicos os datos de execución orzamentaria do ano pasado, do 2018, e volven revelar a evidencia de todos os anos: que se deixan sen gastar decenas, centos, de millóns de euros. Concretamente no ano 2018 deixáronse sen gastar 120 millóns de euros, e concretamente nas partidas de mellora e fomento da empregabilidade, de promoción do emprego, da FP de desempregados e da FP de ocupados. E a nós gustaríanos saber por que razón, con esta situación de precariedade laboral, de temporalidade, de fixos descontínuos, de xente que traballa a tempo parcial, con falta de calidade no emprego, con dependencia da estacionalidade, o Goberno galego non gastou, durante 2018, 120 millóns de euros que tiña orzados para mellorar as condicións de emprego das galegas e dos galegos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señoría.

Señor Villares, efectivamente, houbo Semana Santa no mes de abril. Non en todas as comunidades autónomas se comportou igual o emprego. E, por darlle un dato, unha comunidade autónoma como Baleares —que sen dúbida é un dos motores do turismo en España— simplemente diminuíu o paro en 800 persoas. Sen embargo, en Galicia fomos das primeiras comunidades autónomas en maior diminución do paro no mes de abril.

Polo tanto, señoría, permítame un pouco de seriedade en abranguer o problema do paro e a evolución do paro. Mire este titular: «Oito rexións españolas rexistran unha taxa superior ao dobre da media comunitaria». E o seguinte titular: «Galicia abandona o grupo de rexións cunha taxa de paro que duplica a media comunitaria». Este é un bo resumo, señoría.

Todas as comunidades autónomas que están por riba do dobre do paro da media comunitaria están gobernadas polo Partido Socialista e pola esquerda. Vostedes nalgunhas delas participan no goberno. Permítame, pois, que concretemos exactamente cales son os datos correctos do paro.

Mire, a taxa de paro é mellor en Galicia que en calquera das comunidades autónomas onde goberna a esquerda salvo nunha, en Aragón. O PIB per cápita en Galicia ten o maior crecemento da historia na última década. E con isto creo que xa estaría respondida a súa pregunta. O maior crecemento de riqueza per cápita na última década de todas as comunidades autónomas é en Galicia.



En paro rexistrado —e sorpréndeme que me fale vostede disto— somos a comunidade autónoma, no que levamos de ano, coa maior diminución. En afiliacións, 21.175 afiliacións máis nos últimos doce meses. E en fogares con todos os membros ocupados, medrando un 3,7 %.

Señoría, en taxa de paro EPA estamos 2,3 puntos por debaixo da media de todas as comunidades autónomas de España, e Galicia ten unha taxa de paro máis baixa, insisto, que todas as comunidades onde goberna o Partido Socialista.

En PIB per cápita, a riqueza per cápita en Galicia acurta máis a súa distancia con España, rebasamos os 23.000 euros por galego e somos a comunidade autónoma co mellor comportamento dende que son presidente da Xunta de Galicia, dende o ano 2009 ao ano 2019. *(Aplausos.)* En Galicia incrementamos a nosa riqueza per cápita no 9,7 %; e no total de España, no 6,5 %. Se queremos mirar os datos de paro rexistrado, reitero que somos a comunidade autónoma na que máis baixa o paro no último ano. En Galicia baixa o 8,8 % e en España o 5,2 %. Hai 21.175 afiliados máis á Seguridade Social, e a EPA do primeiro trimestre en fogares con todos os membros activos ocupados medra ata 600.000 fogares.

Sobre a calidade no emprego —do que vostede tamén daba uns datos—, en emprego indefinido temos 31.800 empregos indefinidos máis no último ano. Tres de cada catro asalariados galegos teñen un emprego indefinido, o 74,2 %. En emprego a tempo completo, no último ano medraron en 14.100 os empregos a tempo completo, e nove de cada dez ocupados en Galicia ten un emprego a tempo completo, o 90 %.

Se quere vostede falar de custos, tamén podemos falar. Os custos salariais en Galicia están evolucionando por riba da media do Estado.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Por iso me sorprende, señoría, que vostede veña aquí con este tipo de cuestións. Ademais, vostede vén aquí coma se non tivera ningunha responsabilidade. ¿Vostede aínda non sabe que levan dez anos gobernando as políticas económicas e as políticas laborais en España? ¿Aínda non o saben? *(Murmurios.)* Perdón, dez meses. *(Risos.)* ¡Home!, se foran dez anos, xa pode imaxinar que estes datos de paro serían imposibles. *(Risos.) (Murmurios.)* ¡Iso é evidente, señor Villares! *(Aplausos.)*

Mire, señor Villares, vostede está de acordo en pechar Reganosa, en pechar Meirama, en pechar As Pontes, en pechar Ence e en non deixar que se amplíe PSA-Peugeot-Citroën en Vigo. ¿Sabe cantos postos de traballo supón isto? 27.000 postos de traballo. Pero están a piques de conseguir, efectivamente, que peche Alcoa, que peche Ence, que Navantia non teña traballo ata o ano 2022 e que peche Meirama. Si, señor Villares, esta é a súa corresponsabilidade.

Máis nada e moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica do señor Villares.



O señor VILLARES NAVEIRA: Mire, de emprego industrial en Galicia sabe vostede moito, porque desde que vostede goberna se perderon en Galicia 40.000 empregos industriais. Os datos son bastante elocuentes, e quen ten responsabilidades sobre eses datos está tamén bastante claro, porque, xa que se imputa os éxitos, deberá imputarse tamén os fracasos, como ese de dez anos de perda de emprego no sector industrial.

Fala vostede da riqueza por galego, e eu empeceille falando do número de galegos. Efectivamente, hai 97.000 persoas menos en activo desde que vostede está gobernando, pero, se iso é preocupante, máis preocupante é aínda coller segmentadamente esa poboación que xa non está traballando. A mocidade de 16 a 19 anos como grupo de poboación activa traballando, desde que vostede goberna, é un 71,42 % menor. Pasaron de 23.800 a 6.800 persoas mozas que están neste momento traballando. Na franxa de idade de entre 20 e 24 anos, desde que vostede goberna, a caída é do 60 % —isto é unha redución de 66.900 persoas—. E para o grupo de idade de entre 25 e 35 anos a caída é do 36 %; é dicir, 127.000 activos menos.

Polo tanto, a poboación activa entre os 16 e os 34 anos, que é o presente, pero é o futuro tamén, non soamente para efectos laborais senón tamén para efectos demográficos e de viabilidade do país, caeu en 210.000 persoas segundo datos da EPA actualizados neste primeiro trimestre do ano 2019.

A pregunta que cabe facerse é se con estes datos está xustificado que vostede deixe sen gastar 120 millóns de euros que estaban destinados a políticas de emprego. Esa é a pregunta que viñemos facerlle hoxe: ¿está xustificado que vostede deixe de gastar ese diñeiro? ¿Os datos que vostede deu son para vostede suficientes como para deixar sen gastar 120 millóns de euros?

Ademais, é que non son os únicos datos, esta non é unha situación puntual. O ano pasado, na execución orzamentaria do ano 2017, a situación era moi semellante; de feito, no ano 2018, en relación coa execución do 2017, empeoran algúns datos da execución. Empeora en 2018 a mellora do fomento da empregabilidade —pasou de executarse o 56 % ao 51 %—. Empeorou tamén en 2018 o diñeiro destinado para a FP de desempregados —do 49 % ao 48 %—. Iso si, melloraron vostedes —¡unha gran mellora!— a FP de ocupados, do 7 % ao 16 %; é dicir, a un ritmo do 7 % anual, tardaríamos doce anos en executar o 100 % do orzamento.

Mire, vou rematar simplemente facéndolle unha proposta. En relación con este diñeiro que vostede deixou sen gastar, 67 millóns de euros deses 120 están destinados directamente á FP para desempregados e para mellorar a ocupabilidade dos que xa o están. Hai dous sectores que están demandando, dentro do emprego industrial, a mellora das súas condicións laborais, e faise tanto na ría de Ferrol, na construción naval e na construción da eólica mariña, onde non hai persoal cualificado para atender as novas demandas do Estaleiro 4.0 e da eólica mariña, como no espazo de Vigo, da ría de Vigo, na área metropolitana, con todo o sector da automoción, que está demandando para o coche non tripulado, o vehículo autónomo, e o vehículo híbrido novas formacións en FP que non se están atendendo agora en tempo real. Propóñolle que dedique eses 67 millóns de euros da formación de FP de desempregados e ocupados para que poidan ser absorbidos por este mercado de traballo que non encontra agora profesionais pola súa falta de política de emprego.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta por parte señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Non tería prezo vostede como conselleiro de traballo. Por unha parte, di que destruímos emprego industrial e, por outra parte, di que non hai suficientes persoas para traballar no sector naval e no sector da automoción. ¡É sorprendente, señor Villares! ¡Ten vostede unha matrícula *cum laude* no ámbito do emprego! (*Aplausos.*)

Mire, señor Villares, a ver se se pon de acordo en algo; polo menos, que se poña de acordo consigo mesmo. Porque sería importante para avanzar e falar en serio dos temas serios de Galicia.

Fala vostede de que destruímos emprego industrial. O índice de produción industrial de Galicia no ano 2018, o último pechado, é o dobre de España, ¡o dobre de España! Respecto das exportacións das empresas galegas, levamos seis anos de récord histórico de exportacións; levamos ano tras ano incrementando as exportacións do ano anterior. E a nosa balanza de pagos ten superávit nos últimos catro ou cinco anos.

Señor Villares, temos un emprego industrial san, temos un crecemento san, temos unha economía sa e temos unhas exportacións históricas. (*Aplausos.*) Por iso, señor Villares, sorpréndeme que veña vostede dar aquí clases de emprego industrial.

Vén vostede outra vez confundir a xente —de forma intencionada, porque non pode ser vostede tan torpe— coa poboación activa. Di que o número de mozos ocupados diminúe. Claro, efectivamente, é que temos menos mozos en Galicia. E temos menos mozos en Galicia porque nacen menos mozos en Galicia, (*Murmurios.*) a pesar de que entran máis mozos en Galicia dos que saen. ¡Si, señor Villares! Sorprendentemente, aínda non se decatou. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Mire, señor Villares...,

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...¿como interpreta vostede que nos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...maiores de 35 anos haxa 87.600 ocupados máis?... (*O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Señor Lago, silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ... ¿Como interpreta vostede iso? ¿Como interpreta, señoría, que cando subimos dos 35 anos o número de ocupados se



incrementa en Galicia? Porque a poboación maior de 35 anos está crescendo e a menor de 35 anos está diminuindo. (*Murmurios.*) É por un problema de natalidade, non por un problema de emprego, señor Villares. Non siga intoxicando, porque despois queda vostede intoxicado.

Mire, os indicadores: taxa de emprego de 16 a 64 anos en Galicia, 63,8 cando tomei posesión no ano 2009 e 63,8 no primeiro trimestre do ano 2019, exactamente a mesma; taxa de actividade de 16 a 64 anos —taxa de actividade—, 72,6 co Bipartito e 72,9 agora, a pesar de dez anos recesión. ¡Pero que tipo de leccións pretende dar vostede sobre emprego, sobre produción industrial, sobre empregos industriais, cando non hai un só indicador que estea por debaixo da situación que herdamos a pesar de xestionar a maior recesión económica que nunca xestionou esta autonomía!

Mire, non me fala vostede do emprego feminino. Iso non lle interesa hoxe porque non estamos en marzo. Cando chega marzo, falamos do emprego da muller, e cando chega o mes de maio falamos doutra cousa. Hoxe en Galicia hai máis mulleres afiliadas á Seguridade Social que nunca, ¡que nunca, señoría!, (*Aplausos.*) ¡que nunca na historia de Galicia! Iso é política de igualdade, señor Villares, iso non é utilizar as mulleres para facer política, isto é traballar á disposición de todas as galegas e de todos os galegos en Galicia.

E, por último —non lle contestei ao principio porque me parecía impropio—, segue vostede co tema da execución orzamentaria, outra máis, ¡outra máis! Resulta que somos das comunidades autónomas que mellor executamos os fondos de emprego de España, e resulta que, como consecuencia de que executamos máis que os demais os fondos do emprego, nolos incrementa o Goberno socialista un 8,7 %, porque somos das comunidades que mellor executamos os fondos de emprego. Andalucía non executa fondos de emprego, xa executou os suficientes cos ERE falsos da Comunidade Autónoma. (*Murmurios.*)

Pero, mire, non soamente executamos os fondos de emprego, senón que, sobre o presuposto inicial, aínda cos remanentes do exercicio seguinte, temos 317 millóns de euros de presuposto...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...no ano 2018. ¿Sabe cantos executamos? O 84,54 %. ¿Parécelle a vostede que executar o 85 % dun presuposto en materia de emprego, no que hai que esperar a subvencións, hai que esperar á acreditación dos programas, é pouco? Somos das comunidades autónomas que mellor executamos os fondos de emprego.

Señor Villares, mire como mire, hoxe temos menos paro que no ano 2009, somos unha comunidade autónoma por riba da media do Estado en taxa EPA, somos a comunidade autónoma que máis baixou o paro no ano último, nos últimos doce meses...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...temos máis de 21.000 afiliados á Seguridade Social e, efectivamente, señor Villares, empezamos a ter carga de traballo, por fin, no sector naval. E agora a xente no sector naval...



O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...ten que traballar pola noite.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente, terminou o seu tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Estamos facendo máis coches ca nunca, e espero no próximo ano superar os...

O señor PRESIDENTE: Señor presidente, grazas...

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...500.000 vehículos en Vigo.

Máis nada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o cumprimento do mandato do artigo 5.3 do Estatuto de autonomía de Galicia coa política lingüística do Goberno galego

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día.

«Os poderes públicos de Galiza garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas, potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.»

Isto que lle acabo de ler, señor Feijóo, non é o programa do BNG, é o que di o Estatuto de Galiza. E vexamos o que leva feito vostede para cumprir o que é a súa obriga, cumprir o Estatuto de Galiza: suprimiu a proba de galego no acceso á función pública; incumpre o Plan xeral de normalización lingüística; reduciu a presenza do galego no ensino e prohibiu o seu uso nas matemáticas e na ciencia; excluíu o galego do 92 % das escolas infantís das cidades; implantou un programa na Xustiza que impide o uso do galego na Administración da mesma; cargouse a oferta para público infantil e xuvenil da TVG; reduciu máis dun 50 % o apoio ao sector do libro e reduciu drasticamente os orzamentos de normalización lingüística, só lle dedica 8 millóns de euros, tres veces menos que hai dez anos.

E poderíalle seguir así durante os tres minutos, relatando recortes e medidas contra o galego. A súa política lingüística resúmese nunha gran mentira: a imposición do galego. Aí si que foi vostede un precursor das *fake news*. Non se falaba delas e xa estaba vostede de avanzadilla.



E, por se alguén tiña algunha dúbida, podemos ver que é o que dicía o seu programa nas pasadas eleccións. Non sei se o lembra. Se quere, recórdollo: «*La única lengua cuyo conocimiento será un requisito indispensable para el acceso a un empleo público será el castellano. Las lenguas cooficiales podrán considerarse un mérito, nunca un requisito*». Por certo, señor Feijóo, esta é unha proposta que vostedes comparten con Ciudadanos e a extrema dereita.

Pero teño que confesarlle unha cousa. Despois do pasado sábado, ese sábado que podemos chamar como «o sábado do perdón na carballeira do Pino», quizais temos algún motivo para pensar que pode cambiar. Fixo alí un acto de contrición e proclamou que desde ese momento o PP abandona o pensamento único, abandona a intransixencia e agora son de centro.

Si, a dúbida, en todo caso, é se ese acto de contrición tamén inclúe rectificar a súa política contra o galego. Por iso é, señor Feijóo, se esa viraxe ao centro implica tamén abandonar a intransixencia contra o galego e se empeza a cumprir as leis, o Estatuto, a Lei de normalización lingüística ou a Carta europea das linguas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Comprenderá, señora Pontón, que respecto da intransixencia e do pensamento único eu non lle podo aportar nada. (*Risos.*) (*Aplausos.*) Teñen vostedes o monopolio da intransixencia e do pensamento único. Pero hai que recoñecer que, dende esa intransixencia e pensamento único, vostede hoxe me alegrou a mañá, porque fala de cumprir o Estatuto de autonomía, que é unha lei orgánica que sae da Constitución española. É unha lei orgánica que todos prometemos ou xuramos cumprir e facer cumprir. E hai algúns, coma vostede, que non, que o fan por imperativo legal. Nós, por convicción. Nós cremos no Estatuto de autonomía e aplicámolo por convicción. (*Aplausos.*) Vostede di que vai aplicar o Estatuto de autonomía por imperativo legal.

En todo caso, hai que recoñecer, señora Pontón, que é un avance que vostede me fale de cumprir o Estatuto de autonomía, porque niso —¿que dúbida cabe?— tamén me fala de que vostedes están pensando en cumprir a Constitución. Se persevera na liña de cumprir o Estatuto de autonomía, igual superan nas próximas eleccións os votos de Vox nas últimas eleccións xerais.

Mire, ademais do artigo 5.3 que vostede me leu, ¿que lle parece se lemos o artigo 5 completo?

Artigo 5.1: «A lingua propia de Galicia é o galego». Artigo 5.2: «Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar». E «ninguén pode ser discriminado por causa da lingua», artigo 5.4.

Señora Pontón, ¿por que le un parágrafo dun artigo e non le o artigo completo? Están aquí rapaces dun instituto. Sería bo, señoría, que leramos os artigos completos. (*Aplausos.*)



Mire, ¿que pasa?, ¿non lle preocupan o resto dos apartados? ¿Non lle preocupa a vostede recoñecer que Galicia é un territorio, unha comunidade, unha nacionalidade histórica, bilingüe e que os idiomas non son un problema, senón que son unha riqueza?

Mire, non esqueza vostede que todas as leis que protexen o galego foron ditadas por un goberno do Partido Popular: a Lei de normalización lingüística, do ano 1983, co Partido Popular e con acordos incluso con forzas nacionalistas; e a Lei da lusofonía, a Lei 1/2014, cun goberno do Partido Popular do que me honro en formar parte. Por iso, señoría, me sorprende que vostede me fale disto. É coma, efectivamente, unha destas noticias falsas. Di que non pedimos o galego para acceso á función pública, e queda tan ancha. (*Murmurios.*) É dicir, que os profesores non necesitan aprobar o galego, e queda vostede tan ancha, que os funcionarios non necesitan coñecer o galego para traballar na Administración pública, e vostede senta e segue con isto. Pero, en todo caso, eu agradézolle a pregunta, porque así podo responderlles á vez a vostede, a Vox e a Ciudadanos. (*Risos.*) (*Murmurios.*) Porque, mire, se estiveramos a gravar esta intervención e llela mandáramos aos dirixentes do resto dos partidos políticos que din exactamente o contrario, quedaría todo aclarado en Galicia. É certo que Vox e Ciudadanos din exactamente o contrario do que di vostede, e vostede di o contrario respecto do que me acusan Vox e Ciudadanos. Pero o certo e verdade é que coinciden nalgunhas cousas: inventan a realidade de Galicia, que non lle gustamos á maioría dos galegos como somos e que os seus votos soamente son útiles ao Partido Socialista Obreiro Español. É sorprendente, señoría. Mire non imos pedir permiso nin a Vox nin a Ciudadanos nin ao BNG para falar español e para falar galego en Galicia. (*Aplausos.*) Non se preocupe que non vai ser isto necesario, señora Pontón. Mire, Galicia é constitucionalmente unha comunidade autónoma bilingüe...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...non imos renunciar a ningunha das nosas linguas. E por iso, señora Pontón, apunte: fronte á imposición, liberdade; fronte á ignorancia, coñecemento; e fronte ao monolingüismo, bilingüismo.

Moitas grazas, señorías. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor presidente.

Réplica da señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, para estar vostede tan centrado, véxoo un pouco obsesionado con Vox, ¿non? Fala de Vox, Vox, Vox..., señor Feijóo. (*Aplausos.*) (*Fortes murmurios.*). E, a verdade, imaxino que, despois de ter avalados os pactos coa extrema dereita —porque os avalou vostede ata neste Parlamento—, chamará directamente ao seu homólogo de Andalucía para que rompa os seus pactos, porque parece o único coherente. En todo caso, alégrome de que superemos o argumento do Bipartito e agora teñamos o argumento de Vox.

O que vemos é a vostede fuxindo da realidade e manipulando, ¿ou acaso non foi, señor Feijóo, unha das súas primeiras medidas, cando chegou á Xunta de Galiza, cambiar a Lei de función pública para suprimir unha proba de acceso en galego? Porque iso é o que eu dixen. É que vos-



tede é un manipulador, e non deixa de manipular e manipular sempre todas as palabras. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, efectivamente, por isto ten... Claro que si, por iso están os traballadores dos medios públicos todos os venres desde hai un ano nas portas, para denunciar a manipulación á que someten os medios públicos deste país. (*Aplausos.*)

E a min non me van poñer unha mordaza (*Balbordo.*), non me van poñer unha mordaza por moito que queiran os señores e señoras do Partido Popular. (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

A señora PONTÓN MONDELO: Molestoulle ao señor Feijóo que o citara. En fin, señor Feijóo, vostede este sábado, nese sábado do perdón na carballeira do Pino, dixo exactamente que o PP abandonaba o pensamento único e a intransixencia. En fin, se agora tamén se desdía... É o normal en vostede, tampouco me sorprende.

En todo caso, falounos de cumprir a lei e de cumprir o Estatuto. E eu creo que vostede non sei se o xura ou non, ou se o promete, por convicción. Nos pactos con Vox non sei onde queda esa convicción estatutaria cos que querían suprimir o Estatuto. Pero, en fin, eu linlle o que di o Estatuto de Autonomía. E vostede sabe, igual que sei eu, que o problema que hai neste país é que hai moitísima xente que cando a discriminan é cando utiliza o galego. E vostede mira para outro lado e é cómplice. (*Aplausos.*) E é tan cómplice, señor Feijóo, que no seu currículo está ter sido o presidente que máis atacou a lingua galega. E non só atacou a lingua galega. É un dos responsables do retroceso que se está producindo da nosa lingua propia. Porque, mire, sempre se falou máis galego que euskera. Pero ¿sabe cal é a diferenza que hai hoxe entre o galego e o euskera? Que, mentres o euskera avanza, o galego é a única lingua do Estado que perde falantes. E isto é responsabilidade directa súa. (*Murmurios.*)

Mire, a propia Real Academia, nun dos seus últimos informes, di que o Decreto do plurilingüismo crebou a tendencia de mellora da presenza do galego nas aulas e do seu uso formal e informal. A RAG di que a poboación co galego como lingua inicial caeu 20 puntos en só dúas décadas no país. Afirmo que a involución sufrida desde o 2010 sitúa a presenza do galego na escola nos índices dos noventa, vinte anos de retroceso. E os propios estudos oficiais que fai o Instituto Galego de Estatística...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...supoño que o coñece, señor Feijóo, din que hoxe hai un 22 % de rapaces e rapazas en Galiza que afirman non saber nada ou case nada falar en galego.

Non sei se sabe o que di a Lei de normalización lingüística. Se quere, un día quedamos para lela artigo por artigo. Eu hoxe voulle dicir o mandato que establece no artigo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...—e remato, señor presidente— (*Murmurios.*)



O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora PONTÓN MONDELO: Se me permiten os deputados e deputadas... (*Murmurios.*) (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

Si, remate, por favor.

Siga.

A señora PONTÓN MONDELO: Artigo 14.3: «As autoridades educativas da Comunidade Autónoma garantirán que, ao remate dos seus ciclos no que o ensino galego é obrigatorio, os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán». O Instituto Galego de Estatística di que vostede o está incumprindo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: E nós o que lle pedimos é que derroque...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO:...o decreto, agora que está centrado... (*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Terminou o seu tempo.

Grazas, terminou o tempo.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Con moito gusto, señoría.

Eu agradezo que lea vostede unha lei aprobada polo Partido Popular de Galicia, a Lei de normalización lingüística. Sorpréndeme que discuta vostede un decreto tamén aprobado por un goberno do Partido Popular de Galicia que foi sancionado por todas as instancias xudiciais que existen, ¡todas!, polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza e polo resto de instancias nacionais e incluso internacionais.

Fala vostede da Real Academia Galega. Pois estamos de acordo. Cito: «A vitalidade incuestionable do galego: o 73 % da poboación usa habitualmente o galego». O 73 % úsao habitualmente.

Seguimos falando dese informe, que vostede non quere ler. Porque le un parágrafo do informe pero non le o informe completo. É a mesma trampa que fixo co Estatuto, le un parágrafo dun artigo e non le o artigo na súa totalidade.



Mire, di: «Nivel de comprensión oral practicamente total; nove de cada dez considéranse capaces de falalo; oito de cada dez, capaces de lelo; e seis de cada dez, capaces de escribilo». É unha boa nova —di a Real Academia—.

Se quere vostede ir ao INE... Fálame vostede do Euskera. Mire, en Galicia o 89 % dos galegos coñecemos o galego; en Cataluña é o 85 % os que coñecen o catalán; e en Euskadi, o 55 %, (*Fortes murmurios.*) ¡o 55 %, señoría! ¡Como que antes, señoría! Estou dando os últimos datos do Instituto Nacional de Estatística. ¿Era antes? ¿Antes de que? ¿Antes de que gobernase o PP ou despois e durante o tempo que gobernou o PP, se levamos gobernando en Galicia —porque os galegos así o deciden— durante bastante tempo? (*Aplausos.*)

O IGE, señoría, imos ao IGE 2015. Di que, dende que chegamos o PP, non sabemos falar galego. Moi ben, pois no ano 2008, cando estaba o Bipartito, sabía falar galego o 96,8 %; e no ano 2013, o 97,4 %. Dende que estamos nós, dende o ano 2009 un 1,7 % máis. Que saiban escribir o galego, cando estaba o Bipartito, o 81 %; agora, o 83,5 %.

E di que quere quedar vostede para ler. Leamos, señora Pontón, pero, se lle parece, ¿por que non vimos lidos a esta Cámara e así podemos seguir avanzando nas conclusións axeitadas?

Pregúntame vostede sobre determinados partidos políticos. Mire, señoría, se algunha vez eu tivera que compartir unha papeleta do meu partido con Esquerra Republicana de Cataluña e con Bildu, non daría leccións de moderación a ninguén. (*Aplausos.*) ¡A ninguén, señora Pontón! Non hai nada máis antigalego que pedir un voto en nome de Galicia para Bildu e Esquerra Republicana de Cataluña. (*Aplausos.*) Non hai nada máis antigalego na historia de Galicia.

Vostedes pedían antes o voto, en nome dos galegos, para o PNV e Convergència i Unió. Xa sabe o que pasou con Convergència i Unió. Pois ben, agora piden o voto para Bildu (Batasuna) e Esquerra Republicana de Cataluña, e vén vostede dar leccións de moderación. Pero si é evidente que vostedes coinciden en moito con Vox. Ademais de ter os mesmos votos en Galicia, teñen moito en común. Vostedes e Vox pasan todo o día criticando o Partido Popular de Galicia. Non queren uns a nación española —vostedes—, e eles non queren a autonomía de Galicia. Uns din que España nos rouba e outros din que as autonomías nos rouban, fíxense na coincidencia. Outros empregan a Constitución en función de cando lles interesa, á conveniencia. Uns din que hai unha lingua que está discriminada e castigada por Feijóo, e aí coinciden plenamente. Efectivamente, os do BNG din que hai unha lingua castigada e perseguida por Feijóo e os de VOX din que hai unha lingua castigada e perseguida por Feijóo. O que pasa é que vostedes din que é o galego e os de Vox, o español.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Deberían, polo menos, de non coincidir tanto, porque, se non, dáme a sensación de que os galegos, intelixentes, lles dan os mesmos votos a Vox que ao BNG.

E iso é malo para Galicia, señoría. Non se pode impoñer o monolingüismo español nin o monolingüismo galego. Pódolle asegurar que iso é un grave erro.



O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, iso si, todos coinciden en que tanto Vox como o BNG son firmes aliados dun goberno do Partido Socialista Obreiro Español. Iso non hai quen o poida discutir. *(Murmurios.)* Non leve as mans á cabeza, gobernan en todas as institucións co PSOE, señoría. *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

Grazas, presidente. Terminou o seu tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¡Si, os do BNG, os do BNG! E ¿sabe por que non gobernan en máis? Porque o Partido Popular saca maioría absoluta.

Máis nada e moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! *(A señora Pontón Mondelo pide a palabra.)*

¿Para que quere a palabra, señora Pontón?

A señora PONTÓN MONDELO: Con base no artigo 76.3. Quen goberna con Vox é o Partido Popular, señor presidente... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Non ten a palabra.

Non consta... Non, non... *(Fortes murmurios.)*

Señores deputados e señores portavoces, isto é confrontación política. *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, señor Losada, vostede non entre nesta cuestión. Iso é confrontación política. Non houbo insulto a ninguén. *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Silencio!

Terminou o seu tempo. Señor Losada, terminou o seu tempo. ¡Confrontación política! *(Fortes murmurios.)*

Señor Losada, ¡por favor!, que está vostede xa nos últimos plenos, ¡por favor! ¡Silencio! *(Risos.)* ¡Un pouco de calma, un pouco de tranquilidade! ¡Vamos ir con calma!

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o balance das políticas do Goberno galego en materia de equilibrio territorial

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señor Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Señor Núñez Feijóo, o punto 9 do seu contrato con Galicia do ano 2009 titúlase «equilibrio territorial». Dez anos despois, o resultado da súa acción



de goberno é que os desequilibrios internos en Galicia non fixeron máis que aumentar. O último informe do Instituto de Estudos do Territorio, que depende de vostede, así o acredita. Di que hai unha Galicia, digamos, en marcha lenta, pero hai unha Galicia en marcha atrás. E eu quero falarlle desta última.

Temos 28 comarcas que viron nos dez anos do seu mandato —en media— caer a poboación un 15 % —de todas as provincias—. Pero algunhas comarcas, singularmente na provincia de Ourense —a Terra de Caldelas— ou en Pontevedra —A Paradanta—, perderon nestes dez anos un 30 % da súa poboación, ¡un 30 %, señor Núñez Feijóo!

Esta Galicia baleirada —imos sumarnos á moda—, que está posta en perigo polas súas políticas, ten ademais un futuro extremadamente complicado. As proxeccións do Instituto Galego de Estatística, que depende da Xunta, indícanos que nos próximos quince anos vai perder o conxunto destas provincias, destas comarcas, un 20 % da súa poboación adicionalmente. Pero algunhas, como Viana, A Baixa Limia, Celanova, Ancares, Ortegá, a Terra de Soneira, bastante máis dese 20 %.

E é unha Galicia de persoas maiores, de pensionistas, onde o número de cotizantes á Seguridade Social é menor ou igual ao número de pensionistas. É unha Galicia que ten vinte puntos de distancia en renda en relación coa media galega —en renda por habitante—. E que perdeu con vostede nestes anos o triplo de empregos que a media de Galicia, ¡o triplo! Nesta Galicia apenas nacen nenos: na Terra de Caldelas, dez no último ano; na Terra de Trives ou na comarca da Fonsagrada, catorce —un pouquiño mellor—. E, cando nacen, poden ver que algunhas escolas se pechan e teñen máis dificultades para escolarizarse; que, cando teñen que ir ao instituto, teñen dificultades de transporte escolar; que, para socializarse no ocio das cidades, os servizos urbanos están demasiado lonxe e carecen do transporte adecuado; que, cando chegan á idade adulta, non teñen posibilidade de atopar emprego nesas zonas, ou, se queren emprender, saben que teñen dificultades de infraestruturas de comunicacións, que a wifi non funciona, que hai dificultades para atopar profesionais especializados nesas áreas. E incluso a reordenación das áreas sanitarias, que vostedes aprobaron hai pouco tempo, introduce incerteza sobre a calidade dos servizos sanitarios nos próximos anos. Realmente, señor Núñez Feijóo, en moitas comarcas a única industria que funciona ben é a industria dos tanatorios.

E esta descrición apresurada coincide coa que fai o Instituto de Estudos do Territorio na última avaliación das directrices. Vostede vaimos dicir que está facendo o posible, que baixa os impostos, que pon en marcha algunhas medidas. Nós non nos opoñemos a mellorar as condicións tributarias desta Galicia baleirada. O que lle dicimos é que non é suficiente. Nós preferimos mirar os resultados, e os resultados son elocuentes. Nin o Plan Impulsa Lugo, ou Impulsa Ourense, que vostede impulsou no seu momento, deron resultados. ¿Temos hoxe un balance dos mesmos? ¿Pode dicirnos algo disto? Nin os préstamos do Igape chegan a empresas radicadas nestas áreas. ¿Cantos préstamos do Igape nos últimos tres anos lles deron a empresas nestas áreas? Nin os investimentos públicos da Xunta de Galicia teñen un destino preferente nestas provincias. E, se quere, falamos dalgún dato despois.

Fai falla decisión e perseverancia, fai falla planificación —díno o Instituto de Estudos do Territorio— e profesionalidade, fai falla situar os servizos básicos, as infraestruturas...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...o investimento público, o apoio ás iniciativas emprendedoras, a atracción de investimentos, no corazón da política de reequilibrio territorial en Galicia.

Non é imposible revertir a situación a medio e longo prazo. Hai que ser modestos, pero é posible revertir a situación. Algúns territorios europeos conseguírono. Só lle pido que abandone aquelas políticas que son pouco eficaces, que aprendamos do que fan outros territorios e que poñamos en marcha isto en Galicia, porque esta Galicia en retroceso non pode...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...perder, sobre todo, a esperanza. Temos que darlle a esperanza para poder ter unha Galicia completa no futuro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Leiceaga. Moitas grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor Leiceaga. Agradezo a súa exposición.

É certo que me resulta curioso que un membro actual do Partido Socialista fale de equilibrio territorial. Supoño que isto pode ser o inicio dun cambio das políticas do Partido Socialista, no caso de conformar goberno en España. Porque, realmente, que un socialista sensato coma vostede fale de equilibrio territorial dende as bancadas do Partido Socialista é, cando menos, sorprendente.

Permítame que lea as manifestacións do número dous do Partido Socialista: «*El gobierno reconoce y revierte el déficit de infraestructuras de los últimos años*». Pensabamos que iso ía vir cara ás comunidades do noroeste, ou cara a Aragón, ou cara a Asturias, ou cara a Cantabria ou Castela. Non, e engade: «*La inversión real prevista para Cataluña crece un 57 % y supera los 1.875 millones de euros*» —fin da cita—. Resultado: incremento de investimento en Cataluña, 60 %; diminución de investimento en Galicia, 30 %.

Seguimos. Por cumprir os compromisos co Goberno central como comunidade autónoma solvente e ter que cumprir a regra de gasto e, en consecuencia, deixar de gastar 130 millóns de euros, a resposta foi: Non o poden vostedes gastar, ou —o que é aínda máis sorprendente—, nin lle contesto.

Trouxemos unha lei a esta Cámara e o que é sorprendente é que forzas nacionalistas, forzas que din que queren ter representación no Goberno de España, e o Partido Socialista non votan a favor, absteñense. Coas abstencións non se aproban as leis, señorías.



¿Vostedes abstéñense para que Cervo, A Fonsagrada, Foz, Verín, O Barco ou O Carballiño non teñan colexios novos, colexios modernizados, máis equipamentos, máis servizos sociais e máis sanidade?

Pero, por último, o reequilibrio territorial consiste en subir os impostos ao 85 % dos galegos a través do diésel. O 85 % dos galegos teñen coche diésel. Supoño que non será porque están ricos, señoría, senón porque non poden comprar un coche de gasolina; sobre todo non o poden manter. Iso si, o número dous do Partido Socialista sinala: O que se opón a esta subida de impostos quere cargarse a democracia.

Pois ben, agora parece ser que o Partido Socialista vai rectificar. ¡Benvido, señor Leiceaga á rectificación! Pero, mire, dende que son presidente, ano tras ano o presuposto da Xunta de Galicia é maior en Lugo e en Ourense que nas provincias atlánticas. Permítame darlle os datos do último. Lugo e Ourense teñen un investimento per cápita cun 28 % por riba da media; o maior aumento de gasto per cápita, en Lugo e en Ourense —en Lugo, un 7 %, e en Ourense, un 7,7 %—. Lugo e Ourense teñen o 30 % do total do presuposto, e, sen embargo, teñen o 24 % da poboación.

Seguimos. Dos 221 quilómetros que fixemos de vías de alta capacidade, a metade, para Lugo e Ourense, co 24 % da poboación. Casas niño: 61 casas —e chegarán a 77 en funcionamento— para concellos de menos de 5.000 habitantes. O Partido Socialista nin sabía o que era iso. Casas do maior para concellos de menos de 5.000 habitantes: as 30 primeiras foron adjudicadas. «Aprol rural», para concellos de menos de 5.000 habitantes.

Fálame vostede dos temas sanitarios. Equipamos na súa totalidade o hospital de Lugo e puxemos especialidades que non tiña. Fixemos un novo edificio de hospitalización en Ourense en plena crise económica. Temos o compromiso de 15 millóns de euros en Monforte, o incremento do hospital de Verín e das súas instalacións, e no Barco.

E fálame vostede de tecido produtivo. Mire, o 61 % dos concellos de Lugo e Ourense son concellos emprendedores. E, efectivamente, xa o sabía vostede, xa dicía: Non, é que me vai falar vostede de impostos. Claro, no rural non se pagan impostos por primeira vez na historia de Galicia, (*Aplausos.*) e por primeira vez no conxunto do Estado das autonomías; 53.000 galegos non pagaron impostos, señoría.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Comprenderá que, se o Goberno central, o Goberno autonómico, as deputacións e os gobernos locais tomaran en serio o problema de despoboamento de Lugo e Ourense, que ese é o verdadeiro problema, o despoboamento de Lugo e Ourense —e vostede sábeo moi ben—, teríamos unha Galicia máis equilibrada.

Agora, non conte comigo para dicir que o problema está solucionado. Pero gustaríame saber cales son as súas propostas para solucionalo, ¿incrementar un 60 % de presuposto a Cataluña e diminuír un 30 % a Galicia? É unha proposta que debe de corrixir, señoría. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, rematou o seu tempo.

Réplica do señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Si, permítame facer «un Feijóo». Estou sorprendido, señor presidente, da súa resposta. (*Risos.*) E estou sorprendido da súa resposta porque entendo, pola primeira parte, que en realidade xa empeza a xogar na política española e que quere confrontar co señor Ábalos directamente. Pero para iso terá que ir ao Senado vostede nos próximos meses. (*Aplausos.*)

Renunciar a ser presidente da Xunta de Galicia pois ten tamén algunhas consecuencias. E as consecuencias son que vostede renunciou a falar practicamente do que está sucedendo en Galicia nestes anos. Non me diga agora: Non, non, é que o problema é o despoboamento. ¡Claro!, iso é o que lle estaba dicindo eu xustamente. Cando falamos de que cae a poboación nun 20 % ou nun 30 %, ¿de que estamos falando, señor Feijóo? Estamos falando fundamentalmente, fíxese, non tanto do crecemento vexetativo —que é negativo— como de que a xente marcha destas comarcas, e marcha porque non hai emprego. E esa é a cuestión central. ¿Que políticas teñen vostedes para promocionar o emprego que funcionen?

Vostede dime: Facemos unha cantidade de cousas impresionantes. Perfecto, ¡pero non funcionan! E nisto non podemos esperar, como Deng Xiaoping, a que pasen douscentos anos para reverter a situación. Era o que opinaba el da Revolución francesa, que douscentos anos despois aínda non estaba en condicións de avaliala. Non podemos esperar tanto, señor Feijóo. E vostede estanos propoñendo algo así. Porque pasaron dez anos do seu goberno; e, despois de dez anos, é hora de facer un pequeno balance.

Mire, en Lugo, xa que vostede fala de Lugo, os investimentos —non o gasto, os investimentos—, que é o discrecional da Xunta, ¿sabe canto fixeron nos últimos tres anos —de acordo con Seopan—? Foron 49 millóns de euros, que son aproximadamente 50 euros por habitante e por ano. A media en Galicia da Xunta de Galicia está en 90. Estes son os datos que vostede ten que revisar se quere empezar a cambiar a dinámica territorial en Galicia.

E ¿que lle propoño eu? Pois é bastante fácil. Eu creo que a situación pode corrixirse. Temos que aprender daqueles lugares onde empezaron a cambiar nas últimas décadas, por exemplo das *highlands* de Escocia, do modelo escocés. Hai unha axencia especializada que planifica, que concentra a actuación pública, que incorpora as universidades e que incorpora outras institucións —aquí terían que ser seguramente as deputacións e outras— para facer unha aposta a medio e longo prazo, profesionalizada, competente e que oriente todos os recursos nesa dirección.

E, fíxese, nós hai uns meses, case un ano, propuxemos nesta Cámara aplicar a iniciativa territorial integrada, que é un instrumento da política europea neste sentido. Vostedes votaron a favor, pero un ano despois non hai nada. Imos volver traela a este Pleno nas próximas sesións para poder ver onde se sitúan e, sobre todo, para avaliar que pasa cando se aproban iniciativas nesta dirección.



Señor Núñez Feijóo, non podemos quitarlle a esperanza do futuro aos que viven nesta Galicia de retroceso, nesta Galicia baleirada. Hai que conseguir inverter a dinámica.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: E, para inverter a dinámica, quen ten a chave, quen pode prender a mecha, é a Xunta de Galicia. Necesitamos tamén que despois responda a iniciativa privada, pero vostede ten a chave para poder iniciar ese proceso. Póñao en marcha e consígaos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿Vostede cre, señor Leiceaga, que falar dos presupostos do Estado e do trato do Partido Socialista nese intento de presupostos do Estado, cunha diminución do 30 % da infraestrutura, non é correcto? Nunha sesión de control o presidente da Xunta móstrase indignado coa política presupostaria do Partido Socialista Obreiro Español, si, señoría. (*Aplausos.*) E móstrase indignado de que nos leven tomando o pelo, dende que chegaron, co tema do diésel. E móstrase indignado de que nos leven tomando o pelo co tema de Alcoa, señor Leiceaga. Alcoa é máis do 24 % do produto interior bruto de Lugo.

¿A vostede parécelle normal que esteamos agora falando de Alcoa, cando levan vostedes dez meses mareando a perdiz, cando perdemos os empregos na Coruña e cando non temos posibilidade de mandar unha mensaxe a 1.200 familias na provincia de Lugo?

¿Parécelle normal a decisión da industria forestal galega, onde hai 200.000 persoas que non saben a quen vender a madeira? ¿Parécelle que isto fala ben do equilibrio territorial que vostede me propón agora en serio? ¿Cre que vostede ten lexitimidade para falar de equilibrio territorial cando resulta que todos os bosques galegos neste momento están ameazados por esa broma que resulta que vostedes queren capitanear?

Pero, señor Leiceaga, con todo o respecto que sabe que lle teño, mire, dende que son presidente da Xunta —non o digo eu, dío o INE— deuse a maior converxencia en renda da historia da comunidade autónoma. Pero non só da historia desta comunidade autónoma, senón que Galicia é a primeira comunidade autónoma onde máis se incrementou a riqueza por habitante de toda España, (*Aplausos.*) ¡de toda España!, señor Leiceaga. E non o digo eu, que o di o Instituto Nacional de Estatística. Polo tanto, dicir que non temos políticas económicas pois é algo sorprendente.

Mire, señor Leiceaga, en Rozas, Lugo, 160 millóns de mobilización da industria aeronáutica. Un gasoduto na Mariña para manter Alcoa —65 millóns de euros—. Directrices enerxéticas: 18 parques eólicos, 5.000 empregos —o 75 % na provincia de Lugo—. Centro de Innovación de Formación Profesional: coma sempre, en Vigo imposible; en Ourense, 10 millóns de euros.



En infraestruturas viarias, digan o que digan, señoría, teño a relación de todas as infraestruturas que fixemos: 210 quilómetros —a metade en Lugo e en Ourense—. Neste momento en Ourense está a conexión co polígono de San Cibrao —22 millóns de euros—, finalizado o próximo ano. E a autovía Lugo-Sarria, señoría, imos desdobrala, e imos licitar a obra na segunda metade do ano 2019.

Hai algunha deputada nas súas bancadas que fala de autovías. É curioso, señoría, non fixeron outra cousa que paralizalas todas (*Murmurios.*) Levan paralizando Lugo-Ourense e Lugo-Santiago dende que chegaron ao Goberno, e agora fálanos de leccións de equilibrio territorial en materia de infraestruturas, tamén.

Mire, señoría, o ecobarrio en Ourense espero que non o pare o Ministerio de Transición Ecolóxica, porque estaba comprometido. Son 20 millóns de euros e 300 postos de traballo.

Viveiros industriais: cinco dos sete viveiros industriais, en Lugo e en Ourense.

Señorías: 26 millóns de investimento de Coren, 15 millóns de investimento de Entrepinares en Vilalba, 120 millóns de euros en Curtis para unha planta de biomasa, 100 millóns de euros en Curtis para unha planta de transformación de leite...

Mire, ¿de verdade que vostede vai seguir falando de equilibrio territorial e vostede non me vai axudar a solucionar o problema de Alcoa co seu goberno?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿De verdade que vostede me vai falar aquí de equilibrio territorial e non van buscar vostedes unha solución para toda a riqueza forestal que temos en Galicia, co 50 % do total de cortas de España?

¿De verdade, señoría, que vostede vai falar de equilibrio territorial no ámbito da sanidade e resulta que non vale nin un só hospital de Galicia para ser un hospital de referencia de terapias do cancro, de terapias Car-T? ¡Nin un! Propuxemos o da Coruña, o de Santiago e o de Vigo, a elixir. ¡Nin un! E ¿onde van? Onde sempre, a Cataluña e Valencia, (*Murmurios.*) Valencia e Cataluña; e Galicia, cero.

Fala vostede de equilibrio territorial sanitario e, para unha das poucas competencias que ten o Goberno central, o que fai é apartar a Galicia de forma continuada no ámbito da industria electrointensiva, no ámbito da industrial forestal, no ámbito das infraestruturas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente, rematou o seu tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Fala vostede de equilibrio territorial. ¿Comprométese comigo en cumprir o compromiso do AVE a Lugo?, ¿sí ou non? Iso é equilibrio territorial, señor Leiceaga, iso é equilibrio territorial. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, rematou o seu tempo.



Continuamos coa orde do día, con proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de garantir o abastecemento de auga á poboación diante de posibles situacións de seca

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e do Grupo Parlamentario de En Marea.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Vilán Lorenzo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 48340).

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia, cos obxectivos de paliar os efectos da seca e das inundacións e acadar o bo estado ecolóxico e a axeitada protección das augas da demarcación hidrográfica Galicia-Costa, a satisfacción das demandas de auga, o equilibrio co medio ambiente natural, os caudais e as demandas ambientais, ao seguinte:

- 1. Cumprir escrupulosamente a Directiva Marco da Auga, do ano 2000.*
- 2. Promover un uso sostible das masas de auga.*
- 3. Garantir, xunto coas entidades locais, o subministro de auga en cantidade e calidade axeitadas.*
- 4. Recuperar os sistemas nos que a presión sobre o medio hídrico teña producido un deterioro, protexendo e mellorando o medio acuático e reducindo a contaminación.*
- 5. Propiciar a reutilización das augas residuais debidamente depuradas.*
- 6. Analizar os efectos económicos, sociais, medioambientais e territoriais da auga, procurando a recuperación de custes ao beneficiario.*
- 7. Elaborar e traer ao Parlamento, antes de que remate o ano 2019, un informe sobre transición hidrolóxica no que se inclúan unha auditoría hidrolóxica e, como mínimo, as seguintes medidas de consumo responsable:*
 - 1ª Xestión da contorna das correntes de auga.*
 - 2ª Contra a contaminación e a sobreexplotación dos acuíferos,*
 - 3ª Respecto dos caudais ecolóxicos.*



4ª Xestión do uso diario da auga de consumo, comezando polos edificios públicos.

5ª Sectorización das redes de abastecemento, incluídas técnicas en busca de fugas.

6ª Regulación da presión da rede en función da demanda.

7ª Priorización dos procesos de potabilización.

8ª Elaboración de campañas de aforro e eficiencia no consumo de auga.

8. Prestar todos os medios técnicos e persoais dispoñibles para que os concellos, previo acordo coa Fegamp e coas deputacións de Galicia, elaboren plans de emerxencia ante situacións de seca.

9. Incluir todo o anterior no proceso de revisión do Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa 2015-2021, en concreto, nos traballos do terceiro ciclo de planificación hidrolóxica correspondentes ao período 2021-2027.

10. Establecer unha partida orzamentaria específica para o cumprimento dos anteriores puntos»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 48340).

Emenda de substitución.

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Dar cumprimento aos acordos parlamentarios a respecto do desenvolvemento do pacto local da auga, en especial das medidas relacionadas coa priorización dos investimentos en materia de obras hidráulicas, estrutura tarifaria de referencia, mellora da eficiencia na distribución e racionalización do consumo.

2. Desenvolver a lei de augas mediante a elaboración e aprobación do Plan xeral galego de abastecemento de auga e os plans de zona de abastecemento e saneamento.»)

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Marcos Cal Ogando e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 48340).

Emenda nº 1 de modificación.

Débense substituír os puntos 1 e 2 da proposición non de lei polos seguintes:

«1. Desenvolver un plan de actuación en colaboración cos concellos e as deputacións para a elaboración dos plans de emerxencia ante situacións de seca naqueles concellos que demanden colabora-



ción, así como para levar a cabo as actuacións precisas na rede municipal de abastecemento ao obxecto de solucionar os problemas existentes e evitar a perda de auga na rede.

2. Prestar apoio a aqueles municipios que carezan de recursos técnicos e económicos para a realización dos plans de emerxencia ante situacións de seca.”

Emenda nº 2 de adición

Débase engadir ao final da parte resolutiva un novo punto co seguinte texto:

“6-Impulsar un plan medioambiental de coidado do ciclo da auga, baseado na redución drástica das emisións de gases de efecto invernadoiro, na protección das cabeceiras dos ríos, das turbeiras, dos humidais, dos cauces de ríos e regatos, na redución de especies arbóreas con altos consumos de recursos hídricos como eucaliptos e acacias, na recuperación de bosque autóctono máis favorable á acumulación de auga no chan, no establecendo impostos especiais a industrias con altos consumos hídricos e máis medidas que determinen os expertos».)

O señor PRESIDENTE: Para formular esta proposición non de lei, ten a palabra o señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Bos días, señorías.

Nesta Cámara xa debatemos en moitas ocasións sobre o cambio climático, sobre os seus efectos e as consecuencias que ten sobre o conxunto do planeta, e tamén sobre as repercusións sobre a economía nos nosos ecosistemas, e tamén...

O señor PRESIDENTE: Perdón, escóitase mal. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É o micrófono, que debe de estar mal. A ver agora, probe.

O señor TRENOR LÓPEZ: Señorías...

O señor PRESIDENTE: Ben.

Vamos

O señor TRENOR LÓPEZ: Señorías, vou volver repetirme. Nesta Cámara xa debatemos en moitas ocasións sobre o cambio climático, sobre os efectos que ten no conxunto do planeta pero tamén sobre as consecuencias sobre o noso territorio, consecuencias sobre a economía, sobre os nosos ecosistemas, e tamén na vida dos nosos veciños e veciñas.

En Galicia estes efectos...

O señor PRESIDENTE: Perdoe, é que non se escoita outra vez. Imos ver se o dan arranzado.

Espera un segundo. (*Pausa.*)



O señor TRENOR LÓPEZ: En Galicia, señorías, xa temos constatación de que estes efectos do cambio climático teñen repercusión sobre o noso territorio. Xa se modificou, xa hai indicios de que se modificou o réxime de chuvias, dando lugar a períodos de escaseza de auga nos últimos anos. Vemos tamén como o réxime de precipitacións cambiou; agora os períodos de seca son máis longos e os períodos de chuva máis curtos e intensos.

Este contexto de cambio climático obríganos a estar preparados para afrontar situacións derivadas dos períodos de escaseza das precipitacións, que supoñen a diminución de auga dispoñible. Hai que ter presente, ademais, que hai maiores riscos na subministración de auga á poboación que está nas grandes aglomeracións urbanas. Así o puidemos ver nos anos 2016 e 2017 no abastecemento de Vigo e a súa contorna, onde se viviu unha situación moi preocupante.

Por iso, é necesario que dende as distintas administracións con competencias na materia se conte cunha planificación e se teñan previstas as actuacións necesarias para afrontar os desafíos que temos por diante. Por un lado, lograr unha xestión da auga máis responsable, máis eficiente e sustentable. E para evitar os riscos e garantir a subministración de auga en cantidade e calidade á poboación, é necesario que haxa unha resposta áxil, acertada e coordinada por parte de todas as administracións competentes, para poder enfrontarnos aos cambios que, sen dúbida, se van producir.

Sobre as competencias de cada administración, a min dáme certo pudor ter que recordar o que pon a lei, sobre todo cando non é a primeira vez nin a segunda que se fai; parece que hai certa vontade en ignorar o marco normativo e as competencias de cada administración.

Só por recordar o que xa se ten dito, a normativa básica en materia de réxime local, a Lei reguladora de bases de réxime local, así como a Lei de Administración local de Galicia e tamén a normativa sectorial en materia de auga, a Lei de augas de Galicia, establecen claramente, meridianamente claro, que son os concellos os que teñen a competencia exclusiva en materia de abastecemento e de saneamento dos seus sistemas municipais. Polo tanto, non deberíamos centrar o debate sobre quen é o responsable, sobre quen ten as competencias, porque, como xa lle dixen, a Lei de bases de réxime local determina que a prestación deste servizo público de abastecemento é unha competencia municipal. Calquera outra cousa que fagamos é negar a realidade e facernos trampas a nós mesmos.

Aclarado isto, e sen restarlle ningunha competencia aos concellos, o noso grupo é partidario da colaboración entre as administracións, por iso consideramos que o Goberno galego debe asumir a responsabilidade de ordenar e apoiar os concellos neste servizo. En coherencia con isto, o Goberno da Xunta de Galicia vén prestando apoio ás administracións locais, colaborando e axudándoas no desenvolvemento das súas competencias municipais. Así, por exemplo, dende o ano 2009 a Xunta acometeu máis de trescentas actuacións en materia de abastecemento, das que se beneficiaron 186 concellos galegos, avanzando na garantía de subministración de auga en cantidade e calidade.

Ademais, a Administración autonómica, a través do organismo Augas de Galicia, elaborou o Plan de seca da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, dotándose así dun instrumento propio de planificación que lle permite, ante un posible episodio concreto de seca, a identi-



ficación, avaliación, seguimento, toma de decisións e posterior adopción de medidas precisas de cara a minimizar os efectos adversos.

Pero tamén se fai moi necesario, señorías, que as administracións locais, os propios concellos, se doten de instrumentos adecuados para poder xestionar esta situación de seca con dilixencia e eficacia. Faise necesario que os concellos elaboren e conten cos seus propios plans de emerxencia contra a seca, porque estes plans de emerxencia de abastecemento por risco de seca constitúen os instrumentos básicos de planificación das administracións públicas.

A Lei do plan hidrolóxico dispón que as administracións públicas responsables de sistemas de abastecemento urbano que atendan singular ou mancomunadamente unha poboación igual ou superior a 20.000 habitantes deberán dispoñer dun plan de emerxencia ante situacións de seca. É certo que pese a que hai unha obriga legal de 2001 para que os concellos de 20.000 habitantes ou máis se doten destes plans de emerxencias ante situacións de seca, a día de hoxe ningún concello galego conta con plans de emerxencia e están obrigados a facelo. Aínda que a obriga se establece para os grandes municipios, desde este grupo parlamentario cremos que tamén sería recomendable que os pequenos concellos conten con estes plans de emerxencia. Para isto, deberían ter opción a poder elaborar o seu propio plan de emerxencia ante situacións de seca, por si mesmos ou ben co apoio das deputacións provinciais correspondentes. Tendo en conta, ademais, que no caso de que sexan elaborados polas deputacións provinciais estes plans poderían agrupar a dous ou máis sistemas de abastecemento urbano, co fin de optimizar a dispoñibilidade dos recursos hídricos ante unha situación de escaseza.

O apoio por parte das deputacións aos concellos está reflectido tamén na Lei reguladora de bases de réxime local, que establece como competencias propias das deputacións asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal, asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, sobre todo a aqueles que teñen menos capacidade económica e de xestión, e a prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal e, no seu caso, supracomarcal. Tamén lles asigna a función de cooperación no fomento e desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Ademais, estas competencias foron reforzadas pola Lei de racionalización e sostibilidade da Administración local, pasando as deputacións provinciais a poder coordinar a xestión dalgúns servizos, entre eles, o abastecemento de auga potable a domicilio dos municipios de menos de 20.000 habitantes.

Polo tanto, señorías, desde este grupo parlamentario entendemos que as deputacións provinciais deben de poñerse á disposición daqueles municipios que carecen de medios para desenvolver estes plans de emerxencia e facilitarlles a súa elaboración, para que poidan facer fronte con eficacia a todas as situacións e dificultades futuras derivadas deste tema.

Neste sentido, a Lei de medidas de garantía de abastecemento que está a impulsar a Xunta de Galicia, como xa adiantou a propia conselleira no pleno hai unhas semanas, chegará este mesmo ano a este Parlamento, e busca crear as ferramentas para garantir a auga necesaria, en calidade e en cantidade, no novo contexto do cambio climático. Esa lei incide, precisa-



mente, na necesidade de que as administracións locais se doten de instrumentos adecuados para xestionar episodios de seca con dilixencia e eficacia, para que os concellos poidan contar con plans de emerxencia ante a seca.

Por outro lado, a nova le, tamén vai incidir na necesidade de que as deputacións exerzan a súa responsabilidade de apoio aos concellos, sobre todo a aqueles — máis que pequenos — que teñan maiores dificultades para elaborar o seu propio plan de emerxencia.

Coñecemos, señorías, cal é a intención da Xunta de Galicia de axudar aos concellos nesta materia. O pasado 30 de abril a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, xunto coa directora de Augas de Galicia, mantiveron unha reunión co presidente da Fegamp para avanzarlle unha próxima convocatoria de axudas por parte da Xunta para que os concellos de Galicia de ata 50.000 habitantes poidan dotarse dos plans de emerxencia ante situacións de seca. Axudas de 15.000 euros a cada concello que o solicite co fin de financiar ata o 80 % do custo da elaboración do Plan de emerxencia ante situacións de seca. Algo que, por suposto, señorías, pode complementarse con axudas doutras administracións, como poderían ser as deputacións. Agora, señorías, só cabe esperar que deputacións e concellos se poñan mans á obra, que colaboren e que saquen adiante os plans de emerxencia ante situacións de seca.

Por todo isto, señorías, o noso grupo presenta esta iniciativa, na que estamos a Xunta de Galicia a demandar dos concellos a elaboración dos plans de emerxencia ante situacións de seca e a levar a cabo as actuacións necesarias na rede municipal de abastecemento, co obxecto de solucionar os problemas existentes e evitar a perda de auga na rede, en aras de estar mellor preparados ante posibles situacións de diminución dos recursos hídricos dispoñibles.

Tamén instamos as deputacións provinciais a que presten apoio a aqueles municipios que carezan dos recursos técnicos e económicos para a realización dos plans de emerxencia. Instamos a Xunta de Galicia a que preste apoio e asesoramento, cando así sexa requirido por parte das administracións locais, na elaboración dos seus respectivos plans de emerxencia e a exercer un labor de coordinación entre os plans de emerxencia municipais e o Plan de seca da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, elaborado pola Administración hidráulica galega.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Trenor.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Bo día.

A verdade é que o Partido Popular non deixa de sorprendernos, non deixa de sorprendernos. Veñen aquí presentar unha proposición non de lei para dicirlles aos concellos e ás deputacións o que teñen que facer. Pero non se deron conta de que as proposicións non de lei son proposicións de impulso da acción do Goberno, son para pedirlle á Xunta de Galiza que actúe. Por certo, para facer o que non fixo. Vostedes veñen aquí con esa máxima de: *Consejos vendo*



que para mí no tengo. Pretenden dicir que a Xunta fixo todo o que tiña que facer e que os concellos non o fixeron. Pois non, non é certo, a Xunta non fixo os deberes.

¿E vostede quere vir aquí convencernos de que as competencias son das administracións municipais? A Xunta de Galiza tamén ten competencias, está na Lei de augas e nos plans que a desenvolven, en materia de planificación hidráulica e en materia de obras hidráulicas, as de interese xeral da Comunidade Autónoma. Os concellos teñen as competencias na xestión do servizo e tamén nas obras, pero son competencias compartidas, non intente enganar a xente, señor Trenor. O problema é que vostedes presumen de eficacia e eficiencia, pero a realidade, a cuestión, é que non fixeron os deberes, que están na parálise, que están na desidia e que están na vagancia absoluta en materia de augas, e incumpren a súa propia normativa e os propios orzamentos da Xunta de Galiza. (Aplausos.)

¿Pero como se atreven a vir aquí dar algún tipo de lección, cando no exercicio de 2018 reduciron en 25 millóns de euros o orzamento de obras hidráulicas? ¿Como se atreven? ¿Como teñen a santa cara de vir aquí dar leccións? De 28 pasou a 12 millóns en planificación e xestión hidrolóxica. ¿Non había en que gastar os cartos? Se queren, doulles unhas ideas ao respecto.

Vostedes levan burlándose do pobo galego e deste Parlamento, por exemplo, co Pacto local da auga, que foi o pacto máis vendido, máis anunciado, máis feito propaganda da historia deste Parlamento, que asinaron no ano 2013 e aínda non desenvolveron e cumpriron. Hai dous anos, a señora Bea Mato, a do carromato, que non está aquí, dixo aquilo de que lle ía dar un impulso. Deulle un impulso no ano 2017 e quedou o impulso nun chimpó, pero non chegou a ningún sitio porque estamos na mesma, desde o 2013 sen dar un paso adiante.

Mire, vostedes por desidia aínda non crearon o Consello sobre o uso sustentábel da auga, e despois veñen aquí falarnos de cambio climático, de cambio das precipitacións... Creen o consello que está previsto na lei, Consello para o uso sustentábel da auga, que ten como función asesorar o goberno na xestión e na planificación, e tamén previr o consumo sustentábel da auga.

Terceiro. Non temos Plan galego de abastecemento e Plan galego de saneamento, nin plans locais, que están previstos tamén na lei. O Plan da seca é do ano 2010 e está desfasado. Vostede dixo aquí que cambiara o réxime de precipitacións e tamén que os episodios de seca son moito máis prolongados. Pois hai que actualizar ese plan, hai que facer un novo, e vostedes o que están facendo é deixando pasar o tempo sen resolver os problemas. E está aí o caso de Vigo. O caso de Vigo non é só responsabilidade do Concello de Vigo, porque lle presta servizo a unha área de 500.000 habitantes. Hai problemas na rede de transporte, de abastecemento e tamén na estación depuradora, que abastece a máis concellos que ao concello de Vigo. Teñen que poñerse de acordo, e tamén o Estado ten que poñer medios para resolver estes problemas.

Claro, agora xa, rizando o rizo, vostedes veñen aquí propoñer unha cousa que está prevista nunha lei que vai entrar en vigor o ano que vén e que prevé dous anos para executar eses plans. Pero ¿de que van?, ¿se aínda non está aprobada a lei! A actual lexislación só establece obrigatoriedade para os concellos de máis de 20.000 habitantes. Por certo, ¿sabe o que di o regulamento que desenvolve a Lei de augas? Que a Xunta ten que aprobar os criterios xerais,



en coherencia cos plans de seca, para a elaboración, por parte das entidades locais afectadas, dos seus plans de emerxencia. E a Xunta non fixo os deberes, non fixo eses criterios xerais. Entón, póñanse vostedes á tarefa: pídanlle ao Goberno da Xunta que cumpra o que ten que facer e despois déanlles consellos e exemplo ás administracións locais, pero non ao revés.

Miren, propoñémoslles unha emenda. Xa non imos falar aquí do cambio que habería que facer en todo o proceso industrial, forestal, etc., nin doutras necesidades que non son abastecemento de auga, por exemplo, para as explotacións agropecuarias, que teñen graves problemas en moitas zonas do país. A nosa proposta é unha proposta de emenda, pero vostedes teñen que facer propósito de emenda. O que teñen que facer é cumprir a lei, a normativa xeral, desenvolver o pacto da auga, desenvolver a normativa vixente, facer o Plan galego de saneamento, actualizar o Plan de seca, executar os orzamentos que non dan executado, cumprir as súas obrigas, acordar os criterios de actuación para facer os plans de emerxencia ante episodios de seca. Teñen que gobernar, teñen que dar exemplo, teñen que asumir as súas responsabilidades e logo exixirlles aos demais.

Polo tanto, en resumo, menos samba, máis propaganda e máis traballar. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Bo día a todos os deputados e deputadas.

Señor Trenor, que vostede veña aquí dicir que nós negamos a realidade, cando no ano 2007 Mariano Rajoy dicía que tiña un primo que lle dicía que o cambio climático non existía, e que se non se podía predicir o tempo que ía facer dentro de quince días, moito menos o que ía ocorrer despois de douscentos ou trescentos anos, ¡home!, a verdade é que parece unha tomadura de pelo. E fíxese vostede que importante é para o Goberno este tema que ningunha das dúas conselleiras que poden estar afectadas con relación ao cambio climático e con relación á auga, que son a conselleira de Medio Ambiente e a conselleira de Infraestruturas, quedaron aquí para escoitar absolutamente nada do que tiña vostede que dicir.

Vostedes veñen aquí lavar a cara. A verdade é que avanzaron infinitamente desde Mariano Rajoy ata hoxe, porque a súa iniciativa reconece que o cambio climático xa está instalado en Galicia e que é un problema mundial. Pois benvidos, porque levamos anos dicíndollelo, e vostedes, cando comezaba a anterior lexislatura, negaban que o cambio climático existise en Galicia. De feito, ata Meteogalicia, que ten que ver co seu goberno, supoñemos, di que as proxeccións de temperatura na nosa comunidade entre 2061 e 2090 van implicar de media unha suba de tres grados en toda a nosa comunidade, Meteogalicia.

Vostedes falan da auga. O acceso a auga é un dereito fundamental porque o di a ONU, dende o ano 2010, hai nove anos. Vostedes non fixeron nada para asegurar o acceso á auga. Pedímoslles un plan de adaptación de Galicia ao cambio climático en relación coa auga, e nas



preguntas que nos contestaron vostedes por escrito, o seu goberno dixo que non era necesario. Pois nós cremos que si, que é necesario un plan de mitigación e un plan de adaptación con relación á auga. É necesaria unha transición hidrolóxica exactamente igual que é necesaria unha transición enerxética, polo tanto, é necesaria unha auditoría hidrolóxica exactamente igual que é necesaria unha auditoría enerxética.

Esta iniciativa que traen vostedes hoxe, ademais de conter un erro porque falta un punto número 3, pasa do 2 ao 4 —supoñemos que no 3 estaban as obrigas que vostedes lles ían exixir á Xunta de Galicia, e non están—, (*Aplausos.*) ademais diso, é moi pouco ambiciosa, e nós cremos que esta iniciativa ten que ver cunha cousa, *La Voz de Galicia*, 23 de febreiro: «*La Xunta prevé aprobar antes de junio el Anteproyecto de lei de medidas de garantía de abastecimiento en episodios de seca o riesgo sanitario*». Claro, é imposible aprobar ese anteproxecto antes do mes de xuño porque nin sequera o anteproxecto pasou polo Consello da Xunta. Por iso vostedes veñen a remolque, cunha proposición non de lei, pedindo algo que ten que estar nunha lei, porque se non está nunha lei, esta proposición non de lei é simplemente para que vostedes cubran o cupo das dúas proposicións non de lei que teñen que ter cada vez que veñen a un pleno, e como non deben ter moitas, entón traen esta.

Esta iniciativa non significa nada máis que —como ben dicía o voceiro do BNG— os concellos de menos de 20.000 habitantes e as deputacións provinciais non teñen obriga ningunha con relación ao que vostede pide nesta proposición non de lei. De feito, vostede mesmo acaba de recoñecer que a Consellería de Infraestruturas, a través de Augas de Galicia, se reuniu coa Fegamp para falar das axudas que o propio Goberno, a propia Xunta, lles vai dar aos concellos para facer eses plans de seca, ata 15.000 euros de axuda. Iso quere dicir que algunha competencia terá a Xunta de Galicia, porque se non ten ningunha competencia, ¿que pasa?, ¿que lle sobran os cartos para ir repartíndollos por aí aos concellos para que fagan plans de seca?

A Lei de augas de Galicia, no artigo 26, di que é competencia da Administración hidráulica de Galicia a regulación e o outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais na materia competencia das entidades locais. Polo tanto, si que teñen vostedes competencias, non embarquen a outros diferentes, que non son vostedes, en cousas que ademais a lei non lles obriga a facer porque esa lei non existe. Señor Trenor, sexa un pouco máis serio. Nós compartimos que nesas competencias tamén deben intervir as deputacións, estamos de acordo. De feito xa interveñen, pero interveñen de maneira un pouco diferente. A Deputación de Lugo, para abastecemento, ten unhas axudas de 500.000 euros; a de Coruña e a de Pontevedra rondan o millón de euros; na de Ourense, estou falando do Barco de Valdeorras, por exemplo, unha poboación semellante, as axudas da Deputación de Ourense son de 48.000 euros. Pois claro, nótase a diferenza entre o que vostedes se preocupan polo cambio climático, polo abastecemento de auga e pola necesidade dos plans de seca na Deputación de Ourense, que se ve que é xusto a provincia menos afectada polo cambio climático en Galicia, e o que se preocupan as outras tres deputacións exactamente pola mesma cuestión, ¡ata economicamente!

Vostedes, de trinta e oito anos de Goberno en Galicia, levan 32. Vostede nunca preguntou, nunca dixo nada, ¡nunca!, nin vostede nin os seus antecesores en Medio Ambiente, sobre se o orzamento da Xunta é suficiente ou non para afrontar este problema, sobre cantas campañas para fomentar o aforro e a eficiencia no consumo de auga...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ...se teñen feito. Que pasou con ese cacarexado Pacto local da auga, que era unha das promesas —ademais da Estratexia do cambio climático e a Estratexia de economía circular— que a señora Beatriz Mato prometía, prometía e prometía, debeu de ser cando volveu de París daquel cumio sobre cambio climático.

A nosa emenda é moi completa. É unha emenda de substitución que vai ao problema de verdade; a paliar os efectos da seca e das inundacións, a acadar o bo estado ecolóxico e o abastecemento e a satisfacer as demandas de auga dos cidadáns.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Moitas grazas.

A señora VILÁN LORENZO: Acéptena, que é moito máis completa que a súa. E, por certo, vai do punto 1 ao punto 10 pero sen comer ningún, e, polo tanto, establecendo obrigas para o Goberno.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Parece que o Partido Popular xa pillou que está aquí o cambio climático. É un avance, un avance importante, dende logo que o é. E traen sen ruborizarse unha iniciativa para falar de cambio climático e de seca. Puidera parecer que o partido Popular, de repente, se preocupa pola crise medioambiental e se preocupa pola loita contra o cambio climático. Puidera parecer que o partido Popular decidise mudar de rumbo nas súas actuacións para empezar a reverter as súas políticas destrutoras do medio ambiente. Puidera parecer que o Partido Popular decidise reconecer os seus erros, a súa responsabilidade na crise medioambiental e comezar a levar a cabo actuacións para mudar esta situación. Puidera parecer que o primo de Rajoy é un triste, ridículo e irresponsable recordo do pasado, pero isto non é así.

O Partido Popular segue sendo exactamente o mesmo partido irresponsable que segue permitindo degradar o medio ambiente a cambio dunhas moedas. Segue a ser o mesmo partido irresponsable que protexe as empresas contaminantes a cambio de postos nos consellos de administración. Por iso traen vostedes hoxe esta iniciativa, para aparentar que lles preocupa algo a crise medioambiental exixíndolles a administracións que non son as da Xunta de Galicia que acometan actuacións que a Xunta de Galicia non está a acometer.

O Partido Popular estivo décadas contribuíndo á crise climática, mirando cara a outro lado mentres empresas contaminantes se enriquecían externalizando os custos en forma de de-



gradación medioambiental, que pagamos todos pero que, sobre todo, pagarán as novas xeracións. E séguese facendo a día de hoxe, só temos que ver as denuncias ao longo de todo o país de industrias contaminantes que contan coa protección da Xunta de Galicia: só hai que ver ao señor Tahoces, só hai que ver a posición con respecto ás térmicas do Partido Popular. É precisa unha transición ecolóxica sen deixar a ninguén atrás, por suposto, sen deixar a ninguén atrás. Onde hai térmicas, hai que recolocar os postos de traballo con enerxías verdes. Iso é o que hai que facer, iso é o que faría unha administración responsable, pero vostedes están do lado dos beneficios das empresas eléctricas. ¡Por suposto que se pode facer unha transición ecolóxica sen deixar a ninguén atrás!

Só hai que ver a conselleira de Medio Ambiente dicindo nos medios de comunicación que Ence non contamina e defendendo o modelo Sogama, o que emite máis gases de efecto invernadero de todos os sistemas posibles para a xestión de residuos. Só hai que ver a posición do Partido Popular nas políticas de mobilidade, autovías por todo o país para seguir apostando polo vehículo individual a motor, nada para dinamizar o transporte colectivo e a mobilidade sustentable. Evidentemente, non podemos falar en serio sobre o medio ambiente co Partido Popular. Evidentemente, non podemos ter un debate serio co Partido Popular sobre medio ambiente. O único que podemos facer é sinalalos como responsables e exixirlles cambio de rumbo, pero, dende logo, non podemos ter un debate serio.

Miren, hai dous anos tivemos un problema grave, unha crise grave co tema da seca. Todos recordamos a problemática que houbo, sobre todo en Vigo e tamén na área de Ourense, con respecto ao abastecemento da auga. O único que se lle ocorreu á Xunta de Galicia naquel momento foi a barbaridade do transvasamento do río Verdugo, unha agresión medioambiental brutal que non solventa o problema de raíz. Ademais de ser unha grave agresión medioambiental, non solventa o problema. E ademais baleirar os pozos que estaban destinados á loita contra o lume. Esas foron todas as ocorrencias do Partido Popular. Dous anos despois, a Xunta de Galicia non fixo absolutamente nada. E volveremos a vernos na mesma situación e a Xunta de Galicia non terá feito absolutamente nada.

Nós propoñémoslle unha emenda de substitución. No punto primeiro e segundo, onde vostedes lles exixen aos concellos e ás deputacións que fagan actuacións, introducimos tamén á Xunta de Galicia para que colabore nesas cuestións, xa que entendemos que é o lóxico. Estamos falando dun problema tremendamente importante, estamos falando da supervivencia, estamos falando da vida e, por suposto, a Xunta de Galicia ten competencias e ten que participar disto.

E despois propoñemos un punto de engádegas, o punto cinco, onde facemos unha serie de propostas de actuacións medioambientais para o coidado do ciclo da auga, que é unha das cuestións nas que máis ten que estar traballando a Xunta de Galicia.

Nese plan medioambiental do coidado do ciclo da auga, no que vostedes non fixeron absolutamente nada durante estes anos a este respecto, facémoslles unha serie de propostas, pero, dende logo, hai moitísimas máis cousas que facer. Pedímoslle unha redución drástica dos gases de efecto invernadero. Non sei a que está agardando a Xunta de Galicia para comezar a traballar nesa cuestión, porque vostedes están dicindo que temos un problema de



cambio climático, que os gases de efecto invernadoiro son o principal problema do cambio climático, pero non fan absolutamente nada para reducir eses gases.

Propoñémoslles tamén actuacións de coidado de cabeceiras, de cauces, de turbeiras, de zonas húmidas, do ciclo da auga. Propoñémoslles tamén reducir as especies que están consumindo altas cantidade de recursos hídricos, como son os eucaliptos e as acacias. Temos un grave problema co consumo de recursos hídricos destas dúas especies, ademais da súa contribución tamén aos lumes. Polo tanto, hai que comezar a erradicar as acacias e a reducir o eucalipto. Propoñémoslles tamén recuperar o bosque autóctono, fundamental para o coidado da auga, e impostos ás industrias...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CAL OGANDO: ...altamente consumidoras —e remato con isto—. Temos o exemplo de Ence en Pontevedra, que consume de auga sete veces o que consume o concello de Pontevedra e paga moita menos auga.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CAL OGANDO: Non ten sentido que neste contexto unha empresa que consume tantas cantidades de auga non pague un imposto por iso.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Cal.

Por parte do grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Trenor López.

O señor TRENOR LÓPEZ: Hoxe trouxemos unha iniciativa que falaba da necesidade de elaboración dos plans de emerxencia, da colaboración entre administracións para que estes se poidan levar a cabo, de prestar asesoramento e apoio ás que non poden facelo e de coordinación entre estes plans de emerxencia municipais co Plan da seca. E o que nos trae a oposición pois é máis do mesmo, e resulta bastante frustrante.

Un veu co argumentario sobre medio ambiente do seu partido, que supoño que llo enviarían agora para as eleccións nacionais e municipais, e vén aquí falar de todo menos dos plans de emerxencia. Vostede non falou nin unha soa vez na súa intervención dos plans de emerxencia, ¡nin unha! Pode falar do que queira, pode falar de mil cousas, pero ao final ao único que vén aquí vostede é a reproducir o que din nos seus argumentarios. ¡Pois moi pouco favor lle fai vostede a Galicia e aos galegos!

Logo, señora Vilán, vostede obsesionada aquí coa numeración. ¡Eu nunca vin un debate onde estiveramos debatendo sobre un erro que se fixo no rexistro dunha iniciativa porque a numeración ía mal! Vostede citouno e estivo perdendo o tempo ata en dúas ocasións polo tema da numeración, jese é o nivel do seu debate! Señoría, isto recórdame, non sei, cando estábamos nos debates do instituto... dixo, dixo, non sei que... É moi frustrante, moi frustrante,



que nunha cuestión como os plans de emerxencia da seca para vostede a única preocupación é que había un erro de numeración. *(Aplausos.)* É que é alucinante, alucinante, alucinante.

E logo, claro, o señor Bará, que é incapaz de recoñecer que o seu Concello, no que é concelleiro, está a incumprir unha disposición lexislativa porque é un concello de máis de vinte mil persoas, claro, é incapaz de recoñecelo, e vén vostede aquí responsabilizar a todo o mundo, pero non é capaz de dicir: ¡joia!, como galegos, fixemos mal algunhas cousas, e nos concellos tamén, imos arranxalo, imos traballar todos xuntos. Non, non pode. Non son capaces vostedes de quitar as camisetas dos seus partidos para poñer as camisetas de país. *(Murmurios.)* Están vostedes coa miopía, si, señorías. Son incapaces, incapaces de defender os intereses dos galegos e galegas. Están mirando só o que lle interesa ao seu partido, son incapaces de facer ningunha proposta boa, son incapaces de profundar nos debates e son incapaces de facer que Galicia poida gañar.

Mire, seguen vostedes a confundir co das competencias. Eu xa llelo aclarei. Sigán vostedes por aí, sigán a enredar. A lei, tanto sectorial como a Lei de réxime local, indica claramente cales son as competencias. Vostedes veñen aquí seguir enredando. Pois ben, pois segue sendo tamén moi estéril este debate.

Mire, a Xunta de Galicia xa está traballando, xa impulsou medidas normativas. Faleilles de que ía sacar agora tamén unha liña de axudas aos concellos, faleilles de máis de trescentas infraestruturas, obras, medidas que fixo nos últimos anos, e eu destaquei na miña intervención a importancia de que tamén os concellos galegos se impliquen.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

E dígame a posición sobre as emendas.

O señor TRENOR LÓPEZ: Si, sobre as emendas, imos rexeitar as emendas dos tres grupos, porque a iniciativa que traemos é moi concreta, dá resposta a un problema urxente no que o noso grupo xa ten manifestado a súa disposición para colaborar. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Trenor.

Pasamos á seguinte iniciativa.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a María Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co uso do galego nas entidades bancarias

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Presentáronse dúas emendas, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 48750 [10/PNP-003685].



Emenda de adición:

Engadir á parte resolutiva un segundo punto co seguinte texto:

“2. O Parlamento insta a Xunta de Galiza a impulsar as medidas legislativas necesarias para garantir e blindar os dereitos lingüísticos das galegas e galegos nas relacións comerciais.”)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Concepción Burgo López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (10/PNC-003685) (doc. 48750).

Emenda de modificación:

Onde di: “... medidas legislativas oportunas...”, debe dicir: “...medidas normativas e políticas oportunas...”)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Cuña Bóveda.

(Murmurios.)

Silencio, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: Bo día a todas e a todos.

Señorías, hoxe, antes de comezar esta proposición non de lei, quereda parabenizar a todas e a todos con nove días de antelación. O 17 de Maio é unha data especial para todas as que amamos a nosa lingua. Entón, ben, hoxe habería que parabenizar tamén sobre todo os profesores e profesoras, docentes, especialmente os de Lingua Galega, porque fan un traballo titánico de motivación para que alumnos e alumnas estean motivadas para mergullarse e coñecer ben a nosa lingua. Isto fano sen medo, con moita querencia e tamén con moito esforzo, porque escribir non é doado.

Tamén as escritoras, dramaturgas, guionistas, poetas, que nos nutren e nos sorprenden constantemente. As editoras, libreiras, tradutoras, lingüistas, que transforman a curiosidade en estudo serio de todos os falantes que chaman galego á súa lingua, sen excepción.

Ao final, con máis ou menos grallas, con máis ou menos tropezos, todas nós, señorías, usamos a lingua. Pero a lingua é máis que as persoas concretas que falan e escriben, é tamén a memoria de todos os que leron e escribiron ao longo dos séculos, porque coidaron o sentido e a alma das palabras, porque o futuro está na memoria, nas raíces, na construción e na valoración do que houbo antes.

Parabenizar tamén a todo o ecosistema cultural galego, que, malia a precarización, a desestruturación e tamén a inestabilidade, é un sector vizoso, potente, ateigado de talento, un sector do que si sentimos moito orgullo, pero que tamén vive nesa precariedade. E hai que ter en conta que a cultura emprega máis de trinta mil traballadores e traballadoras. Isto xera



o 2 % do IVE. Saben vostedes perfectamente que nos últimos dez anos o recorte en cultura, unha das áreas máis castigadas, foi altísimo e perdéronse máis de cincocentos millóns de euros nos orzamentos.

Temos, malia todo, unha cultura sobrevivente das eivas do Goberno. Escoitamos esta mañá falar o señor presidente con moitos sofismas, moita arbitrariedade e moitas falacias. Queremos galego, pero tamén queremos feitos e non palabras. En 2009 había para política lingüística vinte e un millóns setecentos mil euros. ¿Saben canto hai en 2019? Oito millóns de euros. Estes son feitos.

Tamén o señor Feijóo dixo en 2016, anunciou a bombo e prato, a creación do Plan estratéxico da cultura galega. ¿U-lo Plan estratéxico da cultura galega? E xa pasaron case tres anos.

Con respecto á Mesa pola Normalización Lingüística, nós subscribimos o lema deste ano: queremos igualdade, queremos xustiza, queremos liberdade.

A propia Mesa pola Normalización publicou hai catro meses un informe titulado «O uso do galego nas páxinas webs das entidades bancarias». Neste informe analízase como se empregan nos distintos bancos o galego nas páxinas webs, as aplicacións e nos caixeiros. O obxectivo fundamental do documento é expoñer se as galegas e galegos poden desempeñar as súas actividades financeiras no seu propio idioma, tal e como debera garantir a lei e como ocorre nos idiomas cooficiais do Estado.

A lexislación é moi clara, clarísima. No nomeado artigo 3, no punto 3 do artigo 5, que xa a voceira do BNG nomeou a primeira hora, é no que se di —é contundente—: os poderes públicos garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas. Potenciarán ademais a utilización do galego en todas as ordes da vida pública, cultural e informativa.

Tamén quero parabenizar, falando de información, a todos os xornalistas e as xornalistas que están loitando pola defensa da cultura na CRTVG, e «Defende a Galega». (*Aplausos.*)

Dise tamén que disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento. Ben, xa acabamos de dicir cal é a área máis castigada de todas, todas, absolutamente todas, desta administración: a política lingüística, cun recorte do setenta e pico por cen, que é unha barbaridade.

Despois tamén hai que dicir que os prestadores de servizos que operan no territorio da comunidade, con independencia do lugar, deberán respectar o marco legal vixente en materia lingüística. Aquí habería que falar da Lei de normalización lingüística, das directrices da Comunidade Europea relativas aos servizos do mercado interior, da Lei de comercio galega. A Lei de comercio galega, entre outras cousas, debera favorecer a normalización progresiva nas prestación do servizo, debera ofrecer aos siareiros, aos clientes, a posibilidade de manter a comunicación oral e escrita. E di textualmente que os consumidores nas súas relacións de consumo teñen dereito a usar calquera das linguas oficias da comunidade.

Ademais, atendendo os datos que achegou o informe da Mesa, hai que dicir que na práctica non se garante o exercicio pleno do dereito a usar o galego recibindo atención oral ou escrita. De feito, hai datos moi curiosos, que vou dar a continuación.



Como datos curiosos, con respecto á internet, fíxense en que todas as webs, aplicacións e caixeiros, cen por cen, en castelán. Estamos falando de Galicia e de dúas linguas cooficiais que deben de estar en igualdade de dereito. Ben, ¿saben cantas están en catalán? O 47,62 % —son datos do Observatorio de Dereitos Lingüísticos—. ¿Saben cantas están en inglés? O 42,85 %. ¿Saben cantas están en galego en Galicia, cunha lingua oficial? O 33,33 %. ¿Que lles parece? ¿Isto que é?

Desta maneira, a conclusión é que, sobre esa obriga de impulsar, fomentar e combater a falsa naturalidade do tratamento do galego como lingua estranxeira na súa propia nación, en realidade, o Goberno está moi lonxe de satisfacer estes dereitos lingüísticos.

De tal maneira que o noso grupo parlamentario o que trae aquí é que o Parlamento debe ins- tar a Xunta a adoptar as medidas legislativas oportunas para que bancos, e particularmente os bancos que teñan convenio co Goberno, garantan o dereito de poder empregar o galego e poder ser atendido en galego. Porque hai que dicir que a vulneración do dereito a ser atendido na propia lingua é grave, pero moito máis grave aínda é que, no peor dos casos, as empresas bancarias gozan dun convenio público co Goberno da Xunta de Galicia, baixo o nome de «entidades financeiras colaboradoras».

Este é un dato increíble. Os grupos bancarios benefíciense da exclusividade, xa que todas temos que facer trámites, son actividades obrigadas. Temos que facer trámites, temos que pagar taxas universitarias e doutro tipo, pagar sancións, vendas, servizos, multas e trans- ferencias á propia Administración. Isto é sangrante. Benefíciense da exclusividade, de que as persoas temos que tramitar, pero só catro de catorce destas entidades, só catro, ofrecen os servizos web en galego, de tal maneira que se nos impón que os trámites se fagan moitas veces en castelán. Isto, señoras e señores, non é de recibo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Cuña.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Pois, efectivamente, o que acaba de relatar a señora Cuña é unha parte da realidade da que se gaba, curiosamente, o presidente da Xunta de Galiza, que lía hoxe precisamente algúns dos artigos tanto do Estatuto como da Lei de normalización lingüística, onde se di literal- mente que ningunha persoa no noso país pode ser discriminada por razón de lingua.

¿E que é discriminar, que é discriminar? Discriminar é distinguir, discriminar é tratar de maneira diferente persoas, neste caso, que merecen un mesmo trato. E o que vemos, que é unha realidade palpable, perfectamente tanxible e medible, como se recolle no caso do in-



forme sobre a situación da lingua galega nas entidades financeiras do noso país que fixo a Mesa pola Normalización Lingüística, o que podemos comprobar, o que se pode medir é que as persoas galegofalantes, ou as persoas que queren —porque así teñen recoñecido ese dereito— acceder á información, documentación ou calquera outro tipo de documento vinculado a esa relación comercial ou financeira en galego, non poden, non poden.

Poder asinar un contrato bancario, abrir unha conta bancaria, asinar un crédito, asinar unha hipoteca en castelán pero non en galego ¿que é?, ¿que é? Obrigar a asinar un contrato de alugueiro en castelán, porque en galego non o hai, ou non é posíbel, ¿que é?, ¿que é? ¿Iso é normalidade? ¿Iso é normalidade ou é unha situación de discriminación, é dicir, tratar de maneira diferente persoas que merecerían un mesmo trato?

Realizar trámites administrativos —explicábo a señora Cuña— ao fío dos convenios que ten asinado a propia Xunta de Galiza con entidades financeiras, que te condicionan a ter que desenvolver trámites administrativos a través delas de maneira obrigada e única e exclusivamente en castelán, porque en galego non existe, non se pode, ¿iso que é? ¿Iso é normal? ¿Iso é a normalidade? ¿Ou é tratar de maneira diferente persoas que merecerían un mesmo trato?

E isto acontece en boa medida e a pesar do que está recollido na propia lexislación do noso país, que, como todo o mundo sabe, di que non podemos ser discriminadas por razón de lingua e que os poderes públicos —isto é, o Goberno da Xunta de Galiza— ten a obriga legal de garantir o uso normalizado da lingua galega.

Isto acontece porque, en boa medida —e ademais é un debate que xa se deu nesta Cámara nesta lexislatura—, non se elevaron a rango de lei, como si aconteceu no caso de Euskadi ou aconteceu no caso de Cataluña, eses dereitos lingüísticos e, polo tanto, tamén as obrigas que para garantir eses dereitos lingüísticos teñen que estar recollidas na lexislación galega.

Nesta mesma Cámara, nesta lexislatura, debateuse a iniciativa lexislativa popular impulsada pola Mesa pola Normalización Lingüística e acompañada co apoio de máis de vinte e oito mil persoas, máis de vinte e oito mil sinaturas, que prevía e recollía precisamente esas obrigas como garantía dos dereitos lingüísticos das galegas e dos galegos. O Partido Popular votou en contra.

Porque nós temos unha lexislación e non temos máis que acudir á lei que regula a protección con carácter xeral das persoas usuarias e consumidoras no noso país, do ano 2012. No artigo 128 aparecen recollidos os dereitos lingüísticos das persoas consumidoras do noso país e o único que se di é que «poderán» utilizar, que temos dereito a usar calquera das dúas linguas e que poderán en todo caso utilizarse calquera desas dúas linguas. ¿Como podo utilizar a lingua galega se os escritos, os documentos, os contratos única e exclusivamente están en castelán e non ten obriga legal a entidade financeira de presentalos na lingua propia ou, neste caso, na lingua de uso da persoa consumidora ou usuaria dun determinado servizo público?

Nós seguimos defendendo que, ao igual que aconteceu en Euskadi no ano 2003, igual que se impulsou en Cataluña no ano 2010, hai que elevar a rango de lei eses dereitos lingüísticos das persoas usuarias e consumidoras no noso país para establecer e fixar obrigas, para garantir un dereito fundamental das persoas como é a poder desenvolver a nosa vida plena-



mente con absoluta liberdade na lingua propia deste país e para dar cumprimento á obriga legal que ten a Xunta de Galiza, recollida no Estatuto de autonomía e na Lei de normalización, do ano 1983.

Por iso nós, ademais de apoiar a iniciativa que presenta hoxe En Marea, presentamos unha emenda para non circunscribirmos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...—si, con isto remato— única e exclusivamente ás relacións bancarias, ás relacións coas entidades financeiras, senón que se desenvolvan as medidas legais necesarias para garantir a plena normalidade e os dereitos lingüísticos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...do conxunto da poboación deste país en calquera das relacións comerciais.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Burgo López.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bos días, señorías.

O que se está a debater, como se puido ver perfectamente nesta proposición non de lei, vai máis aló do uso do galego polas entidades bancarias. É unha discusión sobre os dereitos lingüísticos de todos os galegos e de todas as galegas, unha discusión que seguiremos tamén na próxima proposición non de lei. Uns dereitos, como xa se dixo pero creo que está ben volver repetir, que están garantidos pola Constitución, polo Estatuto, pola Lei de normalización lingüística, ademais de por múltiples leis distintas de protección de consumidores e usuarios; o dereito a utilizar calquera das linguas cooficiais en calquera situación e tanto fronte ás administracións públicas como fronte ás empresas privadas ou ás entidades privadas.

Agora a señora Cuña quere facer fincapé nun elemento fundamental, porque sempre todos a verdade é que temos relacións coas entidades bancarias, queiramos ou non queiramos. E as entidades bancarias son empresas públicas que estamos vendo que están recibindo, que están engrosando moitas das queixas dos usuarios polo seu comportamento fronte ao galego, o mesmo que fixo o informe da Mesa pola Normalización. É claro que moitas das entidades bancarias incumpren a miúdo os dereitos dos usuarios: falta documentación para a clientela, falta o galego nos caixeiros automáticos, nos carteis informativos, na banca electrónica, na atención ao público, nas páxinas web, na publicidade; son fallos habituais.



Eu estou de acordo coa señora Cuña en que é aínda máis grave que estes fallos se dean en entidades colaboradoras coa Xunta de Galicia, porque polo menos a Xunta de Galicia debería de ter a sensibilidade lingüística para tratar de corrixir estes erros en entidades non soamente bancarias, de todo tipo, senón en empresas que colaboran con ela e ás que ademais se lles está dando unha vantaxe fronte ás demais.

A señora Cuña xa nomeou os datos que coñecemos, pero eu quero tamén insistir no dato do catalán. Que o 48 % —cerca do 50 %— de todas as entidades bancarias que operan en Galicia teñan catalán e unha gran parte tamén euskera fala da distinta sensibilidade dos gobernos fronte aos idiomas propios. (*Aplausos.*) É verdade, porque se tiveramos unha sensibilidade en Galicia cos idiomas propios, teríamos máis presenza do galego. E isto non está a pasar soamente na banca, é que está pasando en todas as grandes e medianas empresas, que está o catalán pero non está o galego.

É certo que a Xunta de Galicia elaborou só un plan de fomento da lingua dende 2009, pero ese foi o Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico 2015-2020, que non se está a cumprir, pero é que ademais ten medidas excesivamente escasas. E hai que ter medidas políticas, medidas da Xunta de Galicia para tratar todos estes problemas coa banca: establecemento de acordos coas principais entidades bancarias para normalizar o uso do galego, colaboración coas fundacións das entidades bancarias e acordos de colaboración para poñer en práctica oferta positiva na clientela. Ben, está ben, imos establecer acordo coas principais entidades bancarias. E eu preguntei á Xunta, sen resposta dela: ¿cantos convenios se fixeron coas entidades bancarias nestes anos e dentro do Plan de impulso no tecido económico? Non coñecemos ningún; polo tanto, presupño que ningún. E claro, esta falta de medidas políticas, esta falta de interese é o que está levando a que se vulneren os dereitos dos galegos.

E rematando, que non teño tempo, nós presentamos unha emenda simplemente porque, estando de acordo co que se di, cremos que medidas lexislativas soamente circunscritas a este sector da banca quizais non sexa a forma máis doada de expresalo. Quizais, porque son problemas que se dan noutros sectores, habería que falar de medidas normativas e tamén falar de medidas políticas, porque nesas políticas positivas é onde está realmente o verdadeiro impulso a unha lingua, como están a demostrar outros gobernos, non precisamente, por desgracia, o galego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Burgo.

Ten a palabra, en nome do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a señora Vázquez Domínguez.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bos días, señorías.

Gustaríame comezar a miña intervención facendo unha contextualización do marco xurídico actual no que fai referencia ao uso do galego na sociedade, pois parece apropiado, para tratar



unha proposición non de lei como a que hoxe debatemos, ter unha visión clara no contexto normativo vixente.

O Estatuto de autonomía de Galicia, norma básica do noso autogoberno, tan nomeado tanto nesta Cámara parlamentaria esta mañá, sinala no seu artigo 5: «A lingua propia de Galicia é o galego. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de coñecelos e de usalos. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua». Hai que ler todo, ¡eh!, señora Cuña, porque aquí só lemos o que nos interesa.

A Lei de normalización lingüística, aprobada polo partido que represento, encomenda ao Goberno de Galicia, en exercicio da súa función normalizadora do uso da lingua, a elaboración de plans que poñan en valor a nosa lingua. Por iso, a Secretaría Xeral de Política Lingüística traballa para que as entidades bancarias, do mesmo xeito que outras empresas ou entidades radicadas en Galicia, ofrezan os seus servizos en galego.

Mire, na miña aplicación no móbil (*A señora Vázquez Domínguez mostra un teléfono móbil.*) pode observar —non vou dicir que banco é— que aparece o pago máis efectivo e o efectivo está en galego, ¿vale? Hai moito que facer pero non minta, porque vostede dixo (*Aplausos.*) que non había ningún banco que facía ningún tipo... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, vostede dicía que non había ningunha entidade bancaria que utilizara o galego. En concreto, o Plan de normalización lingüística aprobado tamén por unanimidade por este Parlamento... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. (*Murmurios.*) Silencio. Está parado o tempo.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Grazas, presidente.

Dicía, señorías, que o Plan de normalización lingüística, aprobado por unanimidade por este Parlamento, e o Plan de dinamización da lingua galega do tecido económico recollen medidas para potenciar o uso do galego no ámbito das entidades bancarias, que a Secretaría Xeral de Política Lingüística está a desenvolver. No dito plan estrutúranse tres obxectivos estratéxicos, que vou nomear.

O primeiro, crear conciencia de que o uso do galego favorece os resultados económicos e empresariais e as relacións laborais, comerciais e bancarias. Vou dar datos, porque aquí ninguén falou de datos. Segundo os datos do IGE, o Instituto Galego de Estatística, o 65,5 % dos usuarios e usuarias da banca manifestan utilizar sempre ou case sempre a lingua galega co persoal pertencente á banca.

Segundo obxectivo, estender o uso da lingua no ámbito económico, nas relacións comerciais e empresariais, tanto na oferta como na súa demanda. Datos do IGE, señorías: máis da metade dos galegos falan galego ou máis galego que castelán.



E, como terceiro obxectivo, utilizar o idioma para impulsar unha imaxe de marca diferencial propia de Galicia.

Estas medidas funcionan, señorías, pese a que vostedes non lles gustan.

Señora Cuña, señora Rodil e señora Burgo, a lingua galega é unha riqueza e non queiran vostedes destruíla, que é o que pretenden facer.

Vostede, señora Cuña, na súa parte resolutiva da súa proposición, reclama adoptar medidas lexislativas. Pero vostede non sei se sabe —recórdollo— que hai un plan aprobado dende o ano 2016 —e vou dicirlle realmente cando foi aprobado: o 4 de agosto do ano 2016— polo Consello do Goberno da Xunta de Galicia.

A verdade é que me teñen moito que explicar as emendas dos grupos da oposición porque, por unha banda, din medidas lexislativas pero, por outra banda, din que as medidas lexislativas non, que mellor normativas. A ver se se aclaran un pouquiño, porque desde logo desde aquí non o temos moi claro.

Dentro dos obxectivos que ten a banca, vou comentarlles o achegamento e establecemento de acordos coas principais entidades bancarias para normalizar o uso do galego, establecer colaboración coas fundacións —que aquí tamén foi nomeado— das entidades bancarias e —¡como non!— establecer acordos de colaboración.

O único obxectivo, señorías, é promover a lingua galega. Galicia é rica, é rica tanto a nivel cultural como a nivel gastronómico, económico, pero tamén a nivel lingüístico. (*Murmurios.*) Contamos con dúas linguas oficiais: o galego e o castelán. Cómpre ter presentes os dereitos dos consumidores e usuarios coa existencia de dúas linguas oficiais. Ao noso parecer débese seguir apoiando, como está a facer o Goberno galego, o uso do galego a través dun enfoque de estímulo e fomento por respectar os dereitos... (*Murmurios.*)

Señora Pontón, ¿ten algún problema? Porque sempre me está interrompendo cada vez que falo. Non sei se ten algún problema. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ao mellor é que non quere a liberdade do galego que estou a pronunciar, ao mellor é ese o problema que ten. (*Aplausos.*) ¡É que xa está ben! (*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*) ¿Que non me interrompeu? Dende o momento en que empecei a falar.

Con isto, o único que pretenden facer é dividir o país, pretenden impoñerse en contra da convivencia, da cordialidade e da liberdade dos galegos e das galegas. Para impoñer, non conten con este grupo. Conten —iso si— con este grupo parlamentario para estar sempre ao lado da liberdade dos galegos e das galegas para o uso das dúas linguas oficiais, do galego e do castelán.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Domínguez.



Grupo autor da proposición non de lei, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Ben, primeiro, agradecer á señora Olalla Rodil compartir a defensa dos nosos dereitos lingüísticos.

Elevar a rango de lei o dereito a vivir plenamente en galego non é esnaquizar. Creo que hai un pequeno problema semántico de interpretación dos verbos. A señora Burgo López di tamén que esta proposición vai máis aló das entidades bancarias; estou de acordo.

Señora Sandra Vázquez, creo que non estivo moi atenta. Déronse datos e ademais creo que temos un plan de normalización que non se cumpre; temos a Lei Paz Andrade, que non se cumpre. O que si se cumpre é o Decreto de plurilingüismo.

Seguramente vostede ten no teléfono unha destas catro entidades bancarias, que son as únicas das catorce que están en convenio coa Xunta, das catorce. Datos, feitos e non palabras, e moito menos insultos, porque vostede non nos pode acusar a ningunha das deputadas que estamos aquí, e é moi grave, señora Sandra Vázquez, dicir que queremos esnaquizar a lingua. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non. Dixo «destruír»; «esnaquizar» é sinónimo de «destruír». ¡Por favor! Midan un pouquiño a dimensión e as consecuencias das súas palabras.

O que se pide é o dereito, e este ano, xustamente, compartimos liberdade, igualdade e xustiza. ¿Vostede sabe cantas sentenzas se fan na Xustiza? O 5 % en galego. Este é un dato contundente. Como datos contundentes son tamén os da banca. Ía ao seu teléfono. Seguramente terá o teléfono de Abanca, o de Caixabank ou da Caixa Rural Galega ou Targobank —que eu non coñecía—. (*Murmurios.*) Ben, son os catro de catorce —non me distraia, por favor, señora Paula—. Catro de catorce é un dato obxectivo e non en todas se poden facer trámites en galego. Isto é intolerable, isto é incumprimento das leis. Porque temos referenciadas as leis a que se deben acoller. As leis son nidias. Garantir, non hai garantías, non as hai. Pero non só o di a Mesa, non só o di o Observatorio, dío tamén o representante da ONU, díxoo tamén a Academia Galega en parte. Lemos o todo, pero é unha parte importante da que se está a denunciar o incumprimento. Isto, comparativamente con outras comunidades, non é de recibo.

Paso agora, porque, señora Sandra, somos tres grupos diferentes, compartimos sensibilidade e por suposto temos conciencia, rotunda conciencia. Vostedes fan moitas falacias. O que propomos é unha transacción recollendo as tres sensibilidades, que pídolle que escoite por se aínda lle interesa aprobar esta proposta. O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a promulgar e impulsar medidas legais —porque di que hai, pero non son suficientes— para garantir a realidade real e material da nosa lingua e blindar os dereitos lingüísticos das galegas e galegos nas relacións comerciais.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de la Concepción Burgo López e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre a elaboración e presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun informe referido ás denuncias ou queixas presentadas nos últimos seis anos por dificultar o uso das linguas oficiais de Galicia, o tipo de resposta ofrecida e as medidas adoptadas ao respecto

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Pois imos seguir falando de dereitos, de dereitos lingüísticos, porque o dereito a utilizar calquera das dúas linguas oficiais deste país está garantido pola Constitución; polo Estatuto; pola Lei de normalización lingüística; pola Lei 7/2007, do estatuto básico do empregado público; pola Lei 5/1997, da Administración local de Galicia; pola Lei 1/2010, de modificación de diversas leis para a súa adaptación ás directivas do Parlamento europeo; pola Lei 2/2012, de protección das persoas consumidoras; pola Lei 1/2015, de garantía da calidade dos servizos; e seguramente algunha máis que non teño aquí.

Ademais, está garantida a libre elección de calquera dos dous idiomas por documentos internacionais, como a Carta europea das linguas rexionais e minorizadas e a Declaración universal de dereitos lingüísticos. Das dúas, porque ninguén nega aquí que sexan as dúas. ¿Por que vostedes se poñen tan nerviosos cada vez que se piden os dereitos para o galego e interpretan que o facemos fronte ao castelán? É inentendible. Non sei, é un problema de vostedes, non é un problema das linguas.

Pero quero dicirlles tamén outra cousa, que o Partido Popular creo que o non comprende, non o comprende o seu líder Pablo Casado, ben, igual agora si, porque creo que está estudando xa galego neste xiro de cento oitenta graos e creo que o fala incluso na intimidade, dentro de nada o fala xa co señor Feijóo, non me cabe ningunha dúbida. Pero vostedes non entenden que a libre elección de idioma é unha garantía de democracia, de liberdade e de progreso social e que representa un Estado democrático baseado nos valores dos dereitos humanos, da diversidade e do pluralismo. Isto é o que representa a non discriminación por lingua e os dereitos lingüísticos.

Pero, a pesar de que existe toda esta lexislación, non sempre son garantidos ou non sempre son respectados, e non sempre son respectados ademais por quen ten a obriga de facelo, que son as administracións públicas.

Todos os documentos internacionais que temos din que o galego está discriminado neste país, por exemplo no informe sobre a Carta dos dereitos lingüísticos. Pero, sen coñecer a conflictividade, os problemas, —mellor— a convivencia dos dous idiomas, pode facerse perfectamente aceptando esta proposición non de lei, porque, coñecendo as queixas, as reclamacións, as consultas e as suxestións feitas pola cidadanía, fronte ao galego e ao castelán, veremos se as dúas linguas están tamén en igualdade de condicións. Todos sabemos que



non é así. Pero, se queren vostedes unha comprobación con datos, acepten tamén esta proposición non de lei.

A nós parécenos moi relevante coñecer os datos das queixas, das reclamacións, das consultas e das suxestións dos cidadáns, porque así, como dicía, coñeceremos a convivencia entre as dúas linguas pero tamén coñeceremos as áreas máis conflitivas, os erros que son máis frecuentes nas administracións e empresas privadas e, polo tanto, as accións políticas que hai que levar para garantir a igualdade de libre elección e garantir a igualdade das dúas linguas.

Pero o problema é que non coñecemos estes datos. Os datos das queixas e das reclamacións da cidadanía nunca, nunca, son ofertados pola Secretaría de Política Lingüística, en ningunha das súas comparecencias.

Polo tanto, o único que coñecemos son os datos ofertados pola Mesa pola Normalización, o que xa di moito, que só teñamos os datos ofertados por unha asociación civil, que, como vostedes saben e coñecen, mantén «A liña do galego», onde os cidadáns, con nomes e apelidos e documento nacional de identidade, poden presentar as súas queixas.

Anualmente preséntanse como media arredor de trescentas queixas, ademais dun número menor de consultas e suxestións, sobre temas como a toponimia deturpada, a discriminación e exclusión do galego, a non atención ou a negación tanto oral como escrita en galego.

Se observamos as entidades implicadas, veremos que algo máis do 50 % das queixas e das reclamacións se refiren a administracións públicas, tanto estatal como local e autonómica. E se vemos estas, soamente illadas, veremos como o 45 % delas se refiren á Administración autonómica. Isto xa nos está dando un dato, e un dato preocupante, porque son precisamente as administracións, as que teñen que velar polos dereitos lingüísticos, as que están incumprindo estes dereitos.

E vostedes poden preguntar: ¿e cantas reclamacións hai por discriminación polo uso do castelán? É dicir, ¿hai algunha? Xa lles digo eu que non, porque o que se reclama e porque o que se vulnera son os dereitos do galego, porque non hai ningún problema neste país, en contra do que dixeron en moitas ocasións vostedes e en contra do que aínda están a dicir, uníndose a Cidadáns e a Vox; aquí o castelán non está en absoluto discriminado. Pero se o estivera e se algún cidadán se encontra nesa situación —é certo—, debe reclamar e ten dereito a que a legalidade sexa restituída.

Ben, refírense polo tanto nunha gran parte á Administración. ¿Nas empresas e entidades privadas, fundamentalmente grandes e medianas empresas, a que se refiren? Fundamentalmente, servizos de telefonía, internet; Naturgy é unha das grandes que están.

Por certo, falar con elas, unha cousa que non fai o Goberno galego, sempre, sempre pode dar resultados, como está a facer —e noméoo porque creo que é de xustiza dicilo— unha grande empresa como Ikea, que acaba de dicir que retira o catalán e o euskera ata que non poida poñer na súa páxina web o galego. ¿Por que tivo que facer isto a Mesa pola Normali-



zación e os cidadáns? Porque non o fixo o Goberno galego, claro está. Porque o Goberno galego parece que está para outras cousas.

Non temos datos oficiais, soamente unha resposta de Política Lingüística, que nos di que entre os anos 2014 e 2017 foron recibidas 122 queixas, o que nos dá unha media de trinta. Xa di moito. A verdade é que estraña este escasísimo número recibido na Administración. ¿Por que? Porque son nulas as facilidades da Administración para facer esas reclamacións. Non se nomea nin un só correo electrónico nin un só teléfono, nin ningunha instrución para facer esas queixas. En cambio, facilitar a presentación de queixas, suxestións e consultas sobre o uso das linguas oficiais impulsaría realmente os dereitos lingüísticos e o proceso de normalización. Non é unha censura, non é unha persecución. Son datos para coñecer qué está a pasar e para poñer remedio aos problemas que haxa.

Así o está vendo o Goberno vasco, que xa en 2008 puxo en marcha un servizo coñecido como Elebide, que ten como obxectivo garantir os dereitos lingüísticos da cidadanía e sensibilizar e informar a cidadanía sobre estes dereitos —por certo, a Xunta de Galicia nunca fixo un plan de sensibilización sobre os dereitos lingüísticos dunha e doutra lingua— e xestionar e tramitar as reclamacións e as queixas que se formulan neste ámbito.

E mire por onde, tamén o Goberno vasco fai anualmente, dende o ano 2008, unha memoria ao ano, que presenta no Parlamento, reflectindo todas as queixas, as consultas, os problemas, e dicindo tamén algo que é fundamental, que é o que pedimos nós tamén nesta proposición non de lei: que se nos diga tamén, que se presenten no Parlamento todas as medidas adoptadas para reparar a vulneración do dereito dos cidadáns á libre elección á lingua.

E, como vostedes poden ler perfectamente na nosa disposición, nós falamos de que se presenten todas as denuncias e as queixas presentadas nos últimos seis anos ante os servizos competentes da Xunta de Galicia por dificultar o uso dalgunha das linguas oficiais de Galicia. Fago fincapé nisto, dado que parece que aquí o único argumento que vostedes teñen é que temos que referirnos ás dúas linguas. Eu non soamente o fago oralmente, fíxeno por escrito. Agora a ver que teñen que dicir vostedes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día de novo.

Eu, señora Vázquez, non sei se vén vostede aquí facerse trampas ao solitario, enganarse a vostede mesma, intentar enganarnos a todos. Veu a señora Vázquez antes, porque máis ou menos damos continuidade ao mesmo debate sobre os dereitos lingüísticos e o grao de incumprimento a respecto dos dereitos lingüísticos en todos os ámbitos da nosa vida, e vén a



señora Vázquez aquí darnos porcentaxes de uso oral. ¡Só faltaba que nos prohibiran falar galego cando entramos pola porta do banco! (*Aplausos.*) (*Murmurios.*), ¡só faltaba que nos prohibisen falar galego ao entrar pola porta do banco!

Pero é que o debate de antes, por se alguén andaba non sei se buscando o centro navegando, ¿non?, ía sobre o dereito de acceso á documentación na lingua propia do noso país. Imos facer algo: que alguén me diga un sitio neste país onde non haxa unha hipoteca en castelán, algún sitio neste país onde non haxa un contrato para abrir unha conta de aforro nunha entidade bancaria en castelán, algún sitio onde non che manden á casa a factura do teléfono en castelán, unha notaría onde non poidas ir asinar as escrituras da casa en castelán, unha sala de cine onde non poidas ir ver unha película en castelán, un periódico diario neste país onde non haxa unha noticia en castelán.

É unha tomadura de pelo, de verdade, nun Parlamento, (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) intentar negar a realidade, de quen ten, ademais, a responsabilidade, como partido que sostén o Goberno, de velar polo cumprimento e o respecto escrupuloso dos dereitos lingüísticos das galegas e dos galegos. (*Murmurios.*) E insisto en que non son os dereitos dunha parte das galegas e dos galegos. Garantir os dereitos ao conxunto da sociedade fai sociedades máis xustas e máis democráticas, sexan persoas galegofalantes ou non.

E diso é do que vai tamén a iniciativa que presenta o Grupo Parlamentario Socialista, sobre a recollida das denuncias ou das queixas presentadas polas galegas e polos galegos que vexan ou viran vulnerados os seus dereitos lingüísticos nas súas relacións coa administración pública.

Facía ademais referencia a señora Burgo a que, efectivamente, a través de «A liña do galego», que é un servizo posto á disposición do conxunto deste país pola Mesa pola Normalización Lingüística, no último, no máis recente publicado, case a metade, o 46 %, das queixas que se presentan diante de «A liña do galego» refírense á administración pública, destacando ademais aquelas dirixidas aos concellos, nun 36 %; ao Servizo Galego de Saúde, un 12 %; ou á propia Xunta de Galiza, nas súas distintas áreas ou departamentos, un 33 %.

Lembrarán todas as súas señorías, especialmente aquelas persoas que sexan de Lugo, como se vulneraron os dereitos lingüísticos na propia sede da Xunta de Galiza, no edificio multiusos da Xunta en Lugo, non hai tanto tempo, xa nesta lexislatura.

Nós estamos de acordo con que se elabore un informe, se presente en sede parlamentaria en relación coas denuncias ou queixas que foran presentadas nos últimos seis anos. Ademais, a Xunta de Galiza ten constancia —porque así llo transmite a propia Mesa pola Normalización Lingüística— de todas e cada unhas das queixas e denuncias que se presentan en «A liña do galego», e que, polo tanto, tamén se poñan en coñecemento desta Cámara as medidas que adopte o Goberno deste país para restituír e garantir os dereitos lingüísticos do conxunto das persoas que viven e que traballan neste país.

Temos, ademais, unha ferramenta que podería servir precisamente para recompilar eses datos, que é o Observatorio da Lingua Galega, que é unha ferramenta que perfectamente podería servir para facer esa recompilación, para que non teña que facelo o señor Valentín García



directamente se non quere, un organismo que foi creado cun obxectivo tamén de poder medir, de poder testar, de poder analizar o avance do proceso de normalización, da garantía e do respecto dos dereitos lingüísticos das galegas e dos galegos, e que teñen vostedes pois —non sei— inerte, durmindo o sono dos xustos, convertido nun xeitosísimo e bastante caro repositorio de noticias por outra parte e incumprindo as funcións para as que foi creado, que é esa recompilación de datos e esa análise en profundidade, sobre todo de tendencias nunha franxa de tempo para poder analizar como van avanzando ou retrocedendo as cousas.

Nós xa temos proposto, entre outras cuestións, na Comisión 4ª, que ese observatorio cumpra coas funcións para as que foi creado, e o Partido Popular, coma sempre, coma sempre —e volverá acontecer hoxe, moito me temo, señora Burgo e señora Cuña—, volverá votar en contra. Porque vostedes non teñen intención ningunha nin de cumprir o que di o Estatuto nin a Lei de normalización lingüística, nin o Plan xeral, do que agora se acordan...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor. Grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ..., nin ningunha das medidas que están postas no ordenamento xurídico deste país para facer avanzar a presenza do galego.

O que non se pode é vir aquí negar unha realidade que a Academia, o Consello da Cultura, a Mesa pola Normalización Lingüística...

O señor PRESIDENTE: Grazas, rematou o seu tempo.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...veñen advertindo: hai un proceso de substitución dunha lingua por outra. Poden vostedes de verdade poñerse de perfil as veces que queira, porque iso non vai facer que a realidade mude. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Ben, imos realmente continuar, porque son complementarias as dúas iniciativas.

Dende logo, é moi acaída a proposta. ¿Por que non temos eses datos?, ¿por que non os temos? ¿Por que non fan públicas as cifras reais do uso?, ¿por que? É que isto constata unha vez máis que hai falta de planificación. Se eu non planifico ben, non podoo avaliar. E isto é unha obviedade.

Despois, eu queredría tamén lembrar —porque creo que é de recibo— cando chegou o PP en 2009 a este Goberno e citar as palabras literais, como reflexión, ditas hai case unha década. A campaña electoral baseouse enteiraamente en sementar mentiras contra o galego. Daquela o actual presidente da Xunta ¿saben o que dixo? Que en Galicia temos enriba da mesa un conflito lingüístico sen precedentes, creado, claro, ¿por quen? Polo Goberno bipartito. Reivindicaba, por esa razón, desideoloxizar o idioma. Dúas actuacións que en realidade ago-



chaban a vontade de marxinar, aínda máis, a presenza do galego na vida pública. Isto é innegable. E acúsanos hoxe a nós. ¡Que vergonza, que vergonza!

Durante os dez últimos anos ata pareceu que renunciaran a batallar de maneira tan explícita contra o noso idioma. Pero foi unha pausa, unha pausa que recentemente está desmontada. ¿Por que? Porque, de feito, agora que o Partido Popular tenta disputarlle o espazo da ultradereita a Vox e a Ciudadanos —pobriño o presidente, que está entre dúas forzas, as forzas da dereita, ultradereita e extrema dereita, como queiran chamalas, e as forzas da oposición e da esquerda, con cornos e rabo— pois veñen aquí con esta santa desfachatez dicirnos que somos nós quen queremos deturpar e quen queremos esnaquizar. E non é de recibo.

O que fixo o señor Pablo Casado, recentemente, sabémolo, xa se falou aquí. ¿E que dixo o señor presidente Feijóo? Que o coñecemento non era con nós; pasou de puntas. Ben, agora está virando, porque quere ir ao centro. Hai unha obviedade: a pluralidade lingüística... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Que pasou? A pluralidade lingüística é unha riqueza. Aí estamos de acordo todas.

Mire, hai algo no que estamos de acordo, pero para protexer, manter e pór en valor. A situación da nosa lingua é grave. Malia que digan misa, estamos moi lonxe, moi lonxe, de que a competencia dos alumnos en galego sexa similar á competencia en castelán. ¡Claro que se entende! ¡Só faltaría!

A implantación dos centros plurilingües, por exemplo, derivou na exclusión e marxinación da nosa lingua, como lingua vehicular, sen que tampouco avanzase nos coñecementos das linguas estranxeiras nin se apostase por un plurilingüísimo inclusivo.

O que recolle o noso marco lingüístico é obvio. O PP, o seu partido, é responsable do devalo do uso da nosa lingua. Desenvolve —si— o decretazo, o plan de potenciación de linguas estranxeiras, cun impacto moi negativo, pero, como non temos avaliación, queda no aire. Está moi ben. É certo que as mentiras dormen e temos que espertar do adormecemento e tomar conciencia, porque ese decretazo ou ese Decreto 79/2010 nin é claro nin é significativo, nin é compartido —ninguén compartiu este decreto— nin é identitario.

En fin, con respecto —e reitero— á redución constante do orzamento en materia lingüística, é de máis do 73 % e sitúa en mínimos históricos a nosa lingua. ¿E en que deriva? No retroceso legal que impide ese dereito básico a vivir a vida plenamente en galego.

Para rematar, dicir que naturalmente imos apoiar a proposta do Partido Socialista de Galiza.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Grupo Parlamentario Popular, señora Novo.

A señora NOVO FARIÑA: Grazas, presidente.



Bos días, señorías.

Permítanme que comece a miña intervención lendo o artigo 1 do Regulamento do Parlamento: «O galego e o castelán serán as linguas oficiais do Parlamento de Galicia. Os deputados poderán facer uso indistintamente de ambos os idiomas. As publicacións oficiais do Parlamento de Galicia serán bilingües.» *(Aplausos.)*

Dito isto, señora Burgo, porque na exposición de motivos fai referencia tanto ao artigo 5 do Estatuto de Galicia como á Lei de normalización lingüística, e quero manifestar —como non podería ser doutra forma— o noso absoluto respecto polo marco legal vixente, porque —é máis— foi este goberno do Partido Popular o que aprobou a Lei de normalización, o Plan xeral de normalización da lingua galega.

Neste sentido, en Galicia cumprimos a lei, en Galicia cinguímonos ao marco normativo que nos demos entre todos e en Galicia seguimos acatando a Constitución e seguimos acatando tanto o Estatuto como a Lei de normalización lingüística. Polo tanto, non podemos estar de acordo con vostedes cando afirman que en Galicia non se cumpren as leis en relación coa lingua galega.

Ao longo desta mañá, vemos unha vez máis que a oposición non se desmarca do seu discurso tan catastrofista no ámbito da lingua; sempre o mesmo discurso, sempre. E a realidade é outra, señoría. A lingua en Galicia non é problema —e vostedes sábeno—. Nós concordamos coa cooficialidade, como marca a Constitución e defende o Partido Popular. Fronte ao monolingüismo, bilingüismo, como dixo hoxe á mañá o presidente.

Galicia, señorías, é un modelo de bilingüismo cordial... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* e é un modelo de bilingüismo —si— harmónico tamén. Temos dous idiomas oficiais, que conviven en equilibrio, que conviven con respecto e sen imposicións. Un modelo de convivencia para os galegos e galegas, que, como xa se dixo aquí, nos enriquece culturalmente, que é unha gran riqueza, como tamén para aquelas outras comunidades con linguas cooficiais, nas que se fai un uso non de convivencia, senón de imposición, de confrontación política.

Miren vostedes, nós tamén defendemos o galego e tamén falamos o galego, e o galego, señoría, non é propiedade de ninguén, a pesar dalgúns que pensan que si. Son os galegos e galegas os que deciden como expresarse libremente. *(Aplausos.)* Polo tanto, a lingua galega o que necesita é cordialidade, necesita convivencia, necesita respecto, igualdade e tolerancia.

Se temos en conta, señorías, o que recollen os datos oficiais, aos que fixo referencia hoxe á mañá o presidente, tanto o uso como o coñecemento da lingua galega é moi superior a calquera outra comunidade do Estado español con lingua cooficial, e isto é un orgullo para todos.

No Partido Popular vivimos en Galicia, onde usar as dúas linguas non supón ningunha dificultade nin conflito, porque realmente vivimos na Galicia real, cando outros viven en mundos irrealis onde un ou outro dos idiomas están desaparecidos, perseguidos ou discriminados. E nós non queremos iso para a nosa terra. Esa Galicia non existirá mentres que governe o Partido Popular. *(Aplausos.)*



En canto ás queixas das que vostede fala na iniciativa en relación co uso do galego, vostede sabe que son tramitadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, que é o órgano da Comunidade Autónoma de Galicia encargado en todo aquilo relacionado coa política lingüística, sendo o decreto do 2013 o que recolle as funcións ás que vostede fai referencia na súa proposición. Polo tanto, é a propia Secretaría de Política Lingüística a que segue o procedemento daquelas queixas presentadas, abrindo o expediente co fin de orientar e resolver as reclamacións.

Para rematar, eu volvo reiterar, como xa fixen en diversas intervencións, que debemos utilizar o debate lingüístico non como arma política oportunista nin tampouco como elemento de confrontación, porque o que os galegos nos piden é consenso e avances neste eido.

E por todo isto imos apoiar esta iniciativa, señora Burgo, (*Murmurios.*) que pide elaborar e presentar en sede parlamentaria un informe detallado das denuncias presentadas nos últimos seis anos. E imos apoiala porque cremos nas medidas postas en marcha nos últimos anos, porque cremos na transparencia e porque cremos que os resultados avalarán as políticas feitas en Galicia en prol do fomento da lingua galega.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Novo.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: En primeiro lugar, quero dar as grazas polo apoio —parece ser— de toda a Cámara, a pesar de que a señora Novo, no uso así pois dun non saber, nos mantivo nas expectativas... (*Murmurios.*) Moi ben, porque é moito máis agradable.

Pero mire, quero falar coa señora Novo, se me permiten. Primeiro, quero dicir... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Novo, non? Ben, pois Novo. Quero felicitala por respectar as leis. A min paréceme que, dado que fan e din unha vez e outra que a respectan, merecen unha felicitación.

Quero recordarlle tamén que a Lei de normalización lingüística e o Plan xeral o aprobou toda a Cámara, por unanimidade, señora Novo, non o PP. (*Aplausos.*) Non, non é unha lei do PP, non é unha lei do Goberno de Fraga, é unha lei aprobada por esta Cámara, que é onde se aproban as leis. E iso significa unha lei consensuada e iso significa que todos, todos, tivemos que renunciar a cousas para chegar a un acordo. E iso significa que iso é o espírito que debería de levar a cabo tamén este Parlamento co señor Feijóo, no que non se nota en absoluto esa busca de consenso.

Porque vostede, señora Novo, di que é inaceptable que se utilice a lingua como unha arma política oportunista. Mire, señora Novo, xusto, xustiño, xusto é o que fixeron vostedes, o PP, en 2009, cando utilizaron a lingua (*Aplausos.*) para gañar unha partida de votos. Vostedes fixeron iso. E si que é intolerable, é intolerable que vostedes utilizaran o idioma como unha ferramenta electoral.

E a min preocúpanme —e a verdade: alégrome moito de que a aproben— as súas contestacións. Porque, de verdade, agora que xa estaban volvendo ao centro, cada vez parécense máis



a Vox e a Ciudadanos. É que é preocupante. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) É absolutamente preocupante o que din vostedes.

Alégrome de que o aproben, porque é unha medida que vai demostrar como o problema das linguas en Galicia non é o castelán, por moito que vostedes dixeran en 2009, por moito que vostedes estean a dicir agora, por moito que vostedes digan que poden ser os dereitos dos castelanfalantes os que están en entredito neste país. Porque as reclamacións e as queixas refírense fundamentalmente ao galego, pero, se hai queixas referidas ao castelán, tamén hai que corrixir esas actitudes, por suposto que si.

Eu creo, señores e señoras do Partido Popular, que deberían de volver, si, volver un pouco máis, ben, volver non, encontrar o centro nalgunha ocasión, e encontrar políticas de (*Murmurios.*) fomento da nosa identidade e de orgullo da nosa identidade e de fomento do noso idioma. Porque, ¿saben que pasa? Que iso é democracia. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posible afectación da actividade das industrias xestoras de residuos e do uso de fertilizantes agrícolas derivados das lamas da depuración na saúde da poboación e no normal estado dos solos e dos acuíferos do concello das Somozas

O señor PRESIDENTE: Non hai emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día a todos e a todas.

Señorías, unha vez máis o BNG trae a este Parlamento a inquietude, a alarma e a protesta dos veciños das Somozas por unha situación insostible e de impotencia. Non é a primeira vez que o facemos, e iso é o triste.

As Somozas é un concello do norte do país que dende hai tempo acumula en si unha boa parte dos refugallos de toda Galicia. Sologas, Sogarisa e Xiloga son tres das empresas de xestión de residuos instaladas neste concello e a plena actividade. Trátase dun concello curioso: a súa actividade industrial e os seus recursos pivotan sobre os refugallos. Todo canto non se quixo pola súa perigosidade foi parar alí —palabras dos veciños—. E voulles dar outro dato: a súa corporación, composta de nove concelleiros, é monocolor, azul cielo; as gaviotas están en Sogarisa. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

A economía circular e a bioeconomía son conceptos cada vez máis actuais pola necesidade social e tamén cada vez máis manidos e deturpados pola figuración política. A medida que se utilizan de xeito espurio, faise necesario inventar outras palabras para recuperar a ilusión



de fantasía pura. O lixo é lixo e a contaminación vese e chéirase; logo séntese en forma de enfermidades raras que un día aparecen e ninguén sabe por que. Por todo iso, a xestión de residuos, a súa efectividade e a súa reciclaxe é un tema que preocupa a poboación en xeral e, en particular, os afectados dalgún xeito, e, con toda seguridade, será o problema central a resolver nun futuro moi próximo.

De momento, a xestión nas súas diferentes modalidades non pasa de ser un gran negocio enganoso que conta coa complicidade dos departamentos do Goberno galego, que fan a vista gorda, e os refugallos vanse espaxando para minorar así o seu impacto.

No concello das Somozas e arredores, dependendo de onde veña o vento, o cheiro é insupportable. É posiblemente un cheiro infecto procedente da manipulación de lamas de depuración seica para fabricar un fertilizante para usos agrícolas. Tamén se fabrican tecnosolos. Tecnosolo —¡que gran invento!—. O tecnosolo feito seguindo os canons que marca a lei debora ser unha mestura de refugallos industriais, restos da construción e demolición, lamas de depuración e outros variados que, debidamente mesturados, dan un xeito de terra infecta que só se pode usar, só se pode usar, para rexenerar espazos degradados, chans industriais, canteiras, minas, escombres e solos gravemente erosionados. A súa aplicación está prohibida sobre prados, humidais, cabeceiras e marxes de ríos, captacións de augas... Isto por lei, xa non digamos por sentido común.

Pois nada, que se veñen utilizando alegremente en terras fértiles, prados, vales de elevada pendente, cabeceiras de regatos e ríos, afluentes do Xubia e do Mera e en mananciais. Nada. Trátase de verteduras en toda regra disfrazados de emendas orgánicas con grave contaminación ambiental e risco para a saúde. Aí está outra vez o Mini do BNG en plan alarmista. Téñeno fácil: dean unha volta polas Somozas e beban auga dos seus mananciais, se teñen narices; aspiren os aires pezoñentos ou báñense nas augas do Mera, onda aquela marabillosa área recreativa que custou moita pela e que está recuberta polas silvas.

Eses tecnosolos utilizáronse por todo o arredor: Narón, Moeche, As Pontes, Monfero, case chegaron á Capela. En 2013 unha denuncia de Adegas seica parou isto. Non. Volve outra vez. Outra desas empresas produce un celebrado fertilizante chamado *digestato*. Hai seis ou sete meses levaron a unha granxa de San Simón da Costa o *digestato* —por certo, dos queixos de San Simón—. Botárono na fosa de xurro nunha granxa e morreron dous becerros e tres persoas da casa foron a un centro médico para seren atendidas. Non invento nada, é certo.

Eu vin ese produto e tiña plástico moído polo medio, curiosamente de cor amarela. Estaba en plena fermentación nun campo enorme á espera de ser utilizado en Sobrado dos Monxes. En fermentación, en fermentación, en contra da lei.

Bótano no parque eólico, no monte, nas ladeiras do río Mera, máis ou menos cinco quilómetros, arriba non porque é de onde colle a auga o concello, pero nas ladeiras do río Xubia si, a cachón. Non hai caso. Bótase chovendo e nas aldeas de Pastoriza, Montecalvo, Guntille, Gradaílle, Cargas, están moi afectados porque botan moito fertilizante deste. Isto son palabras. Falado o conto co alcalde, este dixo que a culpa é de quen os pide —isto son palabras dun veciño—.



E aquí estamos. Unha vez máis, traemos a voz dos veciños, cansos de tropezar contra do muro dos nove concelleiros do PP, que, por boca do seu alcalde, chegan a dicir —repito— que a culpa é de quen pide que llos boten. ¿Hai ou non hai lexislación que cumprir, señor alcalde?

Periodicamente prodúcense incendios no vaso do vertedoiro doutra empresa; algúns, como o de hai menos dun mes, cunha columna de fume que se vía desde moi lonxe e que era insoportable. Este feito, que nos atrevemos a dicir que non é fortuíto, porque é periódico, axuda a diminuír o volume e darlle máis capacidade ao vaso do vertedoiro. Tamén contribúe a que os lixiviados sexan máis potentes.

Voulles contar unha viaxe. Despraceime en abril do 2018 ás Somozas. Ía ver unha canteira e alguén me propuxo que baixase a ver o río Mera como estaba. E baixei desde o polígono industrial. Nun recodo da estrada que baixa ao río Mera encontréime cunha enorme catarata, unha fervenza, dun líquido apestoso con espuma leitosa, e cunha cor verde escura, pestilente, que baixaba pola ladeira abaixo. Alí, entre as rochas, á vista, está a vexetación do monte. Debaixo, entre as rochas e a vexetación, vense restos incualificables, cun cheiro a podremia permanente. E en plena primavera non cantan os paxaros. En toda aquela fraga non canta ninguén, nin sequera os regatos.

Señorías, puxen unha denuncia ao 112 e contestóuseme ao día seguinte, porque eran as oito e media da noite, era entre lusco e fusco que a denuncia era cursada. Advertínlles que tiveran coidado porque me dixeran que a maior parte delas paraban no fondo dun caixón. E advertínlles que non se pillaran os dedos, advertíndoos da miña condición de deputado... (*Murmurios.*) si, si, para protexer, precisamente, a aqueles que teñen medo. Señores do Partido Popular, a aqueles que teñen medo. Señores do partido Popular, a aqueles que teñen medo, si, señores do Partido Popular, e que me negan a información. O 17 de xaneiro pedín polo artigo 9 os resultados desta denuncia e chegaronme antonte porque se discutía hoxe esta PNL aquí.

Señores do Partido Popular, as cousas sonlles así, sonlles así. Estame interpelando aquel señor que se chama don Dani Vega para ver se me interpela de verdade.

Señores deputados e deputadas, o acordo que lles propoñemos é nin máis nin menos que cumprir a lei. Cumprir a lei. ¿Por que? Porque se nas Somozas se seguen botando tecnosolos en calquera lugar, tanto no parque eólico como nas ladeiras que baixan ao río Xubia e ao río Mera, porque se nas Somozas segue habendo cheiros pestilentes constantes, que varían segundo vén o aire, algo se está cocendo alí. Porque se das Somozas saen camións e fiscalízase o primeiro que sae e o resto non, con fertilizantes que non sabemos que son, haberá que facer inspeccións. Porque se As Somozas é un concello monocolor, algo raro pasa, ¡algo raro pasa!, ¡algo raro pasa! E é unha dependencia... ¡algo raro pasa!

Polo tanto, a nosa petición, a nosa proposta —si, algo raro pasa, ¿verdade que si?—, señores deputados, é que se fagan as inspeccións e controis que estimen oportunos nas industrias xestoras de residuos e nas inmediacións das mesmas polos lixiviados, e nos lugares e parcelas onde se estivo e se están utilizando lamas como fertilizantes, para preservar a saúde da poboación e o normal estado dos solos e acuíferos no concello das Somozas. ¿Hai alguén que se opoña a isto? ¿Hai alguén que se opoña a isto nesta Cámara?, ¿mesmo no público?



¡Eu creo que non! E que se establezan protocolos de analíticas e controis nos produtos fertilizantes de uso agrícola derivados das lamas de depuración, para que se manteñan sempre por baixo dos parámetros exixidos pola legalidade vixencia e integridade dos solos agrícolas. ¿Hai alguén que se opoña? Dígano, dígano claramente.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Agora imos saudar os alumnos e alumnas da ESO e de bacharelato do Centro Xermán Ancochea Quevedo, da Pobra de Trives.

Benvidos ao Parlamento, e tamén os seus profesores e a xente que os acompaña.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Pérez Seco.

O señor PÉREZ SECO: Grazas, presidente.

Señorías, bo día.

Saudar tamén os alumnos da Pobra de Trives.

En relación coa iniciativa que nos presenta hoxe o Bloque Nacionalista Galego, dicir que o polígono industrial do Concello das Somozas se converteu no principal centro de tratamento de residuos industriais galegos, xa que as tres empresas que alí están instaladas reciclan boa parte dos residuos de toda Galicia.

A priori, reutilizar un residuo para convertelo nun recurso é positivo, o problema radica en que os tratamentos que se realizan poden non ser os adecuados e acabar contaminando a terra da que se alimentan as vacas das cales bebemos o seu leite e comemos a súa carne. Isto por non falar da insoportable situación que teñen que aguantar os veciños e veciñas con respecto ao cheiro que lles chega dende algunha das plantas.

A maiores, as técnicas mal utilizadas no tratamento dos residuos infectan terreos onde se plantan cereais para alimento do gando ou se cultivan verduras, froita etc., para uso doméstico, chegando incluso a filtrarse ata o río Mera, como antes ben dicía o señor Rivas. Ou tamén os mananciais que os veciños e veciñas do Concello das Somozas teñen nas súas casas para uso particular ou para animais, por exemplo.

Chama moito a atención que o Seprona ou os axentes medioambientais non tramiten ningunha denuncia contra os vertidos que alí se producen, como tamén dicía antes o señor Rivas. Non sei, igual ten algo que ver o goberno monocolor dos nove concelleiros do Concello das Somozas. *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

Si, si, claro. ¿E as denuncias quedan nun caixón? ¿ou non hai denuncias para... *(Interrupcións.)* Si, si, é unha realidade que teñen un concello que gobernan con nove concelleiros. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Xa, pero se o medo é o medo, como di o señor Rivas...



Volvendo á iniciativa, antes falaba de que os produtos fertilizantes de uso agrícola derivados das lamas de depuración son uns residuos que, tratados e utilizados correctamente, non supoñen ningún risco, nin para a poboación nin para o medioambiente. Sen embargo, cando o tratamento non é o axeitado, as cousas son ben diferentes, como xa puxen de manifesto con numerosos exemplos, con efectos directos sobre a contorna e a poboación.

Os protocolos das analíticas e controis destes produtos fertilizantes deben ser máis rigorosos, xa que ás veces se utilizan de xeito indebido, pois moitas veces este residuos son regalados ante a incapacidade das empresas para seguir almacenándoos, e outras veces as empresas só lles cobran aos agricultores ou gandeiros polo seu transporte ata as fincas.

Nalgunha destas empresas de residuos tamén son moi chamativos os incendios que se producen, dúas, tres ou máis veces ao ano; incendios cos cales a empresa diminúe o volume de residuos e xa volve ter capacidade para almacenar máis material. Estes lumes, provocados ou non, son un perigo para os traballadores e traballadoras e xeran tamén un cheiro insupportable para os veciños e veciñas do Concello das Somozas, que aparece tapado na súa totalidade cunha nubrada negra.

Por todo isto, cremos necesario apoiar esta iniciativa, xa que o único que solicita —aínda que o PP non o vexa así— é cumprir as normas para un correcto funcionamento das plantas de residuos das Somozas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pérez Seco.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Señorías.

Antes de nada quixera saudar os nenos e nenas da miña terra, dos concellos de Trives, Manzaneda, Chandrexa de Queixa e Castro Caldelas. ¡Benvidos ao Parlamento!

Vou ler unha serie de notas de prensa de xornais galegos. «*Enésimo incendio en un vertedero de As Somozas*», 13 de abril de 2019. «*Incendio en el vertedero de As Somozas*». El Correo Gallego, 26 de abril 2019. «*Nuevo incendio en el vertedero de Xiloga en As Somozas*», 8 de xullo do ano 2018. «*Arden residuos acumulados en un vertedero de Xiloga en As Somozas*», 2 de xaneiro do ano 2019. «*Arde un vertedero de la planta de Xiloga en As Somozas*», 23 de xullo do ano 2012. «*El incendio en el vertedero de As Somozas estuvo ardiendo más de cinco horas*», 28 de abril do ano 2010.

Cada vez que se produce un incendio deste tipo, alí acode o Grumir, alí acode Protección civil, alí acoden os bombeiros, alí acode a Garda civil. Entendo que a Consellería de Medio Ambiente lles pasará estes gastos ás empresas culpables, así como fan cando a un gandeiro ou a un agricultor se lles escapa unha queima duns restos amoreados. E como dicía o señor



Rivas, é cando menos sospeitoso que se produzan tan a miúdo, a non ser que sexan provocados para diminuír o volume daquilo que teñen alí almacenado.

¿Que medidas ten tomado a Xunta de Galiza ata o de agora para que non se repitan estes episodios do lume día si, día tamén?

Hoxe o Partido Popular trouxo unha proposición non de lei a esta Cámara que defendeu aquí o señor Trenor, onde dicía: «O cambio climático é unha realidade que se pode comprobar observando o medio que nos rodea; unha realidade que está afectar o conxunto do planeta e que provocan efectos negativos en elementos esenciais como a auga». Teñen vostedes moito papo. E digo que teñen vostedes moito papo porque os lixiviados baixan ladeira abaixo e van parar ao río Mera. ¿Que contamina no río Mera? Contamina a auga.

A indebida utilización como fertilizantes dos tecnosolos en fincas e leiras está a contaminar o subsolo e os acuíferos, ese elemento esencial ao que se refería o señor Trenor na súa proposición non de lei. Pero este problema non é só das Somozas, isto está a pasar en Touro, isto está a pasar na Limia, isto está a pasar en todo o país, sen que o Partido Popular faga nada. E esta indebida utilización como fertilizantes dos tecnosolos, esta práctica cada vez máis frecuente na Galiza, tamén ten repercusións nos veciños e nas veciñas que viven alí. Por un lado, o cheiro, por outro lado, que non existen un control adecuado, co conseguinte risco que isto pode traer para a saúde das persoas.

As competencias nesta materia, dependen da Consellería de Medio Ambiente. No 2012 aprobou un decreto para regular a utilización de lodos de depuradora no sector agrario, con base na necesidade de adaptarse á normativa comunitaria e á normativa estatal de residuos e de chans contaminados. E falabamos aquí de adaptalos ás características peculiares da comunidade galega, por iso vemos que é máis necesario que nunca aprobar esta proposición.

Tamén é certo que a propia norma que aprobou o Goberno galego nese decreto presenta lagoas, porque non concreta as medidas de seguridade nos seus traslados, porque non concreta as restricións á hora de depositalos en fincas próximas as casas, non concreta as restricións á hora de depositalos ás beiras de ríos e de regatos e tampouco fala das sancións que poderían ter estas prácticas irregulares.

Hoxe, dende En Marea pensamos que é necesario aprobar esta proposición non de lei, do Bloque Nacionalista Galego, porque estamos pedindo que se fagan as inspeccións e os controis que estimen oportunos nestas industrias xestoras de residuos nas inmediacións das mesmas polo depósito dos lixiviados e nos lugares e parcelas onde se estivo e se están a utilizar lamas como fertilizantes, para preservar a saúde da poboación e o normal estado do chan e dos acuíferos. E é necesario aprobar hoxe esta proposición para que nenos ou nenas como Xoán, como Analía ou como Antía, ou nenos como Anxo o día de mañá poidan vivir nunha Galiza mellor.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.



Grupo Parlamentario Popular, señor Blanco Paradelo.

O señor BLANCO PARADELO: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Tamén quero aproveitar para saudar os que nos visitan, especialmente á xente da provincia de Ourense, do oriente ourensán.

Quero comezar dicindo que escoitándoos a vostedes ben puidera parecer que vivimos na lei da selva ou nalgún outro país deses que son referentes para vostedes, onde o respecto polo medio ambiente e a saúde deixa bastante que desexar, como se en Galicia non se tivera en conta a ampla normativa de lexislación europea ou a lexislación estatal nesta materia.

Por iso, aprobando esta PNL poderíamos mandar unha mensaxe equivocada, que aquí cada un fai o que quere, que non existe ningún tipo de control medioambiental ou sanitario, e iso, como vostedes saben, non é certo.

Por outra banda, tamén estamos ante a estratexia de sempre, desprestixiar as institucións, a Administración, os técnicos, os traballadores, os propios informes, e cunha novidade neste caso, que é botarlle a culpa á xente por votar o Partido Popular.

Señor Rivas, primeiro vostede empezou dicindo que era un clamor, que era unha gran demanda, e por outro lado vostede se estrañaba de que era unha corporación monocolor, que só votaban ao Partido Popular. ¡Home!, ao mellor ten que reflexionar se alí os outros grupos fan o seu traballo ou se a xente está tan a desgusto ou cabreada co alcalde como vostede quere trasladar aquí. Non sei, a min paréceme que esa é unha reflexión, porque, desde logo, ¡jestaño concepto da democracia o que practica vostede!

Tamén dicirlle ao Partido Socialista que na anterior corporación había un concelleiro do Partido Socialista que despois quixo entrar no Grupo do Goberno. Polo tanto, vostedes saberán a quen poñen á fronte das súas candidaturas e se están de acordo ou en desacordo co que fai o alcalde e a corporación, para quen nós pedimos todo o respecto.

Como vostede sabe, dispoñen de senllas autorizacións as empresas Sologas e Xiloga, e ademais están baixo a lei de prevención e control integrados de contaminación. Dispoñen igualmente de autorizacións ambientais integradas, un estrito control e seguimento por parte da Xunta, segundo o disposto na Instrución técnica de residuos do 8 de xaneiro de 2008, da entón Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do Goberno bipartito, referente á elaboración de solos tecnosolos, derivados de residuos, a cal establece rigorosos límites e controis aplicables á elaboración, composición e aplicación no terreo destes materiais. E dicía o señor Rivas, ¡que gran invento! Estamos falando dunha instrución do ano 2008.

Por certo, as autorizacións ambientais integradas, ¿só serven as que fai o Bipartito, como no caso de Ence, ou serven as que fan todos os técnicos? ¿Pero non se dan conta vostedes de que a maioría dos técnicos que agora mesmo están emitindo informes na Xunta de Galicia



tamén os emitía cando gobernaba o Bipartito, e os seguirán emitindo cando veñan gobernos sucesivos? ¿Por que critican vostedes os traballadores públicos e o seu traballo?

Por tanto, señor Rivas, eu non sei se descoñece vostede a existencia deste decreto e a aplicación desta instrución, aínda que eu creo que non o descoñece, pero está vostede na estratexia de sempre: é dicir, o Bipartito crea unha norma, que en teoría é boa, e despois chegan os gobernos do Partido Popular e non a aplican ben. Recórdame á Lei de minaría. Vostedes, coa Consellería de Industria, fan unha Lei de minaría, conceden cen permisos de investigación e corenta e tres licenzas de explotacións, e resulta que agora o Partido Popular aplica esa lei e hai que estar en contra de todos eses proxectos mineiros. A min paréceme unha auténtica falsidade política, señor Rivas.

No que respecta á elaboración de produtos fertilizantes e compost, cómpre mencionar o Real decreto 506/2013, sobre produtos fertilizantes, e o Real decreto 865/2010, sobre substratos de cultivo, expresamente mencionados polas autorizacións ambientais integrais de Xiloga e Sologas.

No que respecta aos lodos de depuradora, cabe lembrar que o Decreto do 2012, polo que se regula a autorización de lodos de depuradora no ámbito da comunidade autónoma, non admite a súa aplicación directa no terreo, senón que só a produtos de tratamento de lodos de depuradora, cuxa elaboración e aplicación se atopa tamén sometida a exhaustivas exixencias.

Polo tanto, señor Rivas, aquí nada de pedir —como di vostede— controis oportunos. Non, non, aquí o que se está facendo é cumprimento estrito da lei, que ninguén teña ningunha dúbida. E por suposto, señor Rivas, nós agradecemoslle as súas denuncias. Fágaas, e fágaas sen medo, porque vivimos en democracia. Fágaas sen medo, non queira vostede dicir que hai medo, non, non. Vostede faga sen medo todas as denuncias, que serán acollidas de bo grado.

E tamén dicirlle que hai que ter rigor e non dar a sensación de que non se fixera nada. Eu aquí a ningún lles escoitei dicir que tanto desde a Consellería de Medio Ambiente como desde Augas de Galicia xa se estaban facendo as inspeccións, e podemos dicir se estamos de acordo ou non estamos de acordo. E mire, teño tamén que dicirlle que, evidentemente, nin o máximo rigor que se poida plasmar na normativa e no condicionado das autorizacións en materia de xestión de residuos que desenvolve, nin sequera toda a exhaustividade que se despregue no control do seu cumprimento, poden garantir ao cen por cento que non se vaian producir malas praxes ou incumprimentos, e seguro que algún exemplo todos coñecemos.

Señor Rivas, a Xunta de Galicia e o seu Goberno non improvisa, planifica, e para iso tamén elaborou o primeiro Plan de inspección ambiental de Galicia 2013-2018, así como tamén o segundo plan para o período 2019-2024. Polo tanto, que ninguén teña ningunha dúbida de que aquel que incumpre ten que pagar.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BLANCO PARADELO: Por último, antes de terminar, dicirlle sobre a falta de información, señor Rivas, que vostede sabe que lle puxeron á disposición todo o expediente. Vostede sabe que lle dixeron que tiña que ver ese expediente nas dependencias da Xunta de



Galicia porque, primeiro, é un expediente de gran volume; segundo, existen moitos datos como contas bancarias, CIF etc., que hai que observar, sobre todo tendo en conta a Lei de protección de datos. Polo tanto, vostede e calquera veciño ten á súa disposición, para vela, a documentación.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Blanco.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Ten que ser moi triste, moi duro, defender o indefendible e non coñecer fisicamente de que estamos falando. Vostede está a responderme con decretos, máis decretos, máis papeis e máis legaxos a unha realidade fedorenta e perigosa. Ese é o seu papel, e é un papel, de verdade, triste.

Lei de minería, é a única maneira de que anden. Onte incoouse un expediente sancionador contra a empresa Explotaciones Gallegas por obras non autorizadas na cabeceira do río Portapego, en Touro. Desviaron o seu curso, apropiándose de augas públicas. ¡Pero é que isto é de hai anos xa!, ¿eh? Isto xa o fixeron hai anos. E vostedes estaban tranquiliños, tranquiliños e quietos no seu sillón, nas súas poltronas, controlando os negocios que lles interesan *(Murmurios.)* ¡Claro, é así! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Hai que dicilo cruamente. *(Aplausos.)* Hai que dicilo cruamente.

Miren vostedes, unha vez máis néganse a cumprir a legalidade. Señor presidente... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Silencio.

O señor RIVAS CRUZ: *(Risos.)* Señor Tellado, eu coñezo a cara do medo reflectido nos ollos da xente. *(Protestas.)* E ese medo, ese medo...

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio. ¡Silencio! ¡Señor Tellado, silencio!

O señor RIVAS CRUZ: ...e ese medo, froito...

O señor PRESIDENTE: Señor Tellado, señor Tellado, ¡chámoos á orde! *(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor RIVAS CRUZ: ...¿Doe?

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, señor Tellado! ¡Chámoos á orde! Non quero volver chamalo á orde. *(Aplausos.)* *(O señor Tellado Filgueira continúa pronunciando palabras que non se perciben.)* ¡Silencio!



O señor RIVAS CRUZ: Bóteo fóra. Bóteo fóra.

O señor PRESIDENTE: Señor Tellado, chamado á orde. ¡Silencio, silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor RIVAS CRUZ: Eu vin a cara do medo reflectido nos ollos da xente, ese medo froito da ameaza do traballo emprestado, do silencio debido, do *ver, oír e calar*. ¡O medo dos amos! ¡O medo da renuncia a dicir o que un pensa! Ese medo que enxendra sociedades hipotecadas, sen futuro. Os nove concelleiros de nove. ¡Hai que ter valor para ir nunha lista que non sexa a do que non se mete en política! A do que non se mete en política. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

O señor RIVAS CRUZ: Porque ir con vostedes é non meterse en política. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Claro, claro! Talvez estea equivocado, talvez...

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

O señor RIVAS CRUZ: Marcho, señor presidente. Non. Abandono. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

Terminou o seu tempo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Bueno, vostede abandonou voluntariamente... Non, agora terminou, agora terminou. *(Murmurios.)* Agora xa finalizou, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Abandonei forzado. *(Aplausos.)*

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Vostede abandonou voluntariamente, eu non o obriguei a abandonar. Eu non obriguei a abandonar a ninguén.

Imos votar. Avíseno para que vote. Avisen que hai votación. Eu toquei o timbre dúas veces. Comuníquenlle ao señor Rivas que imos votar, por favor.

(O señor Rivas pronuncia palabras que non se perciben.) Señor Rivas, xa terminou a intervención. Silencio. Señor Rivas, terminou isto, xa está. Terminou, terminou, agora imos votar. Silencio. ¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Por favor! Outra iniciativa cando vostede queira. Terminou isto, terminou. Silencio. Votamos. Agora imos votar. *(O señor Rivas Cruz e unha señora deputada pronuncian palabras que non se perciben.)* Por favor, silencio, silencio. ¡Silencio, por favor! Vou suspender o pleno, vou suspender o pleno. ¡Silencio, imos votar!

Votamos. *(Murmurios.)* Isto é difícil, é difícil para todos. ¡Silencio, silencio! Eu tamén recoñezo que non sei por que se orixinou todo isto. Eu estaba falando coa señora Sandra Vázquez naquel momento, estaba falando... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non o sei. No



que teña que pedir desculpas eu... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdoe, estou falando eu, estou falando eu.

No que teña que pedir desculpas eu, pídoas. Naquel momento eu estaba falando coa señora Sandra Vázquez e non me enterei do que pasou. *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)* Polo tanto, pídolles a vostedes que reconduzan o comportamento como deputados, e ademais temos público hoxe que nos observa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Imos votar, por favor. Comezamos votando, se lles parece, se teñen a ben, a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez.

Acéptase a emenda do Bloque Nacionalista Galego como engádega.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre as actuacións que debe levar a cabo Goberno galego en relación co mapa escolar de Galicia, o modelo de comedores escolares e o servizo de transporte escolar.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona María Julia Rodríguez Barreira, sobre o inicio polo Goberno galego, no ano 2019, da contratación dos proxectos construtivos, así como da redacción do informe de impacto ambiental do treito A Pobra de San Xiao-Nadela da vía de altas prestacións Lugo-Monforte de Lemos. (Murmurios.)*

Silencio, por favor, que non me entero eu aquí. Estou lendo e non me entero. E os membros da Mesa, por favor, un pouquiño de colaboración tamén, se non, isto non hai quen o controle.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario de En Marea. Hai unha proposta de transacción a través dunha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. ¿Quérea ler?

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: *Grazas, señor presidente.*

Acadamos un texto transaccional co Grupo Socialista nos seguintes termos: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a iniciar a contratación no ano 2019 dos proxectos construtivos e de impacto ambiental do treito A Pobra de San Xiao-Nadela, co fin de avanzar de forma definitiva no total desdoblamento desta infraestrutura, tendo presente o desdoblamento futuro do tramo Sarria-Monforte, a abordar unha vez que se vaia materializando o tramo Sarria-Lugo».



O señor PRESIDENTE: Votamos esa transacción.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Julia Rodríguez Barreira e seis deputados/as máis, sobre o inicio polo Goberno galego, no ano 2019, da contratación dos proxectos construtivos así como da redacción do informe de impacto ambiental do treito A Pobra de San Xiao-Nadela da vía de altas prestacións Lugo-Monforte de Lemos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 69.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto transaccionado.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa da señora Presas Bergantiños,

Hai unha autoemenda aceptada, por suposto, e unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista, na que se acepta o primeiro punto, o segundo punto non, e tamén propuxo votación por puntos. Son cinco puntos.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Por petición do Grupo Socialista votariamos o punto 1 e 5 nun bloque, e noutro os restantes.

O señor PRESIDENTE: Correcto, votamos en primeiro lugar os puntos 1 e 5.

¿Si? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* Non, non, silencio. Ten dereito a falar a dona da iniciativa.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Si, non nos importa votar cada punto, entón. ¿En Marea quere votar o...? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Podemos votar o 1, o 2, 3 e 4, e despois o 5. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Todos por separado.

Votamos o punto 1.

Votación do punto 1 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central para garantir o mantemento dos centros produtivos e dos postos de traballo de Alcoa en Galicia, así como o establecemento dunha nova tarifa eléctrica industrial para a industria electrointensiva.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 36; abstencións, 13.



O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto 1 deste texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos o punto 2.

Votación do punto 2 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central para garantir o mantemento dos centros produtivos e dos postos de traballo de Alcoa en Galicia, así como o establecemento dunha nova tarifa eléctrica industrial para a industria electrointensiva.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto 2 deste texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos o punto 3.

Votación do punto 3 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central para garantir o mantemento dos centros produtivos e dos postos de traballo de Alcoa en Galicia, así como o establecemento dunha nova tarifa eléctrica industrial para a industria electrointensiva.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto 3 deste texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos o punto 4.

Votación do punto 4 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central para garantir o mantemento dos centros produtivos e dos postos de traballo de Alcoa en Galicia, así como o establecemento dunha nova tarifa eléctrica industrial para a industria electrointensiva.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 36; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto 4 deste texto.



O señor PRESIDENTE: Votamos o punto 5.

Votación do punto 5 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central para garantir o mantemento dos centros produtivos e dos postos de traballo de Alcoa en Galicia, así como o establecemento dunha nova tarifa eléctrica industrial para a industria electrointensiva.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 6; votos en contra, 36; abstencións, 26.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto 5 deste texto.

O señor PRESIDENTE: A seguinte votación é do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de don Marcos Cal, na que estaba pendente unha transacción. Se nola le... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Coñecen todos os grupos esta transacción? Entón, votamos esta transacción.

(A señora Rodríguez-Vispo Rodríguez pide a palabra.)

Señora Rodríguez-Vispo, ¿para que quere a palabra?

Déanlle voz ao escano da señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Señor presidente, dado que hai unha transacción dos grupos, o Grupo Popular quere deixar claro o compromiso que ten co desenvolvemento da Lei do 2014, *(Murmurios.)* por iso solicitamos a votación por puntos.

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta vostede a votación por puntos, señor Cal?

O señor CAL OGANDO: Aceptaríamos a votación por puntos do 1 e 2 conxuntamente e o 3 por separado.

O señor PRESIDENTE: 1 e 2...

O señor CAL OGANDO: O 1 e 2 unha votación e o 3 outra votación.

O señor PRESIDENTE: ...¿o 3 e o 4 separados?

Señora Rodríguez-Vispo, ¿acepta esa...?

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Pedimos a votación por puntos separados. Os tres puntos por separado.



O señor PRESIDENTE: Non lla acepta. Votamos a proposición tal e como está. *(Murmurios.)*
Votamos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio. Atención ao resultado da votación, por favor. *(Murmurios.)* ¡Silencio!

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Marcos Cal Ogando e D^a Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa atención sanitaria aos pacientes transexuais e os requisitos exixidos para o seu acceso a procedementos médicos de transición, así como de recoñecemento legal da súa identidade.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Gonzalo Trenor.

Non se aceptan as emendas dos demais grupos.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de garantir o abastecemento de auga á poboación diante de posibles situacións de seca.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 36; votos en contra, 20; abstencións, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona Ángeles Cuña.

Xa foi lida dende o escano a transacción. Votamos esta transacción.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co uso do galego nas entidades bancarias.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.



En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Concepción Burgo.

Non se presentaron emendas. Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de la Concepción Burgo López e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre a elaboración e presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun informe referido ás denuncias ou queixas presentadas nos últimos seis anos por dificultar o uso das linguas oficiais de Galicia, o tipo de resposta ofrecida e as medidas adoptadas ao respecto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 69.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do señor Rivas Cruz.

Non se presentaron emendas. Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posible afectación da actividade das industrias xestoras de residuos e do uso de fertilizantes agrícolas derivados das lamas da depuración na saúde da poboación e no normal estado dos solos e dos acuíferos do concello das Somozas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron as votacións. Abran as portas, por favor. Continuamos coa orde do día neste punto cuarto, que son interpelacións.

Interpelación de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as necesidades de mellora do transporte ferroviario en Galicia, nomeadamente entre Ourense e A Coruña e Santiago de Compostela

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día a todas e a todos.



Señora Vázquez, hoxe por parte do Bloque Nacionalista Galego volvemos traer a esta sesión unha cuestión que é prioritaria para o BNG: poñer punto e final ao agravio e discriminación que en materia ferroviaria sofre o noso país por culpa das decisións do Goberno central, dos sucesivos gobernos centrais, sexa cal sexa a súa cor, e que afectan de forma moi especial ao interior deste país. Unha discriminación, ademais, que se ve agravada sempre pola falta de compromiso, de iniciativa e de peso político da Xunta de Galiza.

Eu agradecería un pouco de silencio porque é un pouco incómodo iniciar o debate así.

Poderíamos falar, por exemplo, do illamento de Lugo, de como tardan ata cinco horas entre Lugo, pasando por Ourense, para chegar ata Santiago de Compostela. Poderíamos poñer outros exemplos, como ese exemplo disparatado de que se unha persoa en Ourense vai comprar un billete para ir ata Vigo, a recomendación inicial que fai a páxina web de Renfe é que sexa ir por Santiago de Compostela, o cal é un absurdo.

Estas son as consecuencias, por unha banda, dunha discriminación con Galiza e especialmente co interior do noso país, pero no fondo dun modelo que é centralista e que a única función e preocupación que ten é a conexión coa Meseta en lugar de que en Galiza teñamos un servizo de tren digno que sirva para vertebrar todo o territorio galego

Esta cuestión dá para moito, pero hoxe queremos centrar a nosa iniciativa e o noso debate, tal e como vostede coñece por escrito, nunha cuestión concreta, que é o abuso, o absoluto abuso económico e a insuficiencia de servizo que supón a liña Avant entre Ourense, Santiago de Compostela e A Coruña, que é unha auténtica estafa.

Esta é unha cuestión grave, que afecta a milleiros de persoas e que ten unha solución relativamente sinxela, que pasa por unha resposta política. Non estamos a falar de algo que requira de novas obras, de novas infraestruturas ou de investimentos a longo prazo, simplemente é unha decisión política que Ourense e tamén Santiago, A Coruña e o resto de Galiza teñamos un tren digno a un prezo xusto. Por iso hai un ano e tres meses, nesta Cámara, o Bloque Nacionalista Galego impulsou un acordo unánime, no que cedemos e tivo o apoio do grupo maioritario, para que desde o Parlamento de Galiza se instara o Goberno central a tomar varias medidas.

En primeiro lugar, exixir unha equiparación das tarifas que hai no noso país para evitar esas desigualdades, que fan que, dependendo do sitio no que vivas, teñas que destinar máis recursos económicos a ese billete de tren. Solicitar tamén ao Goberno central unha ampliación das frecuencias horarias nesta liña Avant Ourense-Santiago-A Coruña. Tamén reformular os termos e as condicións dos abonos de transporte, que non son e non eran realmente útiles para a poboación e, por último, ampliar tamén a frecuencia da liña rexional, da liña vella, que conecta Ourense con Santiago e as súas poboacións intermedias, de acordo coa demanda. Isto é unha demanda social que nós entendemos que deba ser escoitada, que é xusta e racional.

Posteriormente, desde o BNG fixemos seguimento desta cuestión en comisión e tamén a través de respostas escritas, pero hoxe traemos este debate de novo ao Parlamento por dous motivos. Un, porque estamos no momento ideal, ás portas de que se constituía un novo Go-



berno central no Estado, e, polo tanto, temos que facer valer eses acordos e temos que lanzar unha posición unánime desde Galiza, e, por outra banda, porque o certo é que, facendo balance deste ano, non é que non melloramos, é que fomos a peor, e, polo tanto, entendemos que tamén vostedes, como o Goberno galego, deben render contas.

Cando acadabamos este acordo, estaba a gobernar no Goberno central o señor M. Rajoy. Despois veu o señor Pedro Sánchez, pero a verdade é que puidemos comprobar como, unha vez máis, diferentes gobernos, diferentes cores, pero a mesma discriminación con Galiza e con Ourense, algo que evidencia o inadecuado trato que recibe o noso país por parte das forzas estatais, pero tamén o pouco peso político da Xunta de Galiza, que nin cun goberno amigo nin co goberno seguinte foi quen de facer valer a súa posición.

Vou recapitular e explicar por que consideramos que estamos peor que hai un ano. Hai un ano, insistiamos en tres problemas fundamentais. O primeiro era a cuestión do prezo en relación con estes abonos; o segundo as frecuencias e o terceiro a recuperación, o mantemento en activo, dese trazado vello.

No fondo —insisto— ese triplo agravio é froito de que Galiza e Ourense quedaron atrás no proceso de modernización do ferrocarril, algo no que o Partido Popular ten bastante responsabilidade. Dentro desa perda do tren no noso país, o certo é que Ourense, pola súa posición estratéxica de saída cara á Meseta, ata certo punto podemos dicir que «se salvou», porque, sendo lugar de paso, puido conservar esta conexión. Pero o certo é que iso non se corresponde nin cun servizo de calidade nin cun servizo útil para a poboación, por varias razóns.

A primeira, a discriminación no prezo. Eu quero recordar que no 2011, cando comezou este servizo, un billete de tren entre Santiago e Ourense valía 13,50 euros; no 2018 custaba 16,60, nós denunciabamos aquí que iso era máis dun 60 % por riba do que valía un prezo medio entre, por exemplo, Coruña e Santiago ou Santiago e Vigo, que son traxectos similares, velocidades similares e demais, pero o certo é que fomos a peor. Hoxe, en maio de 2019, o treito entre Santiago e Vigo subiu 40 céntimos, o treito entre Santiago e Coruña subiu 25 céntimos e o treito entre Ourense e Santiago subiu un euro con dez. É dicir, o colmo dos colmos, non só tiña un billete por riba da media, senón que temos unha subida estratosférica, tres veces máis que no resto do país, o cal é directamente un auténtico pitorreo porque estamos a falar do mesmo tren, exactamente da mesma infraestrutura. A isto hai que engadir outras cuestións, como que non temos no noso país algo moi relevante, que é que en Galiza non existe un servizo de cercanías, non existe un servizo de proximidade. Iso é unha discriminación engadida xa non só porque non exista, senón porque para máis inri neste 2019 Renfe-Adif conxelou o prezo dos trens de proximidade, é dicir, non no noso rexional, pero si no tren de proximidade que hai noutros puntos do Estado. Entón, por riba de burros, apaleados.

E vinculado ao prezo tamén queremos poñer de relevo que esas necesidades respecto dos abonos seguen presentes, seguen estando enriba da mesa. Pensen, por exemplo, na semana pasada, que había un festivo polo medio, calquera estudante ou calquera traballador ou traballadora que desenvolva a súa vida laboral en Santiago pero teña o seu lugar de residencia en Ourense, e viceversa, non poderían facerse cun destes abonos como un mecanismo útil porque, se perdes un día á semana, xa non che sae rendible. Polo tanto, isto é un absoluto absurdo.



Poderíamos falar tamén das frecuencias. Nas frecuencias non vivimos nin un só avance nin unha soa evolución. Non hai nin un só avance tanto na liña do Avant nin tampouco na liña rexional, polo tanto, seguimos tendo esas limitacións de horario, que se ven, sobre todo, no sentido de Ourense a Santiago. Iso é así, precisamente, porque como dicimos desde o BNG, como denunciámos, este tren está pensado para servir ás conexións co exterior e non para servir ás propias necesidades que hai neste país. Isto leva tamén a diversos abusos, porque moitos destes trens dos que nós compramos o billete como Avant, en realidade son un Intercity ou un Alvia, é dicir, un tren que fai un traxecto cara á Meseta e que se vende como Avant para aproveitar esa viaxe.

Isto xera moitas dificultades. Temos traído a esta Cámara denuncias, por exemplo, de que en picos de vacacións ou en picos de fin de semana iso fai que moitas persoas que contan con poder usar ese tren Avant non atopen billete. Pero é que, por riba, vemos tamén unha política de prezos absolutamente disparatada. Isto que traio aquí é unha captura de pantalla que se fixo viral nas redes a semana pasada, na que, para comprar neste caso un billete en sentido Santiago-Ourense, había unha posibilidade de transporte ás 10.06 da mañá que, se se compraba como Avant, eran 14,15 euros prezo ida e volta, e se se compraba como Intercity, é dicir, como tren que está pensado para ir ata Madrid, saíache en 13,30. Isto debe ser unha especie de imposto revolucionario que se nos aplica desde Madrid, pero que, desde logo, non ten moito sentido que che saia máis barato o billete se o compras para conectar co que marcha cara á Meseta que se o compras para desprazarte entre Santiago e Ourense cando é exactamente o mesmo traxecto, os mesmos minutos e o mesmo gasto imputable a Renfe. É un absurdo.

E por riba, hai que sinalar outra cuestión que é moi relevante nisto que estamos a debater, que é que, mentres Galiza perde, hai alguén que gaña. Renfe-Adif segue enganando a memoria económica deste ano 2017, a de 2018 aínda non está dispoñibilizada, pois constata a mesma liña ascendente que a de 2015 e que a de 2016, e é que aumentan os títulos de transporte, aumenta o número de viaxeiros e aumentan os beneficios económicos; aumentaron as/os viaxeiros nun 7,6 % e o beneficio económico está nos 6,36 millóns de euros. É dicir, esta non é unha liña deficitaria, esta non é unha liña...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...que non avance, malia os recursos económicos que tamén absorbe do Estado español.

Polo tanto, hoxe o que vimos demandar de vostedes é, primeiro...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...unha rendición de contas de que fixeron para facer valer este acordo. E, segundo, que agora...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...diante dos retos de futuro que temos, fagan valer esta posición de Galiza porque é...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señora Presas. Ten vostede outro tuno a continuación.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...insoporable esta discriminación que sempre está sufrindo o noso país, especialmente Ourense.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLERA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Bos días, señorías.

Grazas, presidente.

Como se nota que houbo eleccións xerais e volven estar sen representación no Congreso dos Deputados, que veñen aquí preguntar temas de competencia e responsabilidade directa estatal. E como se nota tamén que estamos ás portas doutras eleccións, as municipais, criticando a diestro y siniestro o Partido Socialista e criticando a diestro y siniestro o Partido Popular.

En calquera caso, dicir que son os garantes dos servizos ferroviarios é unha estratexia que eu creo que non lles funciona, e aí está que non teñen representación no Congreso dos Deputados para poder falar no Congreso das competencias directas que ten o Estado, e ten que utilizar esta Cámara para falar de asuntos de competencia e responsabilidade directa do Estado. Eu non teño ningún problema, ¡faltaría máis!, en abordar temas do Estado neste parlamento e de explicar as xestións e a actitude proactiva da Xunta de Galicia en temas de competencias directas do Estado, como é o ferrocarril. Pero comprenderá que nos poñen en moi bo nivel en materia de infraestruturas á Xunta de Galicia. Estámolo a facer excepcional a Xunta de Galicia en materia de infraestruturas, é o que me está a dicir coa súa pregunta parlamentaria. (*Aplausos.*) Claro que si, claro que si, señoría, non se poñan nerviosos.

Neste pleno, á Consellería de Infraestruturas, o BNG trece iniciativas. Das trece, dez en materia de infraestruturas. En materia de infraestruturas da Xunta de Galicia, cero, o cen por cento das preguntas do BNG son preguntas orais e interpelacións en materia do Estado, non da Xunta de Galicia. Non me dirá que non o facemos ben para o BNG na Xunta de Galicia na Consellería de Infraestruturas. (*Aplausos.*) Facémolo perfecto, ¡excepcional!

En canto a cuestións concretas que formula vostede, xa dixó que dende a dirección xeral xa se mandou hai meses algunha información ao respecto na Comisión 2ª, agora lle darei, por suposto, información actualizada. Dende logo que lle temos trasladado ao Goberno de España, dende o Goberno galego, o acordo parlamentario das necesidades en materia de servizos ferroviarios, de transporte ferroviario, en Ourense, Santiago e A Coruña, porque temos por costume atender os acordos parlamentarios, outros non; témolo por costume, dende logo, na consellería, e na Xunta de Galicia tamén, non adoitamos pasalos por alto, e dirixí-



monos, por suposto, ao Ministerio de Fomento —eu mesma persoalmente, aquí teño o escrito—, nese momento era secretario xeral do Estado Julio Gómez Pomar, e o dirixín eu mesma para dar acordo do aprobado nesta Cámara.

Aínda que recoñecendo os avances —por suposto innegables— que se experimentaron en Galicia en materia ferroviaria, aí está o eixe ferroviario atlántico dende o ano 2015, un auténtico metro en superficie que, dende logo, acurtou moitísimo o tempo da viaxe nas cidades do atlántico, e a alta velocidade entre Ourense e Santiago tamén en funcionamento, neste escrito tamén incidimos ante o Goberno central na necesidade de que se siga traballando para ofrecer un mellor servizo adaptado ás necesidades que temos en Galicia.

Trasladamos tamén ao Goberno central esa demanda de equiparación das políticas e modalidades tarifarias en todo o territorio galego para evitar esta situación de discriminación en función do lugar de residencia dos galegos, porque, dende logo, non parece lóxico que as comunicacións no interior de Galicia sexan máis caras que no eixo atlántico. A día de hoxe, no eixo ferroviario entre Ourense e Santiago o prezo do billete sinxelo é 18 céntimos quilómetro, no eixo atlántico 10 céntimos quilómetro, e, por suposto, non parece razoable que haxa esa diferenza. Polo tanto, demandamos ao Goberno do Estado esa equiparación tarifaria, e por suposto trasladamos o noso interese polos servizos ferroviarios entre Ourense-Santiago-Coruña: mellores servizos, mellores frecuencias e, por suposto, tamén mellores tarifas.

Nesa liña, señora Presas, incidimos dende o Goberno galego ao Goberno do Estado en mellora da calidade, e que esa calidade sexa máis acorde coas necesidades que temos aquí en Galicia.

Reclamamos que se estudien eses mecanismos de abaratamento de tarifas, e coido que as nosas demandas de algo teñen servido. Dende logo que non chegan, pero de algo teñen servido, porque os bonos ferroviarios existentes, que supoño que saberá deles, ese Bono tarxeta plus, de entre 30 e 50 viaxes de ida e volta, neste caso o prezo da viaxe entre Ourense e A Coruña oscila entre 12,05 euros e 9,48 euros, segundo os bonos, cun aforro considerable respecto do que é o billete sinxelo entre Ourense e A Coruña, que co tren Avant son 25,30.

A Tarxeta Plus10 e a Tarxeta Plus10 estudante, as dúas para dez viaxes de ida e volta, teñen un prezo en bono de 106,50 euros no traxecto de Ourense a Coruña, o que varía é o período de validez para a súa utilización. Como digo, a estes bonos existentes acábase de sumar un novo bono, a Tarxeta Plus10.45, para dez viaxes de ida e volta. Este novo abono supón un aforro importante entre A Coruña e Ourense, un aforro do 33,5% respecto ao billete sinxelo, e o seu período de uso e validez é de 45 días. Aténdese así unha demanda dos propios usuarios de incrementar o tempo para utilizar este servizo, este bono, e tamén unha demanda do Goberno galego. Incrementábase, polo tanto, ese período de utilización e validez da Tarxeta Plus 10.

O certo é que o sistema de bonos fai os prezos máis atractivos. Precisábase unha maior folgora nos períodos de utilización deses bonos, e algo temos avanzado, pero seguiremos insistindo, por suposto que si, ante o Goberno español para a mellora das políticas tarifarias dos servizos ferroviarios na nosa comunidade e pola necesidade de seguir avanzando nesa maior flexibilización das tarifas e de que eses bonos tamén se poidan empregar en diferentes trens. En definitiva, dar unha mellor resposta e atender esas demandas dos usuarios.



E non pense que nos limitamos a remitir escritos, señora Presas, non pense iso. Nin moito menos nos limitamos a remitir unicamente escritos, senón que reclamamos do Goberno do Estado a mellora dos servizos ferroviarios na nosa comunidade, porque a mellora ferroviaria para Galicia ten sido unha demanda reiterada do Goberno galego. Polo tanto, non nos limitamos unicamente a remitir escritos.

Ao longo do último ano, neste parlamento debatéronse e aprobáronse unha decena de iniciativas de servizos ferroviarios na nosa comunidade, e por suposto, señora Presas, que dende a Xunta trasladamos todas esas demandas aos órganos que correspondían, directamente ao Ministerio de Fomento e aos diferentes órganos de Adif e de Renfe, e en cada un deses escritos dende o Goberno galego sempre reivindicamos ao Goberno do Estado que teña en conta as nosas lexítimas demandas e trasladamos, por suposto, a nosa disposición para colaborar en mellorar eses servizos en materia ferroviaria.

Traballamos polo Feve. Recordará ese grupo de traballo que se creou, que foi tamén grazas ao noso traballo, para mellorar os servizos ferroviarios dos veciños da Mariña. Ao mellor preferían que non houbera grupo de traballo. Eu prefiro que haxa, polo menos, un grupo de traballo, e resolvéronse incidencias. ¿Que hai que resolver máis? Dende logo. Pero eu supoño que preferirá un grupo de traballo a que non o haxa.

Demandas en avances na liña ferroviaria Coruña-Ferrol. Fixemos un estudo nós, a pesar de non ser as nosas competencias, e trasladámolo a Madrid. Traballamos tamén ante o Ministerio de Fomento para impulsar a liña ferroviaria Lugo-Ourense; fomos nós os que a demandamos. Vimos insistindo tamén na conexión Vigo-Porto, e mantémonos vixilantes ante o Goberno central para que se cumpra, por suposto que si, aínda que non lle guste, que o AVE a Galicia chegue, e chegue por Ourense.

Non nós limitamos só, polo tanto, a reclamar melloras de infraestruturas, tamén reclamamos melloras de servizos. As melloras de servizos son co tipo de tren; non só hai que mellorar infraestruturas, señora Presas, senón tamén o tipo de tren. Supoño que o saberá, pero matízoo, en calquera caso.

Trasladamos todas estas demandas nas diferentes xuntanzas, así que eu creo que vostede non pode falar nin de falta de interese, nin de deixadez, nin de pasividade da Xunta de Galicia en temas ferroviarios, creo que queda meridianamente claro que quen defende os intereses dos galegos en materia ferroviaria é a Xunta de Galicia, e non o Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)*

Hai máis de tres semanas que demandamos melloras, ¡claro que si! Tamén hai que ter coñecementos, informes e insistencia ante o Goberno do Estado para que o Ministerio de Fomento faga un plan de modernización, un verdadeiro plan de modernización, con actuacións concretas entre Ferrol-Coruña, Ourense-Lugo e Vigo-Porto. Melloras nas conexións, máis frecuencia e horarios, e actitude, polo tanto, reivindicativa, proactiva e traballando, por suposto, non só limitándonos a presentar escritos ou a falar dende esta tribuna.

Eu creo que ou non saben que as competencias son do Estado ou non o queren saber. Non sei, calquera desas cousas será. A nosa obriga, dende logo, é xestionar as competencias di-



rectas, que o estamos a facer excelentemente ben, e seguiremos, dende logo, demandando ao ministerio, falando e dialogando co ministerio para mellorar os servizos ferroviarios, pero non o debemos estar facendo tan mal na Xunta de Galicia, na Consellería de Infraestruturas, porque vostedes polo único que preguntan é polo Estado. Non o debemos de estar facendo tan mal na Consellería de Infraestruturas.

Pola miña parte nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para a rolda de réplica ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Como se nota, efectivamente, que o BNG non tiña na anterior lexislatura e non ten nesta representación en Madrid, que temos que exixirlle desde aquí o que todos eses deputados que a vostedes lle sobran —cada vez menos, tamén hai que dicilo— non fan por este país, señora Vázquez. Eu sei que vostede tamén o bota de menos. (*Aplausos.*) Imaxino que igual non pode confesar aquí o que votou.

En fin, debe estar vostede aínda cortocircuitada polos resultados electorais, porque vén aquí botarnos a bronca porque traemos a rendición de contas dun acordo que o Partido Popular daquela tamén apoiou. Debía ser porque como é un tema sensible socialmente, tiñan medo e entón dixeron: ímolo apoiar e logo que corra un tupido velo. Pero nós traémolo por dous motivos. Primeiro, porque é fundamental. E segundo, señora Vázquez, é que se isto non é de competencia galega exclusivamente agora mesmo, é responsabilidade do Partido Popular. Primeiro, artigo 27 do Estatuto de autonomía. Segundo. O Parlamento galego, señora Vázquez, vostede debería saber —xa que tanto sabe como conselleira de Infraestruturas— que aprobou a demanda das competencias, e aprobou tamén crear unha entidade ferroviaria galega. Iso aprobouno, efectivamente, hai case unha década, señora Vázquez. E se non a fixeron foi porque non lles deu a real gana ou porque non lles deron permiso en Madrid. (*Aplausos.*)

Porque, ¡home!, non hai nin un ano que cambiou a Presidencia do Estado español, ¡non hai nin un ano! Vostedes eran os que estaban antes, ¿e que fixeron entón dende Madrid? Nada positivo para a vertebración interior de Galiza.

Teño que recordarlle... Non tiña pensado facelo, pero teño que recordarlle que vostede, particularmente, foi co presidente da Xunta de Galiza a inventora desa comisión de seguimento que quedou demostrado nesta Cámara que non existía. Vostedes tiveron uns orzamentos do Estado tan vergoñentos por parte de Rajoy que inventaron que había unha comisión de seguimento indemostrable. Interpelámola a vostede, interpelamos ao señor Rueda, interpelamos ao señor Martínez, fixemos preguntas de seguimento, pedimos documentación, e comisión inexistente. Entón, por favor, un pouco de rubor porque, efectivamente, non hai ningún deputado do BNG cobrando un salario de Madrid, pero vostedes teñen moitos e debería ruborizarse un pouco, porque con esa cantidade de diñeiro poderían abaratarnos o tren en Ourense.

¿Que fixeron con Rajoy? Pois nada. ¿Que fixeron cando estaba o señor Pedro Sánchez? Nós aí vimos un pouco de luz. Dixemos: agora que non están gobernando en Madrid, pois de re-



pena, como se están volvendo case independentistas, polo menos apretarán ao Partido Socialista para que corrixa este agravio. Pero o certo é que non, porque vén aquí vender milongas dos bonos que eu xa lle expliquei que non son un avance cualitativo, porque a cuestión clave dos bonos é o período no que se pode usar, a partir do primeiro título que validas, e que fai que realmente unha persoa que ten que vir catro veces e non cinco a esta cidade a traballar, por exemplo, non lle é rendible, como pasou a semana pasada, que había un festivo polo medio. Polo tanto, nin un só argumento complexo e cargo de conciencia de non ter feito o seu traballo en tempo e forma, e o que temos é que nin facían valer o seu peso político cando estaba o señor Rajoy no Goberno, nin o fan agora cando está o señor Sánchez. ¿E mentres quen perde? Galiza. ¿E mentres que fan? Consentir que siga vixente esa política tarifaria do Partido Popular, que fai que en Ourense paguemos máis dun 65 % por un mesmo billete que equivale ao que pode haber noutro tramo do noso país, e, en todo caso, o que reflicte tamén son as carencias que temos de vertebración interior deste país. Polo tanto, non veña aquí dar escusas de malos pagadores, porque, desde logo, nós seguiremos poñendo a cuestión do tren enriba da mesa como unha prioridade, e hoxe ademais, particularmente, centramos a cuestión nesta liña —como xa expliquei—, e veu vostede aquí falar da Mariña lucense, a falar doutros puntos... A nós parécenos estupendo, tamén seguiremos mantendo esas cuestións na axenda política porque nos parecen prioritarias, pero iso o que demostra é que en concreto, sobre esta cuestión, non teñen feito unha defensa adecuada ao que é a demanda, de que ese prezo teña un equilibrio co resto do territorio e que non se siga incrementando. Tampouco dixo nada dese gran logro político de que en Ourense suba un 1,10 cando outros tramos soben unha media de 35 céntimos.

Tampouco dixo nada doutra cuestión sobre a que poderían facer algo, e eu convídoa a que fagan un estudo desde a Xunta de Galiza, que é esa liña vella entre Ourense e Santiago, que conectaba poboacións como O Carballiño e O Irixo, que a día de hoxe teñen moi poucas frecuencias e as demais xa non teñen, como é o caso da Bandeira. Fagan un estudo sobre iso, sobre a demanda, sobre se hai posibilidades de demandar cambios horarios concretos.

Fagan algo máis que vir aquí...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...co seu discurso prefabricado, que lles molesta que lles veñamos render contas de que o peso político do Goberno galego, cero; como peso político para facer que gobernos amigos ou gobernos diferentes traian cuestións para Galiza, cero; e como obxectivos para explotar o noso autogoberno, votan un día que as competencias veñan para Galicia e ao día seguinte esquécense, polo tanto... (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señora Presas. Rematou o seu tempo.

Ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Señora Presas, eu diría que vostedes son recorrentes e incluso previsibles. Dende logo, entre asumir as competencias, o que ten o non xestionar, tamén o déficit, tamén o déficit, e entón



si que perde Galicia, perden os galegos e gaña o Estado. Polo tanto, eu creo que os galegos ben merecen algo con máis sentidiño.

A verdade, a min sorpréndeme que nos traslade e que me diga que non atendemos os requirimentos deste Parlamento e as demandas da Xunta de Galicia, porque vostedes son os primeiros que non atenden os requirimentos do Parlamento galego, deste Parlamento, desta Cámara. Son os primeiros, e temos un exemplo recente, señoría: o transporte urbano de Pontevedra. (*Murmurios.*) ¡Ah!, dálle igual incumprir a lei. Dálle igual incumprir. Cando incumpren eles os acordos parlamentarios, non pasa nada; cando incumprimos os nosos, hai que discutilo.

Dende logo, (*Murmurios.*) ¿atendeu o Concello de Pontevedra, do BNG, a implantar o transporte urbano en Pontevedra? Non, non atendeu. ¿O Concello de Pontevedra renuncia ao transporte urbano, transporte público, no concello de Pontevedra? Si, renuncia. ¿O Concello de Pontevedra incumpre a lei? Si, e non está nas súas prioridades.

E peor aínda, moito peor aínda, falando de discriminación, nenos, nenas, mozos e mozas da área de Pontevedra, ¿quen impide que se imponha o transporte metropolitano en Pontevedra? O BNG. (*Murmurios.*)

¿Por que os mozos, mozas, nenos e nenas da área de Pontevedra non poden utilizar esta Tarxeta Xente Nova? (*Aplausos.*) ¿Esa é discriminación con respecto ás áreas nas que funciona?, ¿si ou non? Polo tanto, eu creo que condenan aos mozos de Pontevedra a non utilizar esta Tarxeta Xente Nova pola súa negativa ao transporte metropolitano, transporte público, que é un transporte público igual que o ferrocarril, transporte público. Polo tanto, non son vostedes exemplo de cumprir os acordos deste Parlamento, non son exemplo de atender requirimentos da Xunta de Galicia, non son exemplo de cumprir as leis nin son exemplo tampouco de transporte con esa negativa do BNG ao transporte metropolitano en Pontevedra, e que os mozos, as mozas, os nenos e as nenas non poidan utilizar a Tarxeta Xente Nova.

Polo tanto, ¿alguén os pode tomar en serio? ¿Alguén os pode tomar en serio en materia de transporte público? Estamos a falar de transporte público.

Falaba vostede do incremento do prezo. Os prezos da liña Ourense–Santiago son sensiblemente máis caros que os do eixo atlántico. O Goberno do Partido Socialista non ten mellorado nese aspecto, e ese incremento, dende logo, non é unha boa nova, por suposto que non. Seguiremos coa máxima atención os servizos ferroviarios, atentos e vixiantes, e seguiremos demandando ao Ministerio de Fomento —que é quen ten as competencias, vólvollo aclarar— para que melloren os servizos, para que se melloren as frecuencias e, por suposto, para que se melloren as tarifas e os bonos, que eu creo que non escoitou a miña intervención sobre a flexibilización dos bonos.

Na Xunta seguimos traballando para facer máis fortes as nosas demandas, as reivindicacións ante o Goberno de España, pero non soamente se trata de pedir. Por suposto que traballamos no noso eido, nas nosas competencias, cun transporte público máis moderno, máis adaptado ás necesidades dos galegos, e por suposto co plan de transporte público, pero tamén trasladando alternativas e propostas. Aquí teño un escrito remitido polo director xeral de Mobili-



dade a Renfe. Nese marco de mellora de transporte público queremos facilitar a intermodalidade entre os servizos ferroviarios e o autobús. Dende a Xunta de Galicia xa lle trasladamos a Renfe a necesidade de fomentar esa interoperatividade dos medios de pago, e polo tanto plantexámoslle a Renfe que se puidera utilizar a tarxeta TMG, a tarxeta metropolitana, nos servizos de Renfe para dar máis facilidades e máis comunidades aos galegos e ás galegas en transporte público, non só en autobús, senón tamén en tren.

Gustaríanos que se puidera pagar con esa tarxeta TMG, a tarxeta metropolitana. Abriría a posibilidade das bonificacións dos transbordos, e abriría, dende logo, unha posibilidade, e sobre todo unha utilidade importantísima coas estacións intermodais que se poñan en servizo.

Isto, como saberá, xa se está facendo con FEVE. E queremos estendelo, non só que estea en FEVE na zona de Ferrol, senón estendelo ao resto de Galicia. Unha boa medida para ser máis atractivo o transporte público é un asunto que, dende logo, poñeremos enriba da mesa na primeira reunión que teñamos cos próximos responsables do Ministerio de Fomento do novo Goberno.

Polo tanto, seguiremos traballando para mellorar os servizos ferroviarios, para que sexan máis competitivos no noso territorio, e estarán enriba da mesa todas estas actuacións, mellora dos servizos, mellora das tarifas, alta velocidade, transferencia da AP-9, corredor Atlántico, promover transporte público de calidade. Señoría, apoien o transporte metropolitano en Pontevedra polos nosos mozos, polas nosas mozas, nenos e nenas, da área de Pontevedra, a Tarxeta Xente Nova.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleira.

Interpelación de D^a Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia en relación co servizo público da Xustiza

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Bo día. De novo bo día, señor conselleiro.

Señor presidente, seguimos tendo frío. Eu non sei se todos coinciden, pero seguimos tendo frío aquí dentro. (*Risos.*)

O 17 de abril debatíamos na Comisión 1^a unha proposición non de lei xustamente sobre o grao de cumprimento do Plan de infraestruturas xudiciais, e vostedes, a través do deputado Moisés Rodríguez, recoñeceron que, efectivamente, o plan non se cumpre, non está cumprido. De feito rexistrou unha emenda o Grupo Parlamentario pedíndolle á Xunta de Galicia que se cumprise o dito plan antes do remate da actual lexislatura, e que por parte de Vicepresidencia, por parte da súa consellería, se rendesen contas de maneira anual sobre as obras e os investimentos, co fin de dar información e controlar a execución do Plan de investimentos xudiciais. Iso quere dicir que, efectivamente, o Plan de infraestruturas xudiciais



2010–2015 en Galicia non se cumpriu, porque se non non se presentaría esa emenda con estes dous puntos.

Non fomos capaces de chegar a un acordo, non entendemos moi ben por que, porque a disposición era boa por parte dos dous grupos, pero o Goberno neste caso decidiu que non había posibilidade de acordo. Por iso hoxe lle preguntamos a vostede sobre cal é a súa opinión sobre o cumprimento do Plan de infraestruturas xudiciais 2010–2015. Estamos en 2019.

Pese a esa emenda, na que, efectivamente, se recoñece que o plan non se cumpriu, vostedes facían propaganda, o PPdeG, esta mesma semana. Isto foi a mediados de semana, pero o luns desa mesma semana, foi no mes de abril, falaban de que despois da inauguración dos novos edificios xudiciais de Santiago, Ourense e A Coruña, chega o turno de Pontevedra, mentres continúan as obras en Vigo. As de Vigo, ¡o que lle queda a Vigo! En Pontevedra, claro, o edificio xudicial xa fora prometido polo seu director xeral para o verán do ano 2017, e vostede mesmo prometeuno para antes do verán de 2018. Entón, aínda vai chegar o verán de 2019 e non sabemos se ese edificio vai a estar ou non rematado.

Ese plan, como dicía, ía dos anos 2010 a 2015, cun investimento duns 97 millóns de euros, algo máis, con dúas frases. Unha primeira fase 2010–2013, coa maioría dos investimentos, porque o orzamento era de máis de 75 millóns de euros antes de 2013, e unha segunda fase ata o ano 2015, co resto das cantidades. Como dicía antes, case 98 millóns de euros, algo máis de 97.

As obras eran de creación de novos edificios xudiciais, e tamén rehabilitación ou ampliación dos que xa existían. De feito, elevouse para informe no Consello da Xunta do 27 de agosto de 2009, vai facer dez anos, e dicíase que era un borrador. Presentouse alí, e díxose que se ía remitir aos sindicatos, aos axentes do sector, para ser aprobado definitivamente. Quedou nun borrador, non sabemos se vostedes o aprobaron de maneira interna definitivamente, pero nós non demos atopado a publicación do Plan de infraestruturas xudiciais de maneira oficial no DOG. Se vostede nos di onde está publicado, pois para nós moitísimo mellor.

Si é certo que se lle solicitou á Dirección Xeral de Xustiza por parte do noso grupo parlamentario a través do artigo 9, e déusenos unha copia, unha copia duns folios, sobre os que puidemos traballar para facer estas iniciativas.

É certo que a súa consellería —permítame que llo diga, señor Rueda—, parece que traballa un pouco así en zapatillas, como cando andamos pola casa, porque o feito é que nin sequera hai actas das reunións que vostedes manteñen cos grupos de traballo de Xustiza para falar sobre as cuestións de Xustiza. Teñen vostedes un grupo de asesoramento pero non levantan actas oficiais, e así nolo teñen dito nunha reposta oficial a unha das nosas preguntas.

Pero claro, nós cremos que anunciar un plan, non publicalo e non cumprilo, para nós non é serio nunha democracia, e moito máis cando vostedes teñen dende hai dez anos maioría absoluta na comunidade autónoma e poderían ter sacado ese plan perfectamente. Esa xestión rigorosa da que sempre presume o presidente da Xunta, neste caso cremos que é bastante escasa.



O propio presidente, ademais, no Debate do Estado de Autonomía do ano 2010, facía referencia ao plan, prometía ata 100 millóns de euros —algo máis de 97, como dixen antes— para 64 actuacións. E dicía que estaba hoxe —dixo literalmente— en pleno despregamento. No ano 2010 era difícil o pleno despregamento porque era o ano de inicio. E, de feito, estamos en 2019 e o pleno despregamento aínda non existe porque non está todo feito. E, de feito, o propio director xeral de Xustiza no ano 2017, na Comisión 1ª, recoñecía que non están feitos nin os edificios de Sarria, Muros, A Estrada, Cambados e Vilagarcía —no ano 2017—. Hoxe tampouco, tampouco están os de Sarria, Muros, A Estrada, Cambados e Vilagarcía. Claro, o que pasa é que estaban prometidos para o ano 2015, e non estaban en 2017 e non están hoxe.

Logo tivemos un problema para atopar os orzamentos, porque ata o ano 2011 vostedes utilizaban unha fórmula extraorxamentaria para a execución a través da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia. Non viñan reflectidos nos orzamentos da Xunta os investimentos. E foi difícil, é difícil, facer un seguimento preciso. E tanto é así que nas rendicións anuais de contas da Sociedade non hai ningún detalle —poucos— sobre os investimentos realmente realizados por parte da Sociedade.

O certo é que, como exemplo, dos preto de 75 millóns de euros que se consignaron entre 2014 e 2018 para investimentos, non se executaron 28 millóns, máis o menos o 38 %. E no día de hoxe —xa pasaron catro anos dende que era o prazo para rematar o plan— calculamos que estamos nun incumprimento de preto dun 30 %. Sabemos que vostede nos vai dicir que coincidiu con épocas de crise profunda. Pero vostedes xa o sabían cando chegaron ao Goberno no ano 2009; e, polo tanto, se o plan é unha previsión para os anos vindeiros, supoñemos nós que neses anos vostedes tiñan unha referencia do que querían facer neses anos que ían vir despois do ano 2010. E xa sabían que a crise existía, porque todos o sabiamos, e todos sabemos que foi culpa do señor Zapatero e do goberno de Emilio Pérez Touriño.

O certo é que vostedes non o cumpriron. En 2015 só estaba executado un 35 % do investimento. Non sabemos as obras que quedan por facer, non sabemos que rehabilitacións quedan por facer, porque non hai datos. E, claro, vostedes anunciaron en novembro do ano pasado que ía haber un novo plan de renovación do equipamento e mobiliario da Administración de xustiza, para 2019-2021; que vai complementar —así se anunciaba— o Plan de infraestruturas xudiciais. Pero é difícil complementar algo que aínda non está rematado na súa totalidade, e sen saber, ademais, a que vai afectar.

Nós cremos que esta forma de facer política é pouco seria. E ademais eu persoalmente estou bastante triste. Onte o seu grupo aprobaba esa lei que vostedes chamaron «operación para dispoñer do superávit da Comunidade», que non é máis que trasladar 48 millóns dun lado a outro do orzamento (*Aplausos.*) para infraestruturas sanitarias, educativas e sociais. E nada, ¡cero!, para rematar unhas infraestruturas xudiciais que tiñan que estar rematadas no ano 2015. Non sei se é que o seu departamento ten menos peso que a Consellería de Sanidade, a de Educación ou a de Política Social ou é que a vostedes o servizo público da xustiza non lles importa demasiado, porque teñen sen rematar en case un 30 % un plan que xa tiña que estar rematado no ano 2015.

Pola miña banda, nada máis. Eu agardo que vostede responda algo e que, efectivamente, nos diga, sobre todo, se ese plan se vai rematar na presente lexislatura, antes de que remate.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán.

Ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o señor Rueda Valenzuela.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Señora Vilán, o primeiro que teño que facer é agradecerlle a interpelación, sinceramente, porque vostede pregunta polo Plan de infraestruturas xudiciais, e eu vou falar aquí de moitas infraestruturas xudiciais que fixo a Xunta de Galicia. Estamos en período electoral e non sei se é o propio ou se ao final vostede me vai acabar denunciando por falar de cousas que fixo a Xunta de Galicia e que vai facer. Pero a pregunta dáme perfecta oportunidade para falarlle do Plan de infraestruturas xudiciais e das moitas cousas que fixo a Xunta de Galicia —dun plan coñecido, por outra banda—.

Vostede dicíame que tivo que facer unha petición de información polo artigo 9, na súa condición de deputada, para que lla deramos. Pois, mire, por suposto, se vostede a pide, nós dámoslla. Pero en www.xunta.gal@planseactuaciónsdaxunta tamén a tiña. Polo tanto, non me diga que non era un plan coñecido e que non era un plan que estaba á disposición de toda a cidadanía. Vostede, xa digo, está no seu lexítimo dereito de pedilo a través da súa condición de parlamentaria; pero está para consulta de calquera cidadán, e a súa evolución tamén. Polo tanto, aí o ten. Non está publicado no *Diario Oficial de Galicia*, non é obrigatorio publicalo, non é necesario. O que é necesario é darlle publicidade e transparencia; a que lle demos cando nos reunimos con todos os operadores xurídicos no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Polo tanto, é un plan que se coñece.

Teño as miñas dúbidas —perdoe que llo diga, con todo respecto— de que vostede o coñeza na súa integridade ou, polo menos, de que o lera todo. Porque, se o lera todo, lería que no preámbulo dese plan dicía: «Márcase unha proxección de cara ao futuro, e isto sempre resulta complicado, dado que hai factores non previsibles, polo que o informe realizado» —era o plan naquel momento, foi o informe que foi á Xunta de Galicia, que aprobou ese informe para empezar o plan— «parte do recoñecemento das limitacións existentes á hora de realizar unha aproximación rigorosa ás que poden ser as necesidades dos órganos xudiciais nos vindeiros anos». É dicir, flexibilidade para adaptarse ás necesidades que nos foran pedindo os directamente interesados, que eran os operadores xurídicos e a evolución da Xustiza, da Administración, das planificacións que se fixeron, que se podían facer e que, de feito, se fixeron nunha administración que, como vostede sabe, é compartida. Polo tanto, esa foi a razón de que algunhas das previsións non foran executadas e que outras si o foran.

Por entrar nalgunha cifra importante, o plan, efectivamente, tiña orixinalmente 64 proxectos no seu contido. ¿Sabe cantos se executaron ao final ao abeiro dese plan? Executáronse



66. É dicir, máis dos que estaban previstos. Claro, se vostede me vén dicir aquí que non executamos o Plan de infraestruturas xudiciais, eu dígolle que si, e de sobra, con dúas infraestruturas máis das que estaban previstas. Iso si, con esa flexibilidade e con esa necesidade de acompañarse ás cargas xudiciais, á planificación e ás competencias que exercían outras administracións. E de feito superamos a cantidade que estaba prevista orzamentariamente, pasamos a 115 millóns, cando vostede sabe que a cantidade da que empezamos a falar cando se presentou o plan era unha cantidade menor.

Polo tanto, isto é como unha pequena introdución, por se lle quedaba algunha dúbida, que creo que non a debería ter, dende logo, á vista dos datos; e tamén á vista doutras cousas.

Sobre a resposta á pregunta que vostede formula como parte final da súa interpelación —¿é para a Xunta de Galicia a función da Xustiza unha función esencial?—, si, sen ningunha dúbida. ¿Como o demostramos? Con moitas cousas. Primeiro, co Plan de infraestruturas xudiciais, con máis actuacións executadas das inicialmente previstas e tamén máis cartos dos inicialmente previstos.

Vostede falábame do peso que podo ter. Isto non vai diso. Vostedes non sei como entenden o goberno. Nunca formou parte dun goberno da Xunta de Galicia, pero, se formara, daríase conta de que isto vai de prioridades obxectivas, non vai do peso que poida ter cada un. Pero, se quere que vaíamos por aí, tamén lle podería dicir que debo ter bastante máis que o conselleiro que no Bipartito se encargaba destas competencias. Porque nun orzamento que tiña 2.000 millóns de euros máis dos que logo tivemos nós resulta que a cantidade na que se incrementaron os orzamentos da Xunta de Galiza en Xustiza foi unha cantidade moi grande, de 114 en 2009 a 158 en 2019, que é moitísimo máis que a progresión que tiveron os orzamentos. Xulgue vostede a importancia que lle dá este Goberno, esta Xunta de Galicia, á Xustiza. Dende logo, se eu tivera que xulgalo pola cantidade que no ano 2009 nos deixaron como orzamento en Xustiza, diríalle que o Bipartito tiña bastante pouco interese en desenvolver as competencias en Xustiza por parte da Xunta de Galicia, simplemente contando estes números: de 114 a 158. E, efectivamente, como vostede dicía, algúns investimentos foron a través da SPI. Critícao, cousa, perdoe que lle diga, que me sorprende moitísimo. Critica que fixeramos a parte inicial nada máis —porque logo sempre foi executado con fondos propios dos orzamentos da Xunta de Galicia— do Plan de infraestruturas xudiciais a través de SPI. ¡Oia!, é que eran as necesidades desa época, cando, como vostede mesma dixo aquí, empezaba a crise económica e os orzamentos empezaban a diminuír. Pero é que resulta que nos anos de orzamentos expansivos todas as actuacións en infraestruturas xudiciais —que foron máis ben poucas as que fixo o Bipartito— foron a través da SPI, foron todas a través da SPI. E vostede vénme criticar isto. Cando a SPI era un instrumento para actuar en épocas de penuria orzamentaria foi cando nós o fixemos; e, cando vostedes tiñan a oportunidade de facelo doutra maneira, fixérono todo por aí. ¡Oia!, nós, unha pequena parte; e vostedes, todo. Polo tanto, non me critique algo que vostedes facían. E se mo critica, perdoe que lle diga que teño dereito a preguntar por que facelo por parte do Goberno bipartito a través da SPI en infraestruturas xudiciais é algo bo —no cen por cento das actuacións— e que o faga este goberno da Xunta de Galicia en apenas un 20 % en anos de penuria económica é algo que non se pode admitir porque é falta de transparencia e é non querer facer as cousas.



Isto respecto da planificación e, xa digo, respecto da súa pregunta de se nos interesa ou non nos interesa a Xustiza. ¡Vaia se nos interesa, señora Vilán, con estes datos que lle acabo de dicir!

Por facer un pequeno repaso —no tempo que teño e despois na réplica— preguntame tamén como están as actuacións máis importantes. Ben, vostede sabe o que está construído xa, todo o que fixemos nas épocas máis complicadas: o novo edificio xudicial de Santiago, que xa está funcionando; a Fábrica de Tabacos, que xa está funcionando; o edificio xudicial de Ourense, que xa está funcionando; a remodelación, de moita importancia, que fixemos en Ferrol, nos xulgados de Ferrol, que xa están funcionando; e multitude de pequenas actuacións. Algunhas, ademais —eu recoñezoo así—, rematando aquilo que vostedes nos deixaron sen rematar e tamén sen pagar. É certo que probablemente non contaban con saír do Goberno no 2009, pero tamén houbo que pagar esas cousas que vostedes iniciaron. E esas nin sequera as computamos neste Plan de infraestruturas xudiciais.

En Pontevedra, un investimento de máis de 21 millóns de euros, efectivamente, vai rematar nos vindeiros meses, en datas moi próximas, e deixará solucionado un problema que vostedes nos deixaron, que é a necesidade de espazo para as infraestruturas xudiciais de Pontevedra para os seguintes anos, que non o tiña. O edificio xudicial de Pontevedra non estaba nin previsto —nin faláron, porque de Vigo aínda faláron, e fixeron moitos papeis, non fixeron nada máis, por suposto—. Pero en Pontevedra nin o tiñan previsto nin había sitio. Había que facelo e vaise rematar agora. E para vostedes —perdoe que llo diga— isto non era unha necesidade; igual que o edificio de Tui, que non tiña ningunha previsión.

Na Cidade da Xustiza de Vigo, o investimento é de máis de 40 millóns de euros finalmente. Eu atopei un papel, un proxecto para facer un edificio nun terreo que non estaba cedido e que durante moitos anos o Concello de Vigo se negou a cedernos, ao contrario do que facían concellos de todas as cores políticas, porque dicían que non era unha competencia dos concellos axudar a que a Xustiza funcionara en Galicia. E aí perdemos moitos anos, por suposto, ata que tomamos a acertada decisión de facelo onde o estamos facendo actualmente. Pero ¡cantos anos pasaron en discusións!, como en tantas cousas, co Concello de Vigo, que dicía que non ían facer cousas que o resto dos concellos facían.

Isto respecto das infraestruturas que están en marcha e que son as máis visibles e as que máis orzamento requiren. Pero, ao mesmo tempo, fixemos un montón de actuacións relacionadas coa eficiencia enerxética, con 3,2 millóns de euros en remodelacións de edificios que xa existían para dotalos de maior eficiencia enerxética, e moitísimas obras menores, señora Vilán. Ao final, dos 55 edificios xudiciais que ten Galicia, dentro deste Plan de infraestruturas xudiciais fixéronse actuacións en 53. Claro, vostede vaimos dicir que hai dous nos que non fixemos nada, e que incumprimos o Plan de infraestruturas xudiciais. Non, non, é que non é necesario. Afortunadamente había dous edificios que estaban nun estado no que non se facían necesarias estas actuacións.

Podía detallarlle despois moitísimas actuacións específicas relacionadas coa protección das vítimas de violencia de xénero, actuacións que teñen un custo e que non imputo, ademais, ao Plan de infraestruturas xudiciais, pero que tamén supoñen unha carga importante dentro



desa importancia social que lle damos á Xustiza. Poderíamos falar longo e tendido tamén, pero iso daría para, dende logo, outra interpelación; e probablemente para unha comparecencia para falar da implantación das novas tecnoloxías na Administración de xustiza. Nisto non había absolutamente nada no ano 2009, señora Vilán, e son máis de 30 millóns de euros que levamos investidos a maiores do Plan de infraestruturas xudiciais que tamén os podíamos meter aí, e que podíamos sumar tamén. Isto supón que no día de hoxe todos os partidos xudiciais de Galicia teñan un sistema de videoconferencia e que, cando rematemos o ano 2019, haberá 30 salas absolutamente dixitais instaladas en Galicia, ratio que non se dá en ningunha outra parte do Estado. Poderíamos falar tamén de todos os instrumentos, xa digo, con novas tecnoloxías, do repositorio unificado xudicial, do visor electrónico, da sinatura dixital. Creo que todo iso vostede, na súa condición de letrada, o coñece, como a sinatura dixital e-Fidelius, todas estas cousas para as que, xa digo, non teño tempo pero que tamén podían considerarse como plan de infraestruturas xudiciais.

E, por último, se quere, podemos falar da asistencia xurídica gratuíta, función social da xustiza. Cando eu empecei a exercer estas competencias, respecto do turno de oficio o que había era unha folga, e os avogados levantados en pé de guerra. Hoxe, afortunadamente, hai paz, e recoñecemento por parte da Xunta de Galicia do labor fundamental que fan estes profesionais. Aí si que mudou moito a situación. En infraestruturas, tamén; pero respecto da asistencia xurídica gratuíta, que é onde máis se ve a actuación da Xunta de Galicia...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...creo que a diferenza é como do día á noite.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Na rolda de réplica, ten a palabra a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Non melloraremos no cumprimento do Plan de infraestruturas xudiciais pero si no aire acondicionado, que agora non vai tanto frío como ía antes.

Grazas, presidente.

Eu non lle dicía que non puidésemos atopar o Plan de infraestruturas xudiciais, senón que non estaba publicado oficialmente no *Diario Oficial de Galicia*, e que non foi negociado con ninguén, señor vicepresidente. Iso de que negociaron cos sindicatos, que o abriron aos sectores e non sei que porque vostedes teñen moita flexibilidade, non é certo. E, é certo, nalgúns sitios nin sequera saben o que era o que estaba previsto que se ía facer nas obras pequenas, e vostede sábeo ben, señor vicepresidente.

Seguen sen estar feitos os edificios de Sarria, Muros, A Estrada, Cambados e Vilagarcía, seguen sen estar feitos. Entón, se había 64 actuacións xudiciais no plan e vostede di agora que



se fixeron 66... Eu son de letras, pero, se quedan por facer un, dous, tres, catro, cinco, e había 64 e fixeron 66, ¿onde están estas cinco? ¿Fixéronse noutros concellos diferentes de Sarria, Muros, A Estrada, Cambados e Vilagarcía? ¿Os de Vilagarcía, os xulgados de Vilagarcía, fixéronse noutro sitio? Porque sabe vostede ben que en Vilagarcía, no edificio, non hai calabozos porque están ocupados polo arquivo xudicial. Non hai espazo para ter calabozos e teñen que estar, os que están detidos, na comisaría de policía. E, por sorte, non pasa como en Tui, que teñen que estar na rúa atados a un banco, esposados a un banco, cando van declarar ao Xulgado Número 3. Por sorte teñen a comisaría de policía e poden estar nos calabozos da comisaría de Vilagarcía. Pero non hai espazo, non hai edificio novo nin en Cambados nin na Estrada nin en Muros nin en Sarria.

Das rehabilitacións que vostedes fixeron na Estrada, por exemplo, segue a chover na entrada do xulgado, dun dos xulgados. Entra a auga, señor vicepresidente. Ese é ao mellor un «non vai máis» na eficiencia enerxética nos xulgados, na eficiencia enerxética que vostedes que- ren poñer en marcha.

Na Audiencia Provincial de Pontevedra unha das cuestións que se ía cambiar era o sistema de acceso e control no edificio da Audiencia, que segue sendo exactamente o mesmo que no ano 2009, a mesma máquina, os mesmos señores, o mesmo cuartucho por onde hai que entrar á Audiencia Provincial. Iso tamén está sen facer.

De Tui é mellor non falar, porque de Tui fixemos un monográfico na Comisión 1ª. Pero cando comezou esta lexislatura, no ano 2012, o Xulgado Número 3 —xa non falo do 1 nin do 2, senón do 3— estaba e está nun paseo onde se fai o mercadillo. E eu mesma, cos compañeiros de Tui, fun ver onde estaba e tiven que apartar as prendas que tiñan alí as persoas que se dedican a vender no mercadillo para poder entrar no xulgado, señor vicepresidente. E segue sendo exactamente igual, porque o edificio novo non está feito, está para facerse, están as obras de rehabilitación do centro de saúde pero non está rematado. Estaba prometido no ano 2010 e estamos en 2019. Non diga vostede que había unha crise profunda, porque a crise, segundo vostedes, xa comezara moito antes, xa comezara con José Luís Rodríguez Zapatero e con Emilio Pérez Touriño. Vostedes sabíano. E, se o sabían cando entraron no ano 2010, ¿que previsións fixeron vostedes para o ano 2015? Ningunha, ese é o problema. Foron facendo vostedes sobre a marcha algo que vostede agora nos quere dicir aquí que está totalmente rematado, tanto é así que nos orzamentos do ano 2012 estaba prometido o edificio xudicial de Ourense, os de Pontevedra novos, o de Vigo, A Coruña e Vilagarcía, e tamén a rehabilitación da antiga fábrica de tabacos na Coruña. No ano 2013, de novo a rehabilitación da fábrica de tabacos, o novo edificio xudicial de Pontevedra. No ano 2014, de novo o de Ourense, e o de Vigo. No ano 2015, de novo o de Ourense. E seguimos ano a ano, ano a ano.

Claro, era tan fácil, señor vicepresidente, como que vostede chegase aquí e nos dixese: Efectivamente, era un plan excesivamente ambicioso para como estaba —porque a vostede válelle, aínda por riba, para criticar o Goberno bipartito—, e nós non o podíamos facer. Foi un brindado ao sol. Era fácil que dixese iso. Porque a xente da Xustiza sabe dos edificios onde traballa —e os usuarios—, e están vendo que o que vostede está contando aquí non existe.



En Viveiro, no ano 2012, en febreiro, acordouse iniciar os trámites para cederlle un local municipal á Xunta para que fixese un espazo digno como sala de espera para as mulleres vítimas de violencia de xénero —en 2012—. En 2015 acordaron dende o Concello, no pleno, a cesión gratuíta do local. E están esperando a que vostedes lles digan que si.

Señor vicepresidente, sexa serio, sexa serio, non nos conte milongas, porque xa non as cre ninguén.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: Remato xa.

Nós o que lle pedimos —e iso lle pediremos na moción consecuencia desta interpelación— é que rematen este plan antes de que acabe esta lexislatura, e que isto que vén facer hoxe vostede aquí porque o interpelamos dende o Grupo Parlamentario Socialista...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora VILÁN LORENZO: ...o faga anualmente para contarnos como vai este plan; e que esa transparencia da que fai gala se faga realidade.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán.

Ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o señor Rueda Valenzuela.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Vilán, entón, se a entendín ben, o plan está cumprido. O que pasa é que hai algunha actuación que se cambiou. Xa lle dixen na miña primeira intervención que lea todo o plan. Verá como se fala da suficiente flexibilidade.

Pregunte un pouco máis, non só á Xunta de Galicia —xa sei que o que diga eu o vai negar, aínda que saiba que estou no certo—, pregunte se sobre a marcha non se foi falando con quen hai que falar estas cousas, que son todos os directamente afectados —sobre todo os órganos de goberno de Xustiza en Galicia—, sobre o que era necesario priorizar e o que era máis importante facer. E, polo tanto, dentro dunha consignación —que xa lle digo que foi a bastante máis, á parte das infraestruturas tecnolóxicas, do que estaba previsto inicialmente, case 20 millóns de euros máis—, foron facéndose as cousas que entendemos de común acordo. Porque todas estas cousas facémolas de común acordo, e creo que por iso, nalgún aspecto, imos acertando. Falamos cos que máis entenden, que son os directamente afectados, os operadores xurídicos. E fóronse tomando decisións. Algunhas decisións foi actuar en edificios que non estaban previstos, ao pensar que eran máis prioritarios que outras actuacións.



Vostede insiste moito en Cambados e Vilagarcía. Xa sei que no ano 2009 eran unha das previsións. ¿Sabe o que non estaba previsto? A climatización. Houbo que facela aquel ano, 1.100.000 euros. Os funcionarios morrían de calor e non había unha soa previsión. Supoño que nos anos 2005, 2006, 2007 e 2008 tamén faría calor; e no 2009, que foi cando fixeron o orzamento, tamén faría calor nese xulgado. Vostedes non tiñan un euro no proxecto de presupostos, nuns presupostos expansivos, para solucionar ese problema. Houbo que facelo no peor momento, investindo, xa digo, 1.100.000 euros en climatizar rapidamente eses edificios.

Despois, con todas as planificacións que houbo de todos os proxectos que hai —porque segue habéndoos— de como pode acabar quedando a organización xudicial, creo que tomamos unha decisión intelixente. Primeiro, facer edificios nas cidades. Están feitos en todas onde era necesario. Estarán de acordo niso. Se vostede non está de acordo, entón vai por lado distinto a por onde van todos os operadores xurídicos, que dixeron: Fáganse primeiro nas cidades e aténdase despois o outro, sen deixar de atender todo o demais, que isto é prioritario. Por iso agora, se vostede fai un repaso do Plan de infraestruturas xudiciais verá que, agás en Lugo, onde acabamos de facer unha reforma importante na Audiencia, no resto das cidades actuouse nos edificios xudiciais para solucionar problemas que había alí. Por exemplo, como digo, no de Pontevedra, que non o tiñan previsto para nada. ¿Vostede cre que as estruturas xudiciais que había en Pontevedra eran suficientes, que non había que facer nada? O Bipartito, dende logo, críao. Non había nin un só euro previsto para facer ningunha infraestructura xudicial no partido xudicial de Pontevedra.

Polo tanto, estaremos de acordo con que o Plan de infraestruturas xudiciais cumpría con finalidades e que nós fomos capaces de velas, insisto, falando cos operadores xurídicos; e vostedes, polo que fora, non. E por iso fixemos o edificio en Pontevedra, en colaboración co Concello de Pontevedra. ¡Oia!, se tardou, fale vostede cos concelleiros do Partido Socialista en Pontevedra. Poden explicarlles que a parcela cedida tiña unha serie de problemas técnicos. Nós asumímolos perfectamente, e iso foi o que retrasou a execución. Vostede é de Pontevedra, sábeo perfectamente; polo tanto, ¿vénme dicir aquí que non está rematado o edificio? Pódolle falar de todos os problemas que houbo que ir solventando tecnicamente, cun aumento orzamentario, e que impediron que a obra estivera no prazo que se dixo inicialmente.

Fálame de Tui. Primeiro cría que me ía dicir que non se estaba facendo un edificio en Tui. ¡Claro que se estaba facendo! Pero eses problemas que había xa os poderían ter previstos. Porque o xulgado de Tui foi dos primeiros que se crearon no ano 2009, xa viña da súa época esa previsión. E, por suposto, cero euros para reunificar, como agora estamos facendo, o edificio de Tui. ¿Sabe por que tardamos aí tamén? Porque, contrariamente á Seguridade Social cando gobernaba o PP en Madrid, que cedeu o edificio da Torre da Xustiza en Vigo á Xunta de Galicia para cumprir o fin social da Xustiza, resulta que, cando cambiou o goberno en xuño do ano pasado, nos dixeron que non nos cedían o antigo centro de saúde de Tui e que, polo tanto, había que compralo. E custoulle ás arcas públicas un millón de euros da tesouraría da Seguridade Social do Goberno socialista. E iso foi o que o retrasou tamén, cando todo estaba preparado para poder facer este edificio. Esa é a diferenza. Resulta que o Goberno, con Mariano Rajoy, entendía que a función social da Xustiza había que poñela por riba da función recadatoria do Estado. Polo tanto, cedeuse esa torre, e en Tui houbo que pagar un millón de euros por ese edificio, por ese centro de saúde que a tesouraría da Segu-



ridade Social non o quería para nada. Pero había que recadar. Esa foi tamén unha causa que explica ese retraso.

Falou de Viveiro tamén —de rehabilitación integral—. Mire, esa é unha das actuacións, e dime onde está. Pois en Viveiro houbo que facer unha rehabilitación integral que non estaba prevista no Plan de infraestruturas xudiciais, pero houbo que facela e valeu moitos cartos. Para vostedes o edificio xudicial de Viveiro estaba perfectamente.

Poderíamos falar e, xa digo, hai pouco tempo na interpelación para ir falando de todo o que se fixo no momento máis difícil no Plan de infraestruturas xudiciais. Era unha necesidade que non souberon ver vostedes polo que fose. Non vían as actuacións puntuais cando había cartos —de verdade, señora Vilán— para facer moitas cousas e cando non se facía nada en Xustiza.

Este Goberno, esta Xunta de Galicia, en dez anos —nos anos máis difíciles para facer estas cousas— aumentou case un 25 % os orzamentos de Xustiza...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...puxo máis de 100 millóns para facer infraestruturas xudiciais porque facían falta. O malo é que tamén facían falta no Bipartito e vostedes iso non o vían, ou, se o vían, non lles daba a gana.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Suspendemos a sesión ata as 16.30.

Suspéndese a sesión ás dúas e media da tarde e retómase ás catro e trinta e un minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Boas tardes.

Retomamos a sesión coa última das interpelacións.

Interpelación de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación coa protección e conservación do patrimonio cultural arquitectónico e arqueolóxico

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Cuña Bóveda.

A señora CUÑA BÓVEDA: Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todas e a todos.



O pasado 8 de abril, como ben sabemos todas, aprobouse a Lei de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas de Galicia, co único apoio do Partido Popular. E nós consideramos que isto vai ter consecuencias gravísimas e serísimas, serísimas para o noso patrimonio.

Eu esperaba a comparecencia aquí do conselleiro de Cultura, pero, bueno, supoño que motivos terá. E espero que vostede me dea resposta.

¿Por que dicimos que isto é moi perigoso? Está en alerta pois eu creo que toda persoa que o coñeza ben, non só expertos senón unha franxa moi ampla da sociedade. Porque ¿que vai suceder? Pois que se vai baleirar de contido o marco de intervención dos conxuntos históricos. O marco de intervención dos conxuntos históricos é vital para manter o que temos.

Esta lei contradí varias outras leis. Por unha banda, a Lei 5/2016, de patrimonio, na que se especifica clarísimamente que é imprescindible un plan especial de protección. E dise no texto específico que calquera actuación sobre o patrimonio no ámbito autonómico pasa por isto, por un plan. En segundo lugar, tamén contradí a Lei de solo, que vostede si coñecerá moi ben; en concreto, a Lei 2/2016, do 10 de febreiro. Aí dise tamén claramente que a figura que ordena e planifica é un plan especial. Xa van dúas contradicións respecto de leis autonómicas. Pero é que contradí tamén a propia Constitución. A Constitución, no artigo 46, non é estritamente un dereito, pero si son recomendacións que vencellan os lexisladores e as lexisladoras. Polo tanto, é moi importante o que se recolle na Constitución: que a Administración ten que coidar o patrimonio. Cando unha lei se redacta dicindo que un plan especial non serve para nada, non podemos esperar que solucione, rexenere e, como dixo vostede na súa intervención, sexa beneficiosa para Galicia. Perdoe, pero non podemos admitilo.

Ben, por outra banda, é moi difícil de crer que se faga e se poña a andar. Esta lei entra en vigor o día 22, pasadomañá. E non podemos entendelo, debería partir de vostedes. No período de emendas houbo quen lles pediu que, por favor, houbese informes. ¿De quen? Informes do Consello da Cultura Galega, que se tivese en conta a Consellería de Cultura —desaparecida ata o de agora—, que tamén informase a Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio. É algo racional, é algo total e absolutamente coherente.

¿Para que se pedían estes informes? Pois fundamentalmente para tres cousas: primeiro, saber se o tema parcelario era congruente con isto; segundo, ver se colisionaba con outras leis, e colisiona non só coas dúas nomeadas e mais coa Constitución, senón coas recomendacións internacionais. Hai, polo menos, pois moitísimas cartas: a Carta de Atenas, de Venecia... A última é a Carta de Cracovia, que eu teño aquí. E están moi claras cales son as recomendacións que vencellan este Goberno, como vencellan practicamente toda Europa.

Ben, o que fixeron, realmente, é un cóctel lexislativo perfecto para permitir barra libre e seguir desaproveitando posibilidades reais de rehabilitación e rexeneración habitacional.

Podería e debería facerse posible outro modelo, unha lei para conectar coas actuacións de rehabilitación do rural, con políticas económicas e sociais ambientais que garantan un rural vivo e con futuro. Pero redactaron un proxecto para habilitar e rehabilitar malas políticas inmobiliarias. É a especulación irresponsable á procura de beneficios inmediatos a custa da



distribución... Coas leis do Partido Popular estamos nun territorio e estamos considerando o patrimonio e dándolle un prezo. E non estamos falando de negocio. Non, estamos falando de algo moito máis importante, porque herdamos un patrimonio e temos que legalo ás xeracións futuras.

O fundamental é que, con esta lei, o patrimonio está absolutamente desprotexido. Isto é un exemplo máis do seu programa de desmantelamento. Sabemos, e saben vostedes mellor ca nós, que só os inmobles declarados BIC contarán con protección integral, seguirán contando con permiso previo de Patrimonio, e o resto non. ¿Sabe vostede cantos elementos patrimonio BIC hai na cidade de Santiago? Hai dez. ¿Sabe o que se pon en perigo? Isto non o digo eu, dino expertos. Ponse en perigo nada menos que Santiago de Compostela como patrimonio da humanidade, nin máis nin menos. Isto é moi serio. Estamos diante, e todas o sabemos, dunha das cidades máis emblemáticas do mundo. É increíble. Foi declarada patrimonio no ano 1985. Moi ben. Se se pode intervir no 90 % do resto do patrimonio de Compostela, pode perder absolutamente a súa identidade. De manterse os artigos analizados na lei, non hai dúbida de que este conxunto histórico da cidade de Santiago pode perder a súa categoría, xa que parte do seu patrimonio, que serviu como xustificación da dita cualificación —é dicir, o parcelario, a interioridade de cada edificio, as súas vías, etc.—, poderá modificarse e alterarse ao libre albedrío dos gobernos turnantes. Estamos falando de valores, estamos falando non só de valores económicos —que tamén son—, estamos falando de valores históricos, estamos falando de valores artísticos, simbólicos, identitarios, funcionais.

Como base, estes datos de soamente un 10 %. Se non acada máis ca a un décimo do total das edificacións existentes desta cidade —poderíamos falar doutras, poderíamos falar de Ourense, de Vigo, poderíamos falar de moitos espazos—, todos os demais, os que non son BIC, ¿de que son susceptibles, señora conselleira? De ser agrupados, demolidos, e de manter unicamente as fachadas, de convertelos en espazos comerciais en mans de multinacionais, ou da especulación pura e dura.

Os propietarios si poderán reformar vivendas nos cascos históricos sen permiso autonómico previo. Vostedes mesmos cifran en máis de 3.000 ao ano as actuacións que con esta modificación quedarían libres de control por parte de Patrimonio.

Ben, vou pasar, porque teño moitísimo interese en que me conteste nesta interpelación as seis preguntas que lle fago.

A primeira é: ¿como pensan garantir a protección e a conservación do patrimonio cultural, arquitectónico e arqueolóxico galego cando se pretenden obviar as proteccións derivadas da Lei de patrimonio cultural de Galicia e dos plans especiais de protección xa existentes?

Segunda: ¿están a ter en conta que se poden perder e destruír eses valores arquitectónicos, arqueolóxicos e ambientais que atesouran os centros históricos, os núcleos parroquiais, os territorios mesmo históricos dos camiños de Santiago, moitos deles recoñecidos coa máxima categoría, incluídos no patrimonio mundial da Unesco —a cidade histórica, como dixemos, os camiños de Santiago francés, norte, o da costa e primitivo—?



Terceira: ¿como pensan resolver as contradicións e a inseguridade xurídica que provocará a aprobación desta lei en relación coas proteccións derivadas fundamentalmente da devandita Lei de patrimonio cultural de Galicia, pero tamén da Lei do solo e mais das figuras de planeamento que protexen e regulan moitos dos bens e ámbitos que se poden ver afectados?

Cuarta: ¿son conscientes de que se podería incorrer nun suposto de espoliación de bens — non son palabras menores— integrantes do patrimonio, porque tamén colisiona coa Lei de patrimonio histórico española, que é unha lei base de todas as leis das comunidades, entendida como toda acción ou omisión que poña en perigo de perda ou destrución de todos ou dalgún dos valores que integran o patrimonio histórico español, ou que perturbe o cumprimento da súa función social?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: Remato xa.

¿Por que o Goberno non aceptou o requirimento do Consello da Cultura, da Consellería de Cultura, da Dirección de Patrimonio?

Sexta, e máis importante: ¿son conscientes de que poderían incorrer nun suposto de inconstitucionalidade por incumprimento do artigo 46 da Constitución?

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Cuña.

Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a señora Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Boa tarde, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Señora Cuña, a verdade é que non deixan vostedes nunca de sorprender. Hoxe traen aquí unha interpelación plagada de afirmacións incorrectas, por non dicir falsas, que non recollen nin o texto legal aprobado por esta Cámara o pasado día 9 de abril nin, por suposto, tampouco o texto que, despois de ser aprobado, vai entrar en vigor o día 22 de maio deste mesmo ano.

Ben é certo que, polo menos, non se trata dunha interpelación repetida, porque veñen dúas veces coa mesma pregunta ou interpelación —que neste caso foi do señor Sánchez—. Vostede, polo menos, cambiouna un pouco. Pero, unha vez lida a súa iniciativa, non estou segura das súas intencións, créame.

Porque, unha de dúas, ou non leron a lei e polo tanto non poden ser obxectivos —e non sendo obxectivos tampouco son exhaustivos á hora de verter informacións que carecen de



veracidade— ou perseguen algo distinto, e teñen a intención de confundir e enganar os galegos e as galegas sobre unha lei que só busca recuperar o construído. Créanme, só busca recuperar o construído e ten como obxectivo loitar contra o abandono e darlles vida aos cascos históricos das nosas vilas e das nosas cidades —pode ser Santiago, pode ser Ourense, pode ser Tui, pode ser calquera concello que atravesa o Camiño de Santiago—.

Trátase de loitar contra ese abandono. Trátase, polo tanto, dunha lei pioneira en Galicia, das primeiras do Estado, que reflicte ademais —se vostede a lera, se vostede fora capaz de interpretarala e, polo tanto, non fora con segundas... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio, silencio!

Silencio, señor Sánchez, por favor. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Non, non, por favor! Vostede foi o que increpou. Atendamos (*Fortes murmurios.*) Atendamos a quen está no uso da palabra.

Silencio para todos.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): É unha aposta da Xunta pola rehabilitación e, polo tanto, polas vivendas.

Vén vostede a esta Cámara con numerosas afirmacións referidas á lei que non se corresponden en absoluto coa realidade. E por iso me gustaría dicirlle claramente que a normativa en materia de rehabilitación, en primeiro lugar, non di que un plan especial non serve para nada. Iso non o di en ningún lado. Todo o contrario, xa que potencia a figura dos plans especiais. E así se recolle no artigo 15, cando fala da forma de planificar as actuacións de rehabilitación. Nese artigo é contundente. Pero tamén no artigo 45, que prevé a aprobación dun modelo de plan especial de protección. Polo tanto, primeira falsidade.

Segunda falsidade: non trata de maneira uniforme a todos os conxuntos, xa que precisamente establece a necesidade de contar cun plan de dinamización específico para cada ámbito no que se atendan todas e cada unha das súas particularidades. E a terceira falsidade, por suposto, é que non é un cheque en branco para os axentes da especulación inmobiliaria e urbanística.

E vostede nomeou Santiago, e de Santiago debe saber que a cidade non ten un plan especial. E, por certo, o PP no ano 2015 deixou adjudicado un contrato para a elaboración dun novo plan adaptado á realidade do século XXI, precisamente para conservar, manter e revitalizar o corazón de Santiago. Pregúntelle vostede a Compostela Aberta qué é o que fixo ao respecto.

Pero seguen vostedes explotando unha vez máis ese mantra da especulación, de que todo o que fai a Xunta vai nesa dirección, única e exclusivamente, de especular. E isto é totalmente falso. A lei deixa claro que todas as actuacións están suxeitas á tutela permanente das administracións. Así o recolle no seu artigo 11, no que di que a dirección das actuacións de revitalización e rexeneración, tanto públicas coma privadas, corresponden aos entes públicos.



En resumo, a necesaria participación dos particulares, da iniciativa privada, para levar a cabo actuacións de rehabilitación que revivan inmobles abandonados está sempre suxeita a control. Polo tanto, ningunha das súas afirmacións é certa. Non din vostedes nin sequera o que redacta a lei; porque ás veces pódese interpretar, pero é que a lei non di nada respecto do que vostede hoxe nos vén transmitir. Pero non só hoxe, é que o din continuamente.

Estamos ante unha lei que foi elaborada de xeito participativo e que incluíu as achegas dos diferentes axentes implicados, e que responde e dá solucións a todos os posibles problemas que se poden presentar á hora de rehabilitar un inmovble. E estou segura de que, se vostede gobernara, estivera nun concello e fora concelleira, se decatara das dificultades que ten un propietario para rehabilitar un inmovble que non sexa BIC. E responde simplemente a dar solucións, solucións nos distintos ámbitos. A participación foi unha realidade non só durante senón incluso antes de traer aquí a lei, incluso dentro do que foi o borrador en si. E fixéronse consultas, consultas aos que coñecen, aos quen están, aos que saben, aos que palpan a realidade, que son as diferentes oficinas vinculadas ás ARI, consultas ao Consorcio do Casco Vello de Vigo, consultas aos técnicos, por suposto, da Consellería de Cultura; tamén da análise detallada realizada polo Plan estratéxico de dinamización de cascos históricos, coordinado pola Consellería de Cultura, e ademais realizouse unha análise exhaustiva dos plans especiais dos conxuntos históricos.

De todo este traballo ao final chegaron unhas conclusións, conclusións que nos permitiron detectar unha serie de barreiras e trabas que dificultaban as actuacións de rehabilitación e rexeneración urbanas, como, por exemplo —voulle citar— as barreiras administrativas e de xestión —temos que ser áxiles, e iso é o que pretendemos con esta lei—, as barreiras para a adquisición de inmobles —temos unha obrigas pero tamén temos uns deberes, e non podemos ter uns inmobles destruídos, derruídos, e que encima son perigosos, e que non se poida facer porque un propietario non queira facer absolutamente nada, aínda que se lle dean todas as posibilidades—, e tamén había problemas de habitabilidade, problemas sociais e demográficos, e problemas de financiamento.

E o que fixemos nós foi intentar dar solucións e propoñer solucións. E iso é o que é a lei: dar solucións e propoñer solucións. E para iso habilitamos tres grandes bloques de medidas: o primeiro, facilitar as intervencións públicas e garantir a tutela permanente nas actuacións; o segundo, impulsar a coordinación entre administracións, tanto dando axilidade aos procedementos como impulsando a viabilidade das actuacións e garantindo a protección do patrimonio; e xa o terceiro bloque, fomentar a participación dos particulares na rehabilitación.

E á parte apostouse pola participación pública de todos os axentes implicados na rehabilitación. Así, admitíronse o 42 % das achegas do Estado, que presentou un total de 132 alegacións; o 73,9 % das achegas feitas polo CES, que presentou un total de 23; e, ademais, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural participou activamente na redacción do texto legal —eu creo que o podo dicir máis alto, pero creo que non pode ser máis claro—, e fíxoo de forma especialmente intensa en todo o capítulo V do título I, no que se regulan as intervencións nos edificios incluídos no ámbito territorial das categorías de bens definidos na Lei de patrimonio cultural. Con todos estes avais, e como non podía ser doutro xeito, a protección e a conservación do patrimonio cultural créanme que están totalmente garantidas. E conti-



núan protexidas pola Lei de patrimonio cultural, así como polos plans especiais de protección e polo resto dos instrumentos que regulan esta norma. E tamén quedan garantidas pola Lei de rehabilitación, que, sen dúbida ningunha, vai contribuír de xeito notable á conservación e tamén á protección, xa que, por un lado, contempla medidas de potenciación e de recuperación dos cascos históricos que van máis alá e inclúen medidas económicas, medidas sociais, culturais, de impulso e de actividade comercial, apostando en todo momento pola rexeneración non só física senón tamén social e dando lugar a unha auténtica rehabilitación integral. Desenvolve e implementa mecanismos xa recollidos na lexislación estatal para fomentar e rehabilitar, así como para eliminar os posibles atrancos que dificulten a recuperación do xa construído.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): E xa remato.

Inclúe, ademais, mecanismos de colaboración entre as administracións. E, por último, adopta medidas que facilitan as actuacións de recuperación no xa construído.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para a rolda de réplica ten a palabra a señora Cuña Bóveda.

A señora CUÑA BÓVEDA: Señora conselleira, non contestou a ningunha das preguntas, a ningunha das seis. Non, a ningunha.

Ademais acúsame —algo moi grave dende o meu punto de vista— de ignorancia. Eu pódolle dicir que ignorancia, a súa. Non sei se leu a Carta de Cracovia, por exemplo. Se quere, déixolla, e pode lela.

«Artigo 12 —requisitos previos da ordenación e actuacións en medio urbano—. Vou ir moi rápido porque o tempo voa. Ben, capítulo III —planificación das actuacións do medio urbano—, sección 1ª... Só enumero, porque, como vostede coñecerá a lei coma a palma da súa man, pois non é necesario formular nin desenvolver máis. Artigo 16 —tramitación simplificada dos instrumentos de planeamento—. Artigos 41 e 42 —edificios con nivel de protección ambiental—. Cascos históricos, artigo 43, moi importante para o patrimonio —parcelario—. Ben, poderíamos seguir enumerando, eu non teño que demostrar nada. É moito talento ou moito atrevemento. Eu creo que é moita ignorancia a súa.

Por favor, dígame: ¿vostedes non cren que isto vaia producir unha desfeita, verdade? ¿A que xogan? Queremos que a Ribeira Sacra, por unha banda, sexa patrimonio da humanidade, e abrimos a porta a que se perda valor. ¿Pódemo explicar, por favor? Primeiro explíqueme, déame resposta, porque as preguntas están moi maduras, non son preguntas ao chou, son preguntas absolutamente racionais e pertinentes. Dígame por que non contaron co Consello



da Cultura, por que non fixeron informes. Fálame doutras persoas ás que si consultaron, pero non das relacionadas estritamente coa defensa do noso patrimonio.

Despois, actuar sobre o 90 % ¿que pode cambiar? ¿Paga a pena que perda a categoría de patrimonio da humanidade toda a cidade por esta lei? Falan de recuperar o patrimonio inmaterial e ao tempo pretenden esnaquizar o material. Mire, paren o carro e razoen, por favor, porque a demagogia non entra nisto, e vostede acaba de ser absolutamente demagóxica. Que o meu compañeiro presente unhas emendas non o contradí en absoluto, e é totalmente congruente con que fagamos unha interpelación e despois a moción. Dígollo como o creo, de verdade, señora conselleira... *(Murmurios.)* Cando acabe de saudar ao conselleiro de Economía quero dicirle o máis importante que teño que dicirle. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora CUÑA BÓVEDA: ¡Maleducada vostede, que corta sempre! *(Murmurios.)* ¡Home claro! *(Aplausos.)*

Mire, isto pode ter... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio, silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Silencio, señora Prado, silencio!

A señora CUÑA BÓVEDA: O artigo 46 da Constitución, que vostede tamén coñecerá moi ben, non fala de dereitos pero si de principios programáticos. *(Murmurios.)* Pode dar pé a un recurso de inconstitucionalidade. Se quere tomalo con banalidade, tómeo como queira. ¡Alá vostede! Non vencella pero si obriga a legislar.

Se non me escoitou na primeira parte, isto ten que ver coa primeira parte.

Ben, o recurso de inconstitucionalidade é posible. E dígolle máis, señora conselleira, se quere escoitarme. Hai tres...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señora Cuña, por favor, continúe. Despois non se queixe de que a interpelen. Así que, por favor, continúe. *(Fortes murmurios.)*

A señora CUÑA BÓVEDA: Ben, vostedes están vulnerando, están vulnerando esta lei. *(Murmurios.)*

Perdón, vou intentar serenar. É a hora da sesta, é unha hora mala, é a da dixestión. *(Murmurios.)* Vostedes están vulnerando leis autonómicas, lei estatal, a propia Constitución e recomendacións internacionais. Se lle parece que eu non teño categoría para interpretar a lei, alá vostede.

Ben, falan de axilizar trámites burocráticos, de canalizar mellor as axudas. Pero o que hai que dicir é como lles van explicar, por favor, como lles van explicar aos pequenos comerciantes que poden desaparecer. ¡Ah!, porque vostede sábeo ben, sábeo ben. *(Murmurios.)*



A restauración ten que ser coidadosa, respectuosa. Nas sociedades avanzadas e cultas que se preocupan pola súa historia e pola herdanza así o fan. Hai exemplos como o de Lyon, bótelle un olliño.

Vostedes non saben controlar todo este patrimonio, non saben. Non saben dominalo e desprezan unha parte dos expertos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: Remato.

Os informes que se solicitaron... (*Murmurios.*)

É difícilísimo, hai cortocircuíto con tanta interferencia. Pero ben, vou seguir, quédanme un par de minutos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non, non, non lle quedan minutos, xa leva...

A señora CUÑA BÓVEDA: Perdón, segundos, segundos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Ah! Remate, por favor. (*Murmurios.*)

¡Silencio!

A señora CUÑA BÓVEDA: Os informes solicitados non só son pertinentes, senón que deberan xuntalos vostedes se tivesen o máis mínimo de congruencia. Os convenios internacionais, por se non o sabía...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...señora Ánxeles, son de obrigado cumprimento. Expliquen os motivos do incumprimento.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora CUÑA BÓVEDA: Contésteme, polo menos, dúas das seis preguntas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a señora Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moi boa tarde.

A verdade é que vexo un pouco de alboroto, non sei se pasou algo esta mañá ou se é verdade (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) que onde pasa é nalgún grupo, e iso extrapólase ás



leis que van rexer os cidadáns, a todos os galegos e galegas. E debemos diferenciar. Unha cousa é o que nos poida pasar a nivel individual ou de grupo e outra cousa é que, cando toca interpelar, o fagamos como debemos, como debemos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

E créame que eu, por respecto, podo miralos a vostedes. Pero, se saúda o seu compañeiro, non lle vou chamar a atención. Porque antes lin as preguntas. Non fai falta que estea atenta ao mil por mil ao que vostede está dicindo. Polo tanto, o respecto pídeselles a vostedes, porque ademais nolo pide a sociedade.

Señora Cuña, coas súas acusacións —que son acusacións unha vez máis—, o que demostra vostede é un amplo descoñecemento da lei, gústelle ou non lle guste. Polo tanto, empéñanse en criticar. E créanme que os concellos avalan a lei, concellos de distintas siglas. E eses son os que están ao carón dos cidadáns. E o cidadán é o que pide.

Pero a vostedes dáselles por querer dar marcha atrás. A mosan unha falta absoluta de respecto pola verdade, pola verdade. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio! ¡Silencio! ¡Señor Prado, silencio! ¡Señor Sánchez, por favor, silencio!

Non, señor Prado e señor Sánchez. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Desculpe un momento, conselleira. ¡Silencio! ¡Silencio! Vou ter que empezar a chamar á orde. É que é increíble.

Continúe.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): E a súa intención de repetir unha e outra vez un mantra non ten ningún fundamento; é dicir, por máis que digan que se desprotexe...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Desculpe un momento, señora conselleira.

Señor Sánchez, chámoo á orde. Señor Prado, chámoo á orde. Están chamados á orde vostede e mais vostede, ¿vale?

Grazas, continúe.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Volvo repetir: a Lei de rehabilitación é clara. E nela non se desprotexe o patrimonio cultural, non se desprotexe o patrimonio cultural, Todo o contrario, contribúese á súa protección, á súa conservación e á recuperación dos cascos antigos máis abandonados. Garántese a protección do patrimonio, e vólvoo repetir unha vez máis por se acaso non lle queda claro. Porque vostede di que non, e é que non sei en que se basea vostede para dicir que non. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Insístolle, a Xunta non está desprotexendo o patrimonio. É a quinta vez que llo estou dicindo. O único que se fai a través da Lei de rehabilitación é axilizar, é facilitar os trámites aos cidadáns para que recuperen os inmobles en estado de abandono; todo o contrario do que din vostedes de que vai desaparecer o comercio. Non, mire, desaparecería o comercio se non somos áxiles, se non lles permitimos a agregación de dous baixos para que sexan máis amplos, porque teñen que ser competitivos —é todo o contrario do que vostede di—, dotando Galicia, polo tanto, dunha norma que busca fomentar a cultura da rehabilitación e facelo compatibilizando a protección, o patrimonio e a rehabilitación. Por iso, entre os obxectivos destacados pola lei está facilitar e, por outro lado, fomentar a cultura da rehabilitación, impulsar a dinamización económica, social e demográfica ao tempo que se compatibiliza a protección do patrimonio e as condicións de habitabilidade das vivendas. Porque comprenderá que son eles, os que teñen a súa vivenda nos cascos antigos, os que din que queren vivir doutro xeito, señora Cuña. ¿Ou é que dende aquí lles queremos imponer como teñen que vivir? Pois poden vivir igual ca vostede ou ca min —que vivo nunha casa alá lonxe—, igual ca nun piso calquera. Eles queren rehabilitar pero queren que a súa habitabilidade sexa a xusta, a que demandan. E iso é no que se basea a Lei de rehabilitación, nin máis nin menos, pero vostedes están con outro mantra e a ver se cala ou non cala. *(Aplausos.)*

Polo tanto, nada do que dixo é certo, non se obvian as proteccións derivadas da Lei de patrimonio cultural. ¿Onde viu vostede que se obviarán? Están totalmente garantidas. Non se poñen en perigo valores arquitectónicos ou ambientais, en absoluto. Non se xera inseguridade xurídica, créame, hai os informes pertinentes. ¿De onde sacou vostede que se crea inseguridade xurídica? Non se pon en perigo ou risco de espolio o patrimonio histórico español —que parece que vimos aquí cunha bomba e arrasamos con todo—. Que non, que iso non é o que queremos. E non se obvian os requisitos do Consello da Cultura Galega...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...nin da Consellería de Cultura. Pero ben é certo que, se vostedes o que pretendían é que, para adecentar un tellado, houbera que vir cun informe a Patrimonio, a pesar de que nos concellos xa informaban e, polo tanto, houbera unha demora —e quen di o tellado di a carpintaría exterior—...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):non conten con nós. Porque nós queremos outra Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.



Pasamos ao seguinte punto da orde do día de preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación na que se atopan cada un dos proxectos promovidos pola Xunta de Galicia para o novo barrio da Residencia, en Lugo

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Amigo Díaz.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, con total seguridade un dos proxectos máis ambiciosos de transformación urbana e de dotación de novos servizos para a cidadanía ten o seu epicentro no barrio da Residencia, na cidade de Lugo. E a súa autoría, impulso e execución vén da man da Xunta de Galicia. O Goberno galego fará realidade unha transformación en positivo deste espazo e do conxunto da cidade, cun moderno centro integral de saúde, cunha nova residencia para persoas maiores, coa oficina de emprego e formación, coa nova sede da aceleradora aeronáutica, cunha central térmica de biomasa e, se o goberno central non bota por terra o compromiso anterior, coa nova comisaría. Son servizos públicos pensados para as nosas veciñas e veciños, para o benestar, en definitiva, de todos os lucenses. E tamén son proxectos que servirán como punta de lanza na transformación integral dun barrio que aspira a recuperar o protagonismo perdido.

Aqueles que vivimos en Lugo vemos como as obras avanzan nada máis e nada menos que cunha actuación de grande complexidade técnica. Estou a falar do derrubamento do antigo hospital xeral, que no seu momento tanto servizo ofreceu ata a apertura, na primeira lexislatura do goberno Feijóo, do novo Hospital Lucus Augusti.

Os lucenses tamén facemos seguimento da tramitación administrativa de todos os proxectos. A Xunta traballa na elaboración de documentos técnicos, licitacións, adxudicacións, dá pasos firmes e decididos para transformar Lugo a mellor e para facer realidade o novo barrio da Residencia.

Con todo, segundo a información que imos coñecendo, non se está a contar coa colaboración esperada e debida por parte do goberno socialista local, algo que, desde logo, tampouco nos estraña. Sabemos que os socialistas non deixan de poñer atrancos, o que impide desenvolver as obras proxectadas coa urxencia e ritmo que merece unha iniciativa desta importancia. Hai quen, para agochar as súas propias debilidades, prefire que outros non fagan.

Por iso, desde o Grupo Popular pedímoslle á Xunta que persevere, que manteña o compromiso e que traballe na transformación integral do barrio da Residencia. Porque os lucenses merecen dispoñer destes novos servizos e están moito por riba dun goberno local que nin fai nin deixa facer.

Señor conselleiro, nós hoxe traemos a este Pleno a pregunta que antes lle formulabamos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Amigo.

Ten a palabra o conselleiro de Facenda, o señor Martínez García.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Moitas grazas, señor presidente.

Ao respecto permítame sinalarlle tres cuestións. A primeira é que este é un proxecto ambicioso, proxectado polo Goberno galego para rehabilitar e revitalizar o barrio da Residencia, a maior transformación urbana levada a cabo nunca antes pola Xunta de Galicia; e conleva a creación dun novo barrio de servizos para os cidadáns. A segunda é que a Xunta está facendo os deberes, e todos os trámites que temos en relación coas nosas competencias. E a terceira é que estamos á espera de que o resto das administracións implicadas asuman as súas.

Como lle digo, o obxectivo é converter o barrio da Residencia, cun investimento de máis de 24 millóns de euros por parte da Xunta, nun referente de modernidade, innovación, accesibilidade e sostibilidade. Actuamos no patrimonio público, que tratamos de poñer en valor, e contribuímos tamén a rebaixar os alugueres —todo isto dentro do plan patrimonial—. Estamos ante unha actuación que nunca se fixo en Galicia, pois transformamos un barrio enteiro para dotar os cidadáns de Lugo de diferentes servizos nun mesmo espazo; unha actuación moi complexa pero tamén moi ambiciosa, como explicarei.

O centro integral de saúde, o primeiro de toda Galicia, concentrará nun mesmo edificio un moderno centro de saúde, as unidades de saúde mental, a base do 061 e o punto de atención continuada. O proxecto global tamén inclúe a urbanización e demolición de varios edificios anexos. Pois ben, en agosto de 2017 licitamos o proxecto técnico, que adxudicamos en decembro dese ano. En setembro de 2018 asinamos un convenio co Concello de Lugo. En novembro publicamos no *Diario Oficial de Galicia* a encomenda de xestión desde a Consellería de Sanidade á Axencia Galega de Infraestruturas para executar as obras. E desde outubro de 2018 contamos co informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio. Lamentablemente, levamos meses agardando pola licenza municipal.

Respecto da nova oficina de formación e emprego, a semana pasada o Consello da Xunta autorizou a retrocesión do pavillón administrativo para poder levala a cabo. De maneira simultánea imos pedir á Seguridade Social a retrocesión do inmovible, unha nova cesión á Xunta, obviamente, e unha autorización de ocupación, acordada con eles, para ir realizando a obra de rehabilitación.

En relación co centro de emprendemento, a Xunta creou o Centro de Innovación Espacial en decembro de 2018. Polo que respecta á residencia sociosanitaria, na parcela en que se levantará estase levando a cabo a demolición do hospital xeral. E a previsión é que en setembro deste ano rematen, dada a complexidade tamén desa demolición, as ditas obras. Ademais, esta demolición liberará o espazo suficiente para poder albergar a moi necesaria comisaría de Lugo, comprometida polo anterior goberno do Partido Popular.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.



O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Polo tanto, dende a Xunta estamos dando todos os pasos dentro das nosas competencias.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleiro.

A señora deputada, a señora Amigo Díaz.

A señora AMIGO DÍAZ: Señor conselleiro, sinceramente, ¡que pena! Lugo é unha cidade paralizada polo goberno do Partido Socialista nos últimos vinte anos. Nin fai nin deixa facer. É seguro que esta actitude traerá consecuencias máis pronto que tarde. Non está mal coñecer polo miúdo en que situación está cada proxecto para ver o gran contraste. Mentres a Xunta segue traballando para facer realidade os seus compromisos, o Concello busca atrancos. E, cando non os atopa, mesmo os inventa.

Vostede describiu perfectamente o gran cambio a mellor que vai supoñer para o barrio da Residencia —hoxe dividido polos edificios do antigo hospital xeral, xa en desuso—. Sigo convencida de que en Lugo pasa o que noutras moitas cidades de Galicia, que hai xente moi interesada en que o traballo e a xestión da Xunta non se vexa para que non contraste coa parálise do Concello. ¿Que gran obra fixo o Concello, o goberno local do Partido Socialista, en Lugo? Voullo resumir: ningunha. Á Xunta só podemos pedirlle que persevere, que continúe adiante cos seus proxectos, que reclame incluso ao Goberno central que cumpra a súa parte en todo este proceso e que non prive a Lugo da nova comisaría comprometida.

A Xunta é a administración que maior esforzo investidor está a realizar na cidade de Lugo e na súa provincia. Os que queren un Lugo en negativo acabarán superados pola realidade.

A parálise das licenzas municipais non só a están a sufrir os proxectos públicos, tamén os veciños e veciñas de Lugo a sofren, e as empresas e os comercios. Ninguén pide un trato de favor, pero tampouco atrancos artificiais para o novo barrio da Residencia e para proxectos que superan, como ben nos dixo, os 24 millóns de euros.

Señor conselleiro, na quenda de peche agradezo que nos aclare un pouco máis polo miúdo en que punto está cada unha das actuacións.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Amigo.

Ten a réplica, por parte do Goberno, o señor conselleiro, o señor Martínez García.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Señoría, xa lle avancei na miña primeira intervención o que estamos a facer na Xunta de Galicia, algo que desde a miña óptica non se fixo nunca antes en Galicia. Pero lamentablemente estamos atopando os mesmos problemas de sempre. Desde a Xunta impulsamos, pero outras administracións retrásano



ou mesmo o paralizan. Preguntábame vostede como están os proxectos concretos. Tratarei de explicarllo.

No centro integral de saúde e no centro de emprendemento aeroespacial, onde xa estamos investindo 3,2 millóns de euros e están previstos máis de 9 millóns de euros, simplemente para a rehabilitación da obra que conterán ambos os dous contidos funcionais necesitamos a licenza municipal, que xa lla solicitamos en xullo de 2018 e aínda non foi concedida. E estamos contestando a todos os requirimentos e peticións de información que nos fan dende o Concello de Lugo. O último foi a adaptación do proxecto para obter a mellor operatividade do centro de xestión de biomasa, que, como xa coñecen, tamén dará servizo a todos os edificios. A ese respecto a última comunicación co Concello de Lugo é do pasado 2 de maio. Esperamos, polo tanto, que non poñan máis atrancos para poder licitar a obra todo o máis inmediatamente posible.

Tamén é certo, e é digno de recoñecer, que estes atrancos non son propios só do Concello de Lugo. Porque un caso similar temos na recente licitación que acabamos de facer do Espazo Amizar, na Coruña, onde tamén temos solicitada desde novembro de 2018 licenza e aínda non sabemos nada.

Con respecto á nova oficina de emprego, solicitaremos a licenza ao Concello de Lugo proximamente. O proxecto está rematado. Estamos a falar de 2.551.000 euros e un prazo de execución de once meses. Por favor, non difiran máis, se contamos con todos os informes procedentes.

O mesmo sucede coa central de biomasa, que xa conta con proxecto e orzamento. En concreto hai que proceder a unha demolición, e serán máis de 264.000 euros; e 994.000 a maiores para o que é a obra civil e o equipamento da dita central de biomasa. Das residencias sociosanitarias, como lle dicía, os prazos comezaran a correr, e esperamos que sen dilación —pola nosa parte non vai ser así—, a partir do próximo setembro, cando rematen as obras de demolición.

Obviamente, ¿que queda? A nova comisaría de Lugo. E, obviamente, ¿que temos? A total inacción do Goberno central —ante o interese do goberno anterior— nos últimos dez meses. Supoño que a xente de Lugo e a policía de Lugo saberán cales son as condicións nas que prestan os servizos na actualidade.

Polo tanto —e remato—, reitero o compromiso, como non pode ser doutro xeito. E non estamos facendo en ningún lugar de Galicia a peza tan singular e emblemática que estamos facendo no novo barrio da Residencia de Lugo. E pido por favor ao resto de administracións —xa o fixen tamén nunha pregunta do representante do Partido Socialista non hai moitos meses— que colaboren, deixen de poñer atrancos e emitan os informes que crean oportunos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): ...porque a xente de Lugo ben merece ese novo espazo de modernidade.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a María Toja Suárez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o estado de execución no que se atopa o acordo parlamentario referido á análise de viabilidade da creación dun enlace directo entre a autovía da Costa da Morte e o polígono industrial de Vimianzo, en dirección a Camariñas

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Toja Suárez.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Boa tarde, conselleira.

En primeiro lugar, quixera saudar as miñas compañeiras que se encontran arriba na tribuna, as miñas compañeiras de Vimianzo.

Ser empresaria en Galicia non é doado. Feijóo ten moitas cuestións pendentes; entre elas, desenvolver un plan empresarial no que implique os axentes económicos e que se apoie nos tres piares básicos fundamentais: innovación, formación e financiamento. Pero ser emprendedor ou emprendedora na Costa da Morte, ou Bergantiños, supón, ademais, unha dificultade, que é o transporte e a comunicación.

Vexamos. A conexión co sur de Galicia é complicada. Chegar dende Corcubión, Fisterra, Cee ou Muxía a Santiago leva máis dunha hora. Imaxinen chegar ao sur de Galicia. A circunvalación de Carballo non existe, aínda que agora é unha promesa electoral do candidato á alcaldía de Carballo. E imos ver se entendemos ben isto.

Hai uns meses, en decembro, votaban en contra dunha emenda aos orzamentos do PSdeG na que pediamos precisamente esa circunvalación a Carballo. E agora o candidato á alcaldía de Carballo presenta, como promesa electoral estrela, esa circunvalación de Carballo. Xa me explicarán vostedes como a van facer sen orzamentos. Eu, se fora de Carballo, non me fiaría moito, a verdade. (*Aplausos.*)

A non finalización da vía de alta capacidade da Costa da Morte — lembremos o compromiso non finalizado — supuxo graves inconvenientes; entre eles, un no parque empresarial de Vimianzo. ¿Por que supón un inconveniente? Supón un inconveniente porque, como saben, o feito de que non exista ese acceso obriga o tráfico pesado — que se deriva do parque empresarial — a ter que entrar no casco de Vimianzo, chegar ao cruzamento de Correos e alí virar á esquerda. Ese é un problema, porque xa nese punto na actualidade hai conxestión de tráfico, porque é unha zona de carga e descarga e, ademais diso, porque Vimianzo ten vida, hai mercadillo, hai xente paseando, está moi preto da igrexa. E, polo tanto, hai un problema de



conxestión e hai un problema de seguridade, xa que se trata dun cruzamento perigoso. Ademais, hai pouco espazo para que os vehículos pesados poidan manobrar.

Polo tanto, e dada esa situación, xa hai dous anos que dende o Grupo Socialista presentamos unha emenda para que precisamente se aprobara ese acceso dende a autovía ao parque empresarial de Vimianzo, e foi aprobada. O que pasa é que, dous anos despois, levamos presentando preguntas dende o noso grupo e a resposta sempre foi que se estaba analizando a viabilidade do mesmo.

Polo tanto, o que lle preguntamos hoxe é en que situación se encontra ese acordo parlamentario e se realmente, despois de dous anos, o seguen analizando. Porque nós preguntámonos: os empresarios de Vimianzo ¿poderían pasar dous anos sen pagar salarios, sen pagar cotizacións, sen pagar IVE? Imposible, eses ritmos de traballo non se entenden. Dous anos despois ten que haber unhas conclusións e ten que haber unha aclaración respecto de se van facer ou non van facer ese acceso ao parque empresarial de Vimianzo.

Máis nada e grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Toja.

Ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señorías, señora Toja, o certo é que se nota que hai eleccións municipais. *(Murmurios.) (Risos.)* E agora, co electoralismo, hai preguntas urxentes, como a da intermodal da Coruña, que é urxente e... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Bueno, sigo.

Hai un acordo e xa lle contestamos por escrito. E xa lle dixemos que estabamos traballando para as conclusións desa análise de viabilidade para a incorporación dese enlace para conectar co polígono industrial de Vimianzo.

E a resposta á súa pregunta é si, cumprimos ese acordo parlamentario. Pero a min o certo é que me sorprende que me fale vostede da Costa da Morte e de investimentos na Costa da Morte da Xunta de Galicia do Partido Popular. Tres primeiras pedras do Partido Socialista na autovía da Costa Morte, e 27 quilómetros dunha autovía libre de peaxe. *(Aplausos.)* O Partido Socialista, tres primeiras pedras; e 27 quilómetros dunha autovía libre de peaxe na que investimos 170 millóns de euros. E si, libre de peaxe, a pesar de que outros dicían que iamos poñer peaxe. E xa vemos cales son as políticas de peaxes do Partido Socialista. Xa estamos a ver, xa o está a dicir o señor Ábalos, xa vimos agravios a Galicia e xa estamos a ver cal é a política de peaxes do Partido Socialista. *(Aplausos.)* Así ás empresas non sei como lles irá.

Pero, en calquera caso, o curioso é esa reflexión respecto da Costa da Morte. Sabe que eu tamén son da Costa da Morte. Crieime na Costa da Morte e, polo tanto, coñezo ben a Costa



da Morte. E impliqueime persoalmente para executar 27 quilómetros libres de peaxe dunha autovía para a Costa da Morte. (*Murmurios.*)

Cumprimos co mandato parlamentario iniciando os trámites. Sabe que o 31 de marzo do 2107 licitamos ese contrato da primeira fase de construción para continuar coa autovía da Costa da Morte ata Vimianzo, unha vía de altas prestacións. E serán 5,5 quilómetros. Coa licitación xa demos cumprido ese acordo parlamentario.

Son diversos aspectos, señoría, para a conexión dese polígono. En calquera caso é tecnicamente viable. Detallareillos na próxima intervención, que quedo sen tempo.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Ten a palabra para a réplica a señora Toja Suárez.

A señora TOJA SUÁREZ: Claro que hai eleccións municipais. Dígallo ao seu compañeiro de Carballo, que acaba de votar a favor —digamos que acaba de propoñelo como promesa electoral— da circunvalación de Carballo, cando aquí votou en contra. (*Aplausos.*) ¡Claro que hai eleccións municipais! Vostedes sábeno ben, que esta é a lexislatura electoral do PP. (*Aplausos.*)

Por outro lado, vexo que a análise respecto de se vai haber acceso ou non vai haber acceso ao parque empresarial de Vimianzo debe seguir analizándose. Porque vostede non foi quen de darnos unha resposta. Seguimos sen saber se vai haber un acceso ou non o vai haber. Gastou os seus minutos en nada, porque a resposta non nola deu.

Dígolle que o artigo 30 do Estatuto de autonomía de Galicia establece que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva sobre o fomento e planificación da actividade económica de Galicia. Nese «fomento e planificación da actividade económica» inclúese a cuestión da accesibilidade aos parques empresariais. Vostedes anunciaron hai dous anos o Observatorio de Solo Empresarial de Galicia. Anunciárono, porque non chegaron a crealo. E preguntolle: ¿teñen conclusións respecto do parque empresarial de Vimianzo, das súas necesidades? Nese observatorio ¿ten algunha conclusión? Non a ten porque non existe.

Polo tanto, o que teñen que facer é deixar de poñer excusas, deixar de poñer obstáculos, facilitar á xente da Costa da Morte que emprende os seus negocios que poida ir cara a adiante.

Mire, hai uns días visitabamos un empresario moi coñecido alí, que dá traballo a unhas setenta persoas. E o que nos contaba é o seguinte: «Cada vez que necesitamos transporte, como mínimo chéganos cun día de retraso. E iso obríganos a facer certas políticas de stock e ademais facer un esforzo financeiro importante. Ser empresario na Costa da Morte é moi duro, en calquera outro lugar gañaría moitos máis cartos. Pero ¿saben o que me mantén aquí? O amor pola miña terra».



Iso é o que din os empresarios da Costa da Morte. E o que ten que facer o Goberno galego é facilitarlles o seu labor e facilitarlles o emprendemento para que as empresas da Costa da Morte se poidan manter.

Polo tanto, digan se van facer ou non ese acceso ao parque empresarial, que á fin de contas é o que queremos preguntar. ¿Van ou non o van facer? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Toja.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Se tanto lle gusta a Costa da Morte, que a min me preocupa, dígallo ao presidente da Deputación, porque leva seis meses sen contestarme para ter unha xuntanza polo tema das inundacións en Vimianzo, en Camariñas e en Muxía. *(Murmurios.)* Iso si que non é preocuparse pola Costa da Morte, que tan importante é a xeración de emprego, pola que aposta este Goberno, como outras cuestións.

Pero, en calquera caso, eu xa digo que o estudo de viabilidade está feito e é viable. Votamos a favor desa iniciativa, votaron vostedes tamén a favor desa iniciativa, e é viable. Definiuse un enlace no punto quilométrico 5,500 para esa posible conexión, para unha nova conexión. Na distancia o certo é que pasamos de 5,5, se facemos o percorrido pola autovía e pola estrada autonómica, a 5,3 cunha nova conexión. O aforro de tempo é pouco significativo, serán 45 segundos, pero é viable esa nova conexión. E ese proxecto da prolongación da autovía da Costa da Morte preverá esa conexión. Pero poderá entender —penso eu que, se é da zona de Vimianzo, o terá que saber— que non é a Xunta de Galicia a competente para realizar ese acceso ao polígono. Non é a Xunta de Galicia e deberíao de saber. Non é a Xunta de Galicia á que lle corresponde executar esa conexión a un polígono. ¿Sabe de quen é o polígono? O polígono é de SEA, do Ministerio de Fomento. *(Murmurios.)* Igual que a Xunta de Galicia fai os accesos aos hospitais, igual que os accesos aos portos os fan os titulares dos portos, igual que os accesos aos parques empresariais titularidade da Xunta de Galicia, como os do IGVS e outros, os fai a Xunta de Galicia, o deber do Ministerio é facer os accesos aos seus parques empresariais. E a min gustaríame que esa mesma insistencia a exerza comigo e que xuntamente pidamos ao Ministerio de Fomento que execute ese acceso ao seu parque empresarial, que é de SEA.

Nós darémoslle todas as facilidades ao Ministerio de Fomento. Quedará prevista no noso proxecto esa conexión, que consideramos viable tecnicamente. Remitiremos toda a información e deixaremos todo preparado para que o Ministerio cumpra o seu deber e faga ese acceso a ese polígono, que é da súa titularidade. E non me digan vostedes que non saben que os accesos aos hospitais os fai a Xunta de Galicia, que fan os accesos aos portos segundo a súa titularidade, e que os accesos aos polígonos do Instituto Galego de Vivenda e Solo, ou aos da Xestur, os fai a Xunta de Galicia. Pois aquí é o mesmo. Polo tanto, correspóndelle facelos ao Ministerio de Fomento.



Eu insístolle en que agardo a que a súa actitude reivindicativa conxuntamente a poidamos facer ante o Ministerio de Fomento, e instemos o Ministerio de Fomento a que faga esa conexión a ese polígono da súa titularidade.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pregunta de D. Martín Fernández Prado e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as razóns do Goberno galego para suspender, de xeito temporal, o proceso de contratación das concesións de transporte público interurbano por estrada de Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías. Boa tarde, señora conselleira.

O Grupo Popular presenta esta pregunta unha vez coñecidas as recentes noticias con respecto á suspensión cautelar do proceso de contratación das concesións do Plan de transporte público de Galicia. Entendemos que ten esta urxencia, e ademais ten interese, e polo menos gustaríanos coñecer a súa valoración en relación con estas novas.

Na súa máis recente comparecencia por petición propia sobre este tema, no pasado mes de febreiro, explicaba a situación, calendario e perspectivas que manexaba o Goberno galego para a posta en marcha do Plan de transporte público de Galicia, respondendo a ese compromiso de trasladar información precisa a esta Cámara.

Nesa comparecencia tamén daba conta dos excelentes resultados da primeira fase, iniciada en agosto do 2017, que quero recordar que empezaba coa renuncia desas empresas a seguir prestando parte dos servizos, e obrigou á Xunta a adiantar algún destes plans previstos para ese verán, ese agosto do 2017.

Segundo explicaba, esa primeira parte do novo mapa de liñas estivo á información pública o pasado mes de febreiro para que todos os axentes puideran presentar as alegacións e contribuíran á mellora deses case cen contratos, que ían supoñer 1.900 liñas, e recordábanos a importancia e a preocupación por parte da Xunta de blindar o emprego no sector, o que se traducía en novos postos de traballo. En especial estimábase en 1.113 condutores e en case 900 acompañantes das rutas escolares.

Diciános tamén que eses 100 contratos van supoñer un volume de negocio de 600 millóns de euros, 60 millóns ao ano, dos que 50 millóns os vai poñer a Xunta de Galicia, e o resto ingrésase por venda de billetes.



Evidentemente —creo que isto o explica este volume de negocio e esta importante achega económica—, o avance do recurso que algunha das empresas xa anunciou entendémolo. Evidentemente, é lexítimo por parte das empresas intentar defender o máximo aproveitamento económico desas concesións e do seu traballo, e tamén por iso entendemos que anuncien ese recurso claramente enfocado en aspectos económicos. Pero tamén cremos que é igualmente lexítimo que a Xunta defenda os intereses xerais dos galegos e que intente facer non só un bo servizo, senón a un prezo razoable e axeitado.

Polo tanto, unha vez coñecida esta vontade da Xunta de Galicia de suspender cautelarmente de xeito temporal este concurso de concesións para dar e blindar a maior seguridade xurídica, gustaríanos saber cales son as expectativas que ten de calendario, de que fases ou datas ten previsto e se mantén que se volvan...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: ...poñer en comezo no mes de agosto estas liñas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, señoría.

Agradézolle a pregunta, porque este si que é un tema na miña opinión que é necesario abordar e, por suposto, é urxente. Eu entendo perfectamente a urxencia deste asunto e, sobre todo, dar a oportunidade de trasladar, informar das razóns polas que tamén pedimos esa suspensión cautelar e temporal do prazo de presentación de ofertas do Plan de transporte público —unha solicitude temporal para o prazo de presentación de ofertas que estaba previsto para o pasado 3 de maio— e ver e explicar quen realmente se preocupa polo transporte público, porque o certo é que estamos preocupados, porque estamos a falar do emprego do sector e do futuro do rural, porque o Plan de transporte público é a garantía do emprego no sector, é a garantía de que teñamos futuro no noso rural. Outros prefiren outros asuntos e traer de urxencia no día de hoxe, no que non vou entrar.

Pero, en calquera caso, falando de transporte público, estamos a falar de que hai unha normativa europea, que se coñece xa dende o ano 2009, que nos obriga a que se renoven todas as liñas de transporte público, e este ano 2019 é o ano onde caducan todas e cada unha das liñas de transporte público interurbano de Galicia, e obríganos a realizar un esforzo importante. E para iso estamos aquí os responsables públicos, para facer esforzos e traballar —o fácil é non facer nada— para modernizar e adaptar o transporte público ás súas necesidades. É unha obriga legal de licitar e realizar un proceso transparente e participativo para adxudicar todas as liñas de transporte.



A finais do mes de marzo asinamos un acordo de cláusulas sociais, porque nos importan esas cláusulas sociais, que quedaron blindadas nos pregos de licitación, e o 5 de abril iniciamos a contratación dos cen primeiros contratos para resolver paulatinamente todas as liñas de transporte de toda Galicia.

Licitamos practicamente a totalidade da provincia de Lugo, da provincia de Ourense, a zona de Ferrol, da Coruña e unha pequena zona de Pontevedra, case dúas mil liñas de transporte. O prazo de presentación de ofertas remataría o pasado 3 maio, pero o certo é que solicitamos esa parálise temporal de presentación de ofertas (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ante o recurso anunciado, lexítimo, das empresas que presentarían. Queremos a absoluta corrección xurídica e, sobre todo, non prexudicar os licitadores que ían presentar a súa oferta o pasado 3 de maio. Consideramos preferible suspender temporalmente e que se pronuncie o Tribunal para blindar a seguridade xurídica. E sobre todo porque estamos a falar dun plan que é necesario por emprego, é a garantía do emprego, é a garantía do futuro do noso rural. Sen este plan, o emprego queda nun limbo, os condutores quedan nun limbo e o futuro do rural realmente quedaría nun illamento crónico.

Polo tanto, máximas garantías por traballar por este plan de transporte, porque, señorías, é evidente. O fácil é non facer nada.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para o turno de réplica, ten a palabra o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Moitas grazas pola súa contestación, señora conselleira.

Eu creo que está claro que detrás deste anuncio de presentar recurso hai claramente intereses económicos por parte das empresas —xa o dicía na miña primeira quenda—, que eu entendo que lexítimos, evidentemente, ¡como non! Pero si que me gustaría preguntarlle á señora conselleira se pode concretar ou profundar algo máis sobre os aspectos económicos dos concursos que acaban de suspenderse cautelaramente e como tiveron en conta desde a Consellería estes aspectos económicos dentro desta nova fase do concurso, en relación especialmente coa primeira fase.

Tamén me gustaría trasladarlle que desde o Grupo Popular queremos volver comprometer o noso apoio e colaboración coa implantación, modernización e renovación do transporte público en Galicia. Entendemos que é un servizo básico, especialmente tal e como está plantexado, para as zonas rurais. E por iso tamén animámola a seguir loitando, porque entendemos que van seguir as presións, os intereses económicos son moitos. Xa vimos na primeira fase como as presións van vir de todos os ámbitos, porque, evidentemente, todo o mundo, lexítimamente, ten intereses nesta licitación, pero entendemos que é aínda máis importante que siga defendendo os intereses xerais de Galicia e do conxunto da cidadanía, porque, como vimos na primeira fase, en que houbo unha demanda similar, un recurso similar, e non foi aceptado por parte do Tribunal, entendemos —e eu espero, ademais, que nesta ocasión tam—



pouco sexa aceptado se chega ese momento de ter que fallar — que é moito máis importante que siga nesa tramitación canto antes para modernizar este servizo e que poidamos ter o antes posible este servizo de xeito xa operativo en toda Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández Prado.

Ten, para réplica, a palabra o Goberno, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, señoría.

O certo é que temos a experiencia suficiente para saber que ás empresas non lles gusta que licitemos as liñas de transporte. É normal que as empresas queiran que as concesións sexan delas infinitamente e que sexan perpetuas para as propias empresas, pero o certo é que é incompatible co interese xeral e, sobre todo, é incompatible tamén co cumprimento das leis, porque estaríamos facendo unha ilegalidade. Polo tanto, o deber e a obriga legal da Xunta de Galicia é licitar e abordar o Plan de transporte público de Galicia cun procedemento transparente e aberto, e así o estamos a facer.

E non nos sorprende o anuncio dun recurso que van presentar as empresas de transporte. Xa o fixeron no ano 2017 e xa recorreron e xa vimos o que pasou, que dicían que os contratos eran ruinosos e presentáronse aos concursos con baixas incluso temerarias. Polo tanto, eu creo que era previsible que presentaran ese recurso, que anunciaran ese recurso, que aínda non se presentou, e, en calquera caso, supoñemos que no día de mañá presentarán ese recurso.

Nós decidimos apostar por esa suspensión cautelar paralizando —insisto— o prazo de presentación de ofertas. Foi aceptada a nosa solicitude de paralizar o prazo de presentación de ofertas para a corrección xurídica de todo o procedemento e para evitar que se presentaran as ofertas do resto dos licitadores mentres non se avanzara nese recurso pendente.

Eu creo que vale a pena agardar un pouco e avanzar con plenas garantías xurídicas, salvagardando o interese público e, sobre todo, sabendo e sendo conscientes de que estamos a falar dun plan que é o futuro do rural, estamos a falar dun plan que é a garantía e a seguridade dos empregos, que, se non, quedan no limbo.

É un plan equilibrado economicamente, porque así está nos informes técnicos dos especialistas. Son cen contratos con cincocentos millóns de euros de fondos públicos, cun volume de negocio de seiscentos trinta millóns de euros, soamente estes cen contratos, de media Galicia.

Dende a Xunta de Galicia achegamos cincuenta millóns de euros ao ano para que teñan transporte público. Pois esta achega económica respecto dos contratos previos, que son practicamente os mesmos do ano 2017, é dicir, o mesmo do ano 2017, o que estamos licitando no ano 2019 é practicamente o mesmo, pero cun 16 % máis de fondos públicos. Polo tanto,



máis investimento para garantir a subrogación do emprego e para a viabilidade económica dos contratos.

As empresas parece que non lles gusta que cumramos con esa obriga legal de licitar cun procedemento transparente. É lexítimo o interese e respectámolo, pero a Xunta de Galicia e nós debémonos ao interese xeral, debémonos a dar máis e mellores servizos, debémonos a dar garantías a todos os empregos ao sector do transporte interurbano e debémonos a dar garantías ao futuro do rural, porque están en xogo, dende logo —insisto—, os traballadores do sector e o futuro do rural. E volvo insistir: o fácil sería non facer nada. Aquí estamos para traballar. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego para a posta en servizo da nova estación intermodal da Coruña

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas, presidente.

Señora conselleira, xa nos anunciou dalgunha forma que non consideraba importante falar nesta sesión de control ao Goberno da estación intermodal da Coruña. E é certo que falar da estación intermodal da Coruña é falar da historia do fracaso dos grandes proxectos na área da Coruña nestes anos de goberno, tanto do Goberno autonómico como dos gobernos municipais.

E, nese sentido, como sabe perfectamente, tras case unha década de atraso, a Xunta, o Concello da Coruña e Adif subscribían en outubro de 2017 un acordo para a execución deste proxecto de estación intermodal logo de incluírse as propostas daquela formuladas polo Goberno municipal e a súa Consellería comprometíase a axilizar as actuacións necesarias conforme a normativa reguladora dos proxectos públicos de urxencia ou de interese especial.

Ademais dos fondos que aporta a Administración xeral do Estado a través de Adif, o Goberno galego comprometíase a cofinanciar esta urxente actuación na cidade con dez millóns de euros, oito procedentes en principio dos fondos europeos. Mais en xuño do ano pasado, señora conselleira, daba vostede por perdidas estas axudas europeas polo efectivo atraso das obras, que non se poderían iniciar, como parece que estamos a observar, en 2020.

En novembro do ano pasado licitaron novamente a redacción do proxecto, incorporando novos criterios do Goberno local da Coruña e manifestando vostede, señora conselleira, que finalmente as obras da nova estación, de incorporación da estación de autobuses na intermodal da Coruña, non estaría para o inicio ata finais de 2022 ou principios de 2023, estimando



un custo aproximado de traballos de dezanove millóns de euros, mentres o Adif non espera nin pola Xunta nin polo Goberno municipal e está a realizar as actuacións precisas para a chegada do AVE á cidade, cun importe de pouco máis de corenta e cinco millóns de euros.

Así, esta infraestrutura clave para a mobilidade de toda a área coruñesa suma sucesivos atrasos respecto de actuacións similares noutras cidades de Galicia, como Santiago, Vigo ou Ourense. Porque se observamos os orzamentos de 2019, anualidade, unicamente anualidade de 2019, en Santiago están consignados perfectamente 13,4 millóns de euros, en Vigo 7,8 millóns de euros, en Ourense 3 millóns, en Pontevedra 1,6 millóns de euros —e parécenos fantástico—, pero na Coruña están consignados unicamente 150.000 euros. O Grupo Parlamentario Socialista presentara unha emenda no trámite do debate orzamentario por importe de tres millóns de euros, que fora absolutamente desbotada por parte do Goberno galego no trámite de debate parlamentario.

Por iso, e moi sinteticamente, as preguntas, señora conselleira, son: ¿cales son as previsións reais hoxe do Goberno galego para a posta en servizo da estación intermodal da Coruña? E, por certo, conteste, por favor, se van facilitar a tramitación abreviada dos necesarios cambios urbanísticos que se é o caso foran precisos para poñer en marcha ese novo equipamento fundamental para a cidade.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Villoslada.

Ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, señor Villoslada.

Urxente non é o mesmo que importante, importante non é o mesmo que urxente; en calquera caso, non me fala da importancia das estacións intermodais, no que estamos volcados.

Pero a min o que me sorprende é o seu repentino interese pola estación intermodal da Coruña e polas estacións intermodais. En calquera caso, a quen debería facerlle esta pregunta do atraso da estación intermodal da Coruña é ao seu socio de goberno, porque é o que apoiaron vostedes. A Marea Atlántica da Coruña está gobernando porque o apoiaron vostedes e é o causante do atraso da estación intermodal da Coruña. *(Aplausos.)* Claro que é así, é evidente, de caixón. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

En calquera caso, consideran a urxencia. Aquí estamos para contestar e non hai problema ningún, con sumo gusto, en falar da estación intermodal, cuxo atraso —insisto— é consecuencia de que vostedes apoiaron a Marea Atlántica para asumir o goberno. Porque os únicos traballos realmente que se viñeron avanzando na estación intermodal da Coruña foron desta Xunta de Galicia e do Ministerio de Fomento de Ana Pastor e de Íñigo de la Senra. E voulle explicar por que.

Foi no ano 2015 cando demos un novo impulso ás estacións intermodais en Galicia. A nosa idea era comezar Santiago, Vigo, Ourense e A Coruña; empezamos coas catro ao mesmo



tempo. E o certo é que tivemos contactos cos concellos, con cada un dos concellos, para falar dos proxectos. O resultado: o último trimestre de 2015 avanzamos en Santiago, Vigo e Ourense; na Coruña, non. Houbo que agardar a que ese concello que apoiaron vostedes definira a súa postura, porque o certo é que nos criterios cústalle decidir ao Concello da Coruña.

Mandaron as súas apreciacións e ás dúas semanas licitamos coas apreciacións que nos mandou o Concello da Coruña, porque queremos facer estes proxectos en consenso e coordinación, como vimos facendo cos concellos.

En agosto xa tiñamos a empresa traballando. En febreiro de 2017 —xa o relatou vostede—, un proxecto básico, un proxecto básico, por certo, que propoñía humanizar toda a rúa Sardiñeira con facer un ámbito máis humano, máis agradable, con elementos vexetais e, dende logo, facer cidade realmente nesa zona da Coruña cunhas importantes expectativas funcionais da estación intermodal.

Posteriormente —eu creo que o sabe—, houbo comunicacións, empezaron xa a mediados de 2017 a perfilarse cambios de criterio —falaban de redimensionamento, logo optimización—. O resumo resumo resumo: o grao era moito menos investimento para a intermodal da Coruña, que era o que solicitaba o Concello da Marea Atlántica. Inaudito, era a primeira vez que me pasaba, que un concello pedía un recorte nunha estación intermodal. Pero, en calquera caso, ese cambio de criterio, esa modificación substancial —en termos xurídicos correctos— o que supuxo foi: suspender un contrato, propoñer unhas bases para acordar ese criterio e que non houbera máis cambios de criterio, rescindir un contrato, tirar ao lixo o traballo feito —moito— e volver empezar.

E así estamos, esperando a que sobre o convenio para o trámite urbanístico e para o resto o Ministerio e o Concello nos contesten, e traballando no noso proxecto.

Pola miña parte nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para a quenda de réplica ten a palabra o señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Señora conselleira.

Vostedes, como de costume, confunden gobernabilidade da cidade con capacidade institucional de acordos e con capacidade de facer oposición. Pero, en definitiva, esta é a situación que temos.

Eu fíxenlle un repaso doutras situacións de gobernos de distintas cores en distintas cidades, e realmente aí puido haber menos problemas que na Coruña. Por iso temos a sensación —unicamente a sensación, pero está a evidencia empírica aquí, encima da mesa— de que precisamente coa Coruña non ten os mesmos compromisos que con outras cidades; non sabemos por que. Pero a iso atenderemos o día 26 de maio —como o sabemos todos—. Porque o Goberno autonómico e o Goberno municipal converteron a cidade nunha mesa de pimpón, pero é que non meten unha bóla na mesa, nin uns nin outros. Isto é así de claro.



Últimas datas, novembro de 2018: «Ethel Vázquez asegura que el nuevo proyecto y los cambios urbanísticos demoran el comienzo de las obras – Xiao Varela estima posible adelantar su realización». Marzo de 2019: «La Xunta aún no ha recibido el diseño para los accesos». Abril de 2019: «Marea dice que los plazos de la Xunta evidencian su culpa» —por parte da Xunta de Galicia—.

Señora conselleira, o AVE vai chegar a Galicia, en principio, conforme os prazos que están en marcha, en 2020. O AVE vai entrar na Coruña sen integración de autobuses, que son competencia do Goberno autonómico. Asistimos, unha vez máis, a unha grave falta de capacidade de diálogo institucional entre o Goberno autonómico e o Goberno municipal da Coruña.

Pero é que, ademais, a folla de servizos do Goberno Feijóo na Coruña é a que coñecen perfectamente: autoridade metropolitana do transporte, nada; consorcio de reordenación portuaria, nada —e tachado, ademais, de posible chiringuito—; centro de saúde da Falperra, nada; vía Ártabra, sen conexión á A-6; incluso nada —e teño que dicilo— sobre Alcoa en dez anos de goberno de Rajoy e sete anos de goberno entrando, precisamente, o señor conselleiro de Economía. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor. *(Murmurios.)* ¡Silencio!

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Señora conselleira... *(Murmurios.)* Foi casualidade a entrada do conselleiro de Economía, pero é así de certo.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor Villoslada. Xa rematou o seu tempo. *(Balbordo.)*

¡Silencio! Xa vai contestar a señora conselleira na quenda de réplica.

Ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Pensei que viñamos falar da intermodal da Coruña, que era urxente, había que falar dela e era importante. Pero se temos que falar de transporte, volvo insistirle: grazas a esta tarxeta *(A señora Vázquez Mourelle amósalles unha tarxeta aos membros da Cámara.)* —non a un consorcio—, os mozos da área da Coruña —e de Pontevedra— poden desprazarse en termos gratuítos co transporte urbano; sen consorcio, grazas á Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

Os autobuses interurbanos chegan ao centro da Coruña grazas á Xunta de Galicia, non a un consorcio; máis facilidade de transporte, menos tempo de percorrido e moito máis cómodo. O autobús a Santa Cristina —o de Tranvías da Coruña— sae grazas a un convenio da Xunta de Galicia, e non ao consorcio de transporte. E o bus á Zapateira sairá grazas a unha proposta de convenio feita pola Xunta de Galicia, sen un consorcio que ía subir as tarifas á xente sen solucións. Nós estamos solucionando os problemas de transporte na área da Coruña; porque falou vostede de transporte.



En calquera caso, falando da intermodal da Coruña: licitamos ese segundo contrato para a redacción do proxecto e pedimos insistentemente ao Adif e tamén ao Concello que compartisen con nós os seus proxectos. Temos o proxecto de accesos que ten que facer o Concello da Coruña —pouco sabemos del—, e está o proxecto do Adif, que xa no 2017 estaba moi avanzado; gustaríanos que nos dixese algo no 2019 o secretario de Estado.

Mire: xa que lle preocupa tanto o trámite urbanístico —se me atende, que me dicía na súa intervención o do trámite urbanístico—, propuxemos un convenio en novembro de 2018 e estamos esperando que nos responda o alcalde da Coruña e tamén o Ministerio de Fomento; o mesmo convenio que permitiu que Vigo, Santiago e Ourense estean en obras, con garantías suficientes para executalas, con todas as garantías. E nin o Concello da Coruña nin o Ministerio de Fomento me contestaron.

Eu mandeille hai uns días unha carta ao secretario xeral de Infraestruturas; *(A señora Vázquez Mourelle amósalles un documento aos membros da Cámara.)* sigo agardando que me conteste cando pode licitar a estación ferroviaria do Adif, que xa estaba no 2017 moi avanzada, e que me conteste a esa proposta de convenio.

Pero, en calquera caso, eu creo que hai dúas formas de facer política —xa o dicía vostede—, e o certo é que uns presentan maquetas *(A señora Vázquez Mourelle amósalles unha fotografía aos membros da Cámara.)* e outros fan obras. *(A señora Vázquez Mourelle amósalles unha fotografía aos membros da Cámara.)* *(Murmurios.)* Iso é o que temos: maquetas do Partido Socialista, e obras... *(Murmurios.)* *(Aplausos.)* Están aí as máquinas, señoría, na intermodal de Santiago. *(Murmurios.)* Maquetas e feitos, obras; claro que si. Esas son as dúas formas de traballar e as dúas formas de ver a política uns e outros.

Aquí estamos para traballar, para facer obras, para facer proxectos que fomenten o transporte público e para mellorar a calidade de vida. Queremos facer ese proxecto construtivo, queremos facer as obras e queremos asinar ese convenio, que é a total garantía para facer viable a estación intermodal da Coruña. Pídalle ao Ministerio de Fomento, por favor, que nos conteste a ese borrador do convenio.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Conselleira.

Continuamos coa orde do día.

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para evitar a desaparición da empresa Isowat, na Coruña

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde.



Señor conselleiro, hoxe temos na tribuna traballadores de Isowat da Coruña; uns traballadores aos que lles temos que agradecer a valentía e o tesón que levan tendo todos estes meses para poñer todo da súa parte por que esta empresa atope unha solución. (*Aplausos.*) Primeiro pasaron meses sen cobrar e despois buscaron a posibilidade de entrar nun ERTE, que remata o próximo mes de xuño. Agardo que hoxe vostede poida lanzarlles unha mensaxe de esperanza e unha mensaxe positiva de que desde a Xunta de Galiza van incrementar todos os esforzos para atopar unha solución nas próximas semanas.

Eu quero recordar que esta empresa, que pertenceu ao grupo Invertaresa, entrou hai uns meses en concurso, e segundo informa o propio cadro de persoal, esta situación chegou a este límite non porque a empresa non sexa viable, non porque non sexa absolutamente rendible, senón polas prácticas de saqueo e delitivas que a propia Invertaresa acometeu.

Quero recordar tamén que esta empresa operaba con dúas marcas: Made en Medina del Campo e Isowat na Coruña, e que nestes momentos para a planta de Medina del Campo xa hai unha solución. Isto, por unha banda, danos unha mensaxe de esperanza e de que agora temos que centrarnos na Coruña, pero, por outra banda, é preocupante baixo o punto de vista de que é precisamente a planta da Coruña a que máis valor engadido e a que máis posibilidades, a priori, de solución tiña, e de momento aínda non atopou investidor.

Falamos dunha empresa que —quero insistir— é punteira no noso país en solucións integradas de media e baixa tensión, que ten unha longa historia que vén xa da antiga Isolux e que ten uns produtos de valor engadido que son fundamentais, ademais, no tecido industrial do noso país. Sabe vostede que fabrica pezas exclusivas para Navantia, para Repsol, para Naturgy, para Endesa e para unha morea de empresas, e que é, polo tanto, viable economicamente, máis aínda nun momento onde prevemos que haxa un futuro posible tanto no sector eólico como noutros enerxéticos. Polo tanto, hai que poñer todos os intereses nunha empresa que ten traballo cualificado, ten futuro, ten valor engadido e ten unhas condicións, ademais, dignas, que é algo do que non imos sobrados nin no emprego en Galiza nin en concreto na industria.

Temos preguntado desde o BNG en varias ocasións na comisión ao director do Igape para facer seguimento das conversas que este instrumento ía tendo, pero o tempo esgótase. Sabemos que nun mes temos que ter clara a folla de ruta e que, polo tanto, é clave que nestas semanas a Xunta de Galiza poña pola súa parte toda a capacidade negociadora posible para que isto sexa unha prioridade política de primeira orde.

Polo tanto, preguntámoslle, señor Conde, que actuacións vai levar a cabo para impedir a desaparición de Isowat na Coruña.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Presas.

Para responderlle ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.



O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señorías. Señora Presas.

Efectivamente, aproveito a ocasión tamén para saudar os traballadores e traballadoras de Isowat. Uns traballadores que saben perfectamente que este goberno está con eles dende o primeiro momento na procura dunha saída á súa situación; uns traballadores que saben que nos gustaría que esa solución chegase xa, pero que tamén saben que as ofertas que se recibiron non foron suficientes, sobre todo non foron suficientes para cumprir os obxectivos que marcamos conxuntamente tanto os traballadores como a propia Xunta de Galicia.

Ao igual que eles, tampouco nos damos por vencidos. O proceso aínda está aberto, temos tempo e estamos en contacto con posibles investidores para atopar unha oferta. Unha oferta que debe de cumprir non só os criterios de viabilidade da empresa, senón tamén que conte co apoio do propio Comité de Empresa; niso estamos traballando. Os traballadores coñecen perfectamente todos os pasos que se están a dar, e, loxicamente, seguiremos ocupados en defender os seus postos de traballo e seguiremos ocupados en buscar esa solución de futuro.

É certo que estamos falando dunha empresa que leva operando cincuenta anos na Coruña e, por tanto, unha empresa que ten moito coñecemento e que ten moito valor engadido no seu desenvolvemento. Polo tanto, o Goberno segue comprometido en buscar e identificar para apoiar calquera proxecto que a través dun investidor lle poida dar viabilidade.

Por suposto, o Goberno vai velar para que, efectivamente, se poida encontrar ese proxecto e se poida encontrar ese investidor. Estámolo facendo con realismo porque, loxicamente, a situación é unha situación de dificultade. E o Goberno tamén está velando para que se cumpra toda a legalidade dende o punto de vista laboral, para actuar no momento en que se poida coñecer calquera tipo de vulneración. Polo tanto, a Xunta de Galicia vai seguir mantendo o contacto permanente cos investidores e vai manter o contacto permanente co Comité de Empresa e cos traballadores.

Compartimos a perspectiva de que hoxe pode haber máis opcións que antes, pero tamén é certo que é unha perspectiva para a que seguimos traballando con realismo, porque para encontrar un investidor que lle poida dar continuidade a unha empresa hai que encontrar un plan que sexa viable, e nese contexto é no que estamos a traballar.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor conselleiro.

Para a réplica ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor Conde.

Por parte do Bloque Nacionalista Galego seguiremos vixilantes e seguiremos traendo esta cuestión ao Parlamento galego para que siga sendo unha prioridade política, porque nos parece determinante para o futuro industrial da Coruña que Isowat atope unha solución, e



tamén para enviar unha mensaxe positiva a outras empresas que están a pasar un mal momento nestes últimos meses.

Preocúpanos —e pedímoslle un esforzo extra á Xunta de Galiza nese sentido— que poida haber algunha perda de clientes, porque hai moitas empresas que están a esperar que Isowat estea a pleno rendemento e que estea funcionando en condicións de normalidade. Polo tanto, tamén lle queremos pedir hoxe que a propia Xunta de Galiza faga un esforzo por contactar con ese tecido empresarial que está pendente da situación de Isowat para enviarlle unha mensaxe de tranquilidade e que non poida haber algunha perda neste sentido.

Tamén pensamos que, de cara ao futuro, temos que aprender unha lección co que aconteceu con esta empresa, que é que cando os poderes públicos poñen recursos da súa man, teñen que estar máis vixilantes do que acontece realmente con estes. Porque eu quero recordar que esta empresa recibiu contías económicas de diferentes Administracións públicas, tamén da Xunta de Galiza, e posteriormente o investidor, neste caso Invertaresa, empregou unhas prácticas de saqueo das que temos que aprender, porque se non, non chegaríamos a esta situación.

En todo caso, hoxe queremos insistir, unha vez máis, en que tamén nos preocupa cal pode ser a saída inmediata desta empresa, e estaremos do lado da Xunta de Galiza se realmente hai ese compromiso.

Polo tanto, remato simplemente convidándoos a que nestas últimas semanas, aínda sendo conscientes de que hai moitas tarefas que atender na situación de emerxencia que vive a industria galega, fagan un especial esforzo na situación de Isowat, porque entendemos que enviaría tamén unha mensaxe positiva ao resto da crise do sector industrial.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Presas.

Para a réplica ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señorías.

Señora Presas, a min gustaríame que, efectivamente, este plantexamento que vostede trae aquí con Isowat —que compartimos— o tivese co resto das situacións que se están a dar en Galicia, o cal, lamentablemente, non é así. Lamentablemente, o Bloque Nacionalista Galego sabe perfectamente —e estará sobre a súa conciencia— que non trata por igual todos os traballadores galegos.

En calquera caso, o Goberno vai seguir traballando e imos seguir en contacto con eses investidores. Temos que atopar un plan de viabilidade e temos que contar, loxicamente, co apoio do Comité de Empresa. Buscaremos esa solución dende un punto de vista de realismo e de solvencia, e nese contexto —xa digo— estamos en contacto cos diferentes investidores.



Eu o que lle pediría é que cando plantexemos este tipo de cousas o plantexemos cun certo rigor. *(Risos.) (A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Señora Presas, fáleme vostede de axudas que se lle concederon por parte da Xunta de Galicia ao grupo Invertaresa: vostede debería de saber que esas axudas das que vostede fala só son un préstamo participativo que lle concedeu o Bipartito no ano 2007, *(Murmurios.)* e que foi a única axuda que lle trasladou a Xunta de Galicia. A miña pregunta é: ¿por que non estableceron no ano 2007 todos os mecanismos sine díe que agora piden? ¿Por que, señora Presas? ¿Por que esas contradicións cando vostedes están no Goberno e cando vostedes predicán o contrario cando están na oposición?

Nós seguiremos traballando, como lle trasladé na miña primeira intervención. Estamos en contacto permanente cos traballadores e identificaremos calquera solución que permita esa viabilidade. Creo que non debemos comparar a factoría de Medina coa factoría da Coruña: sabe que as dúas compañías teñen actividades totalmente distintas e a situación das dúas empresas é totalmente distinta. Nós o que imos facer é intentar atopar esa solución dende o realismo, pero non me pida que prometa imposibles, porque iso nós non o imos facer e non imos trasladar expectativas que non podemos cumprir.

O que si lle podo trasladar con toda firmeza é que estamos traballando e que apoiaremos calquera solución que lle dea viabilidade á empresa Isowat. De aí a miña firmeza na resposta e de aí a miña firmeza nas perspectivas sobre as que estamos a traballar coa empresa Isowat e cos seus traballadores.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D. César Manuel Fernández Gil e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o proxecto que está previsto implantar en Ourense relacionado coa innovación na formación profesional

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Boa tarde, señora conselleira.

A aposta pola formación profesional foi unha das liñas básicas de actuación a nivel educativo do Goberno galego dende o ano 2009. Esta aposta decidida pola formación profesional cristalizou en bos resultados: estamos a falar dun modelo educativo de formación profesional que



ten un altísimo nivel de empregabilidade en Galicia, por riba do oitenta por cento; estamos a falar tamén da proliferación de centros integrados de formación profesional en Galicia, e tamén da oferta de formación profesional adaptada ao tecido socioeconómico de cada comarca. En definitiva, estamos a falar dunha aposta que deu os seus froitos, e pouco a pouco vaise vendo como a formación profesional é cada vez escollida por máis alumnos e alumnas do sistema educativo galego como unha vía de formación para desenvolver o seu futuro profesional.

Neste sentido, dentro desta aposta que está a levar a cabo o Goberno galego pola formación profesional, inclúese tamén a creación do centro galego de innovación da formación profesional, que terá como sede a cidade de Ourense. Neste sentido, o pasado 1 de marzo asinouse por parte de vostede mesma, da Consellería de Educación, e da Deputación de Ourense un convenio para a creación deste centro de formación profesional.

Hoxe queremos traer ao Parlamento esta cuestión para que vostede teña a ocasión de explicarnos en que consiste e cal é o proxecto que está previsto implantar como centro de innovación de formación profesional na cidade de Ourense. Un proxecto que, grazas á colaboración entre dúas administracións, neste caso o Goberno galego e a Deputación de Ourense, pode ser unha realidade e converterá Ourense na capital da formación profesional a nivel galego, no centro neuráxico da formación profesional de toda Galicia.

Eu quero tamén, como ourensán, aproveitar esta pregunta para agradecerlle o traballo feito pola Consellería e agradecer, tamén, publicamente o traballo feito pola Deputación para que este proxecto poida ser unha realidade. E, sen máis, quero trasladarlle a pregunta e pedirlle que nos explique en que consistirá este novo proxecto do centro de innovación da formación profesional en Ourense.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández Gil.

Ten a palabra a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, a señora Pomar Tojo.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Efectivamente, señoría, a formación profesional ten un papel decisivo no desenvolvemento dunha economía competitiva, así como no que ten que ver coa innovación didáctica, tecnolóxica e da transferencia do coñecemento e na capacidade de emprender da nosa sociedade, da sociedade galega.

Quero comezar por salientar que hoxe precisamente comezou en Santiago a IV edición da feira FP Innova, que aglutina unha área expositiva e a celebración de xornadas técnicas e obradoiros; un evento que neste 2019 se converte no escenario idóneo para que máis de oito



mil alumnas e alumnos, docentes e profesionais intercambien experiencias e coñecementos sobre proxectos innovadores e proxectos de emprendemento. FP Innova é o mellor expoñente do acerto de mesturar a vertente educativa e a vertente empresarial. Os visitantes, tamén doutras comunidades autónomas, asisten estes días a esta exposición na Cidade da Cultura. É unha proba máis da aposta decidida deste goberno pola formación profesional, como é tamén unha aposta o proxecto do centro galego de innovación da FP de Ourense, chamado a ser —como vostede dicía, señoría— o motor da innovación e do emprendemento destas ensinanzas en Galicia.

O pasado 1 de marzo, a Xunta e a Deputación de Ourense asinaron o Convenio para a creación deste centro galego de innovación da FP, que converterá a cidade das Burgas no centro común para que alumnos, profesores e empresas vencelladas a esta modalidade poidan traballar e poidan compartir, funcionando, ademais, como elemento de conexión e de soporte para os douscentos sesenta e nove centros educativos con oferta de formación profesional en Galicia. Quero lembrar que con este convenio de colaboración a Deputación de Ourense achegará cinco millóns de euros; a Consellería de Economía, 1,5 millóns, e a Consellería de Educación destinará 3,4 millóns para a recuperación do edificio da antiga escola de Mariñamansa e para os gastos de funcionamento do centro. Falaba, precisamente, o presidente da Xunta deste investimento esta mañá aquí, no Parlamento.

É fundamental a suma de esforzos. O obxectivo último é apostar pola investigación, pola innovación, pola creatividade e polo talento entre o alumnado de formación profesional, favorecendo o desenvolvemento industrial e a incorporación das novas tecnoloxías e dotando de capital humano altamente cualificado o tecido produtivo galego.

Desde este centro, que está previsto que entre en funcionamento en 2020, potenciarase unha formación profesional adaptada á industria 4.0, impulsaranse proxectos de innovación aplicada e favorecerase a creación de sinerxías co sector produtivo. E —como dicía— imos rehabilitar, comezando este mesmo ano, a antiga escola fogar de Mariñamansa, un edificio ata agora abandonado que ocupa uns dous mil seiscientos metros cadrados. Trátase dunha infraestrutura que merece a pena recuperar, porque ocupa un lugar estratéxico ao estar próximo ao CIFP A Farixa, o centro de FP de referencia na provincia de Ourense.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica ten a palabra o señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Moitas grazas, señora conselleira.

Ben, eu quero reiterar —como dicía antes— o agradecemento por apostar pola formación profesional e por facelo, ademais, na provincia de Ourense.

Todos somos coñecedores do camiño que seguiu esta idea do centro de innovación da formación profesional: como a irresponsabilidade doutras administracións puxo en perigo e fixo perigar



este proxecto, pero afortunadamente a responsabilidade —por oposición— doutras administracións, como neste caso o Goberno galego e a Deputación de Ourense, permitiu non só rescatar este proxecto, senón que sexa unha realidade en breve prazo de tempo e en Ourense.

Nese sentido, vostede sinalaba na súa intervención que se rehabilitará a escola fogar de Mariñamansa. Xa para rematar, neste segundo turno gustaríame que, unha vez que nos explicou e nos relatou en que consistirá todo o que ten que ver co funcionamento deste centro de innovación da formación profesional en Ourense, nos explique, se é posible, en que consiste o proxecto de rehabilitación e de habilitación desta escola fogar de Mariñamansa para que poida acoller esta nova instalación do centro de innovación da formación profesional de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández Gil.

Para a rolda de réplica do Goberno ten a palabra a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, a señora Pomar Tojo.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Grazas, presidente.

Insisto en que o centro galego de innovación da FP funcionará como elemento de conexión e como elemento de soporte para os centros de formación profesional de toda Galicia. Estará adscrito á Consellería de Educación, pero para a súa creación —como dicía na miña anterior intervención— tamén é importante a implicación da Consellería de Economía, Emprego e Industria, da Deputación de Ourense e das principais entidades sociais, empresariais e científicas.

Cremos que é fundamental recuperar ese antigo edificio da Escola Fogar de Mariñamansa de Ourense como sede deste centro, xa que tamén contribuirá á rehabilitación dunha área periférica da cidade, integrando a investigación e a innovación da FP dentro dun conxunto de equipamentos docentes asistenciais que xa existen.

A Consellería xa está a traballar no proxecto básico coa premisa de, por unha parte, conservar o edificio existente, reciclando a estrutura e os peches exteriores, e, por outra, introducir aquelas modificacións que permitan converter o interior da antiga escola nun espazo o máis diáfano posible, con particións flexibles que permitan espazos que se intercambien segundo as distintas necesidades de uso. Unha vez rehabilitado, o noso edificio albergará todo tipo de actividades relacionadas coa investigación e coa innovación na formación profesional de Galicia. Por iso resulta importante poder contar cunha infraestrutura adaptable, cunha infraestrutura flexible e con posibles cambios de usos futuros provocados pola evolución tecnolóxica e as novas estruturas laborais.

As instalacións do futuro centro de innovación da FP terán unha nova cuberta superior vexetal, sobre a que se estenderá a instalación solar fotovoltaica do edificio, e haberá áreas para situar toda a maquinaria de instalacións que se poida precisar. Unha vez cubertos os



patios interiores en planta baixa e establecidos os accesos aos núcleos de comunicación verticais, o edificio terá catro áreas de traballo similares.

As características previstas garantirán a flexibilidade, a capacidade de adaptación a novos usos e a súa independencia e intercambio dentro da organización xeral do edificio. O proxecto para o novo edificio prevé adoptar solucións técnicas encamiñadas sempre a conseguir unha maior eficiencia enerxética e un menor consumo, así como dotar as instalacións das condicións e dos mecanismos que o fagan saudable, que o fagan seguro, comfortable e eficiente. Está previsto empregar solucións construtivas e materiais sostibles que permitan facer da sede do novo centro unhas instalacións modernas e eficientes. O orzamento para a execución das obras ascenderá a tres millóns e medio de euros.

Creemos que a sede do centro galego de innovación da FP dará resposta tanto ás actividades docentes, investigadoras e emprendedoras como ao carácter moderno e ao carácter sostible do edificio e do ámbito urbano no que se vai localizar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Patricia Otero Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para corrixir as deficiencias de mantemento que presenta o edificio do Centro de Saúde de Foz

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Otero Rodríguez.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Benvido, conselleiro.

Dende a construción do novo centro de saúde de Foz e a súa ampliación no ano 2007, non se levou a cabo por parte da Xunta de Galicia ningún labor de limpeza nin de mantemento no exterior do edificio. Só con dar un paseo arredor do mesmo pode verse a humidade que presenta e as condicións de insalubridade que isto está producindo, coa aparición de verdellos e mofos que invaden o exterior da edificación, incumprindo as condicións mínimas que debe de presentar calquera edificación pública.

A Xunta de Galicia gasta máis de medio millón de euros en poñer rótulos que definan como públicos —por se había algunha dúbida— diferentes hospitais en vez de destinar os cartos á mellora e ao mantemento de edificios que se atopan nun estado deplorable. (*Aplausos.*)

O abandono de centros de saúde, a eliminación da área sanitaria da Mariña e os recortes en persoal sanitario son a política de Núñez Feijóo para a Mariña lucense; hai unha discrimina-



ción constante da Xunta coa Mariña. Unha mostra máis é a supresión dun técnico de Emerxencias Sanitarias da ambulancia medicalizada con base en Foz, pero que presta servizo a toda a Mariña. A ambulancia medicalizada de Foz é a única de Galicia na que se suprime un técnico de Emerxencias Sanitarias. De todas as ambulancias de soporte vital avanzado existentes ata o de agora en Galicia, a de Foz é a única á que se lle suprime un técnico sanitario.

A esta situación hai que sumar outro feito, outra discriminación, como foi que no ano 2011 a Xunta de Galicia, o Goberno popular, recortou de forma inxustificada o horario da ambulancia asistencial de Foz, pasando a doce horas das vinte e catro que tiña anteriormente. Discriminación que non lla di o Partido Socialista, senón tamén os traballadores do 061 e os veciños e as veciñas da Mariña, que non queren ser cidadáns de segunda; incluso tamén llo di algún alcalde da súa mesma cor política.

Polo tanto, xa que estamos a falar dun servizo que debe atender aquelas urxencias que teñen unha natureza vital na que calquera variación pode supoñer a morte dun veciño da Mariña, e xa que en moitos casos non hai segundas oportunidades para salvar a vida das veciñas e dos veciños, rectifique, señor Almuíña. Modifiquen os pregos de contratación do transporte sanitario urxente, manteñan os dous técnicos sanitarios da ambulancia medicalizada de Foz e poñan tamén o servizo vinte e catro horas de ambulancia asistencial.

Agora cóntanos que o servizo, recortando un profesional, vai mellorar. ¿Como vai mellorar a calidade asistencial na comarca recortando un técnico? Segundo vostede, un equipo de tres persoas traballa mellor que un de catro. Explíquello vostede aos traballadores do 061; explíquello vostede, que non os quere recibir e que só se comunica con eles a través da prensa.

Polo tanto, ¿vai o Goberno galego tomar algunha medida para corrixir as deficiencias...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...así como para efectuar o mantemento necesario no centro de saúde de Foz? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Grazas, señor presidente.

Señores deputados.

Nova portavoz de Sanidade do Partido Socialista. *(Murmurios.)* Si, porque, desgraciadamente, se ve que en período electoral hai variabilidade dentro disto. *(Balbordo.)* E sobre todo porque se utilizan mocións como mocións ómnibus, onde despois se van incorporando temas. Desde logo, viña responder a moción, pero vou dar información xeral de todo, porque creo que é moi importante.



Se hai alguén que se implicou sempre na Mariña é o Goberno do Partido Popular, desde hai moito tempo. E, desde logo, temos unha magnífica sanidade con excelentes profesionais e moi ben valorada, ademais, por todos os veciños. Fixemos unha aposta por mellorar o servizo na Mariña — todos os servizos sanitarios — ampliando e reformando o seu hospital. Estamos nesa fase, cun investimento de 10,8 millóns — cando os mesmos que agora protestan a nivel político dicían que se ía pechar este hospital — e de arredor de 2,5 millóns en equipamento, porque, lonxe de pechar — como dicía —, imos mellorar e ampliar os servizos.

Ampliamos nos últimos anos — desde o ano 2012 — a carteira de servizos do Hospital da Mariña, incrementando, por exemplo, servizos como o de Hado paliativos, con tres equipos e cunha cobertura xa do cen por cento da poboación, ou o hospital de día oncohematolóxico, que tamén permite tratar en Burela os pacientes oncolóxicos que antes tiñan que desprazarse a Lugo ou á Coruña, iniciándose en 2015 cun incremento progresivo de días de atención oncolóxica neste hospital de día. Tamén puxemos en marcha as consultas de Oncoloxía; a Unidade de Retina e de Glaucoma, que evita desprazamentos a Lugo para recibir estes tratamentos; unha segunda sala de endoscopias; unha Unidade de Patoloxía de Colo Uterino en Xinecoloxía, consultas de ostomías ou clases de preparación ao parto. Para a realización deste servizo realizamos melloras nas instalacións por valor de 1,3 millóns de euros e, no equipamento, de máis de trescentos mil.

Polo que se refire ao persoal e á actividade do Centro de Saúde de Foz — que, concretamente, parece que era o centro da pregunta, aínda que logo hai desviacións —, temos oito médicos de familia e sete diplomadas en Enfermería. A media de tarxetas por facultativo é de 1.019, é dicir, das máis baixas de Galicia, e Galicia está no sexto lugar de menos TIS por médico. Temos sete persoas de enfermería con mil trescentas TIS por cada un delas, un pediatra con mil cen TIS — por debaixo tamén da media española —, MIR, auxiliares de enfermería, odontólogo, fisioterapeutas, hixienista dental, catro PSX e celador. Por certo, as medias de consulta de cada un dos profesionais do Centro de Saúde de Foz está por debaixo de vinte citas ao día.

Polo tanto, seguimos traballando en mellorar os servizos da Mariña desde a atención primaria, a atención hospitalaria e tamén nas urxencias, do que falarei na segunda parte da pregunta.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a rolda de réplica ten a palabra a señora Otero Rodríguez.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, pareceralle unha pregunta ómnibus, pero a verdade é que vostede tardou máis de dous minutos en falar do Centro de Saúde de Foz, que era o que realmente lle estamos a preguntar. (*Aplausos.*) Pero a pregunta que lle faciamos non a respondeu, como estamos acostumados, porque non nos dixo se van facer eses labores de mantemento e de limpeza do centro de saúde de Foz.



Señor Almuíña, a situación deplorable de abandono do Centro de Saúde de Foz é o exemplo de como ten a Xunta de Galicia do señor Feijóo a sanidade da Mariña: abandonada e discriminada. Acometan canto antes esas melloras e eses labores de mantemento que a Xunta de Galicia ten encomendadas.

Señor Almuíña, vostede vén aquí e fala sempre do mesmo: da área sanitaria da Mariña e de que se crearon servizos. O único que se fixo nesa área sanitaria da Mariña, recortando esa área sanitaria da Mariña e converténdoa en distrito, foron unhas obras que non se dotaron con maior persoal. Por tanto, con moito cemento pero sen persoal os servizos públicos non funcionan.

Menten tamén no relativo ao tema da ambulancia medicalizada de Foz. Non o digo eu nin o Grupo Socialista; dino os técnicos de Emerxencias Sanitarias, que mesmo hoxe sacaron un comunicado asegurando que o servizo non vai mellorar. Agora a Xerencia do 061 asegura que pode cubrir A Mariña cos dous helicópteros medicalizados, algo que saben que é completamente falso, xa que a comarca da Mariña é unha das poucas zonas de Galicia que se atopan fóra das isócronas de ditos recursos. Os técnicos aseguran que a presenza dos helicópteros na Mariña é testemuñal; os helicópteros do 061 só voan cando hai boas condicións de visibilidade, e iso, co alto do Fiuco, témolo bastante complicado.

Polo tanto, señor Almuíña, rectifiquen e amosen o seu compromiso coa Mariña dotándoa de bos servizos públicos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

Ten a réplica do Goberno o señor conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): A verdade é que eu me axusto bastante ao que é a pregunta, o que pasa é que a pregunta escrita e a pregunta falada non teñen moito que ver. E, desde logo, veño falar da sanidade da área da Mariña, non veño falar só dunha fachada dun centro de saúde. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Mire, como sabe, o edificio do Centro de Saúde da Mariña, en Foz, exactamente son dúas partes: unha é do ano 2003 e a outra do 2008. E por suposto que se fixeron todos os labores de mantemento que hai que facer. O interior das instalacións presenta un bo estado de conservación pola calidade e o comportamento dos revestimentos e polas actuacións realizadas desde a súa posta en funcionamento. De feito, houbo obras no ano 2017 sobre a fachada e tamén no 2018, tras a eliminación do almacenamento de gasóleo e a acometida a gas natural. Son obras que se foron incrementando.

Loxicamente, dentro do plan de actuacións para o ano 2019, imos realizar unha serie de actuacións neste e noutros centros de saúde, como figura, ademais, no plantexamento que temos aprobado. O outro día creo que se abstiveron os grupos da oposición; parece ser que non queren que fagamos reformas e contratemos persoal de atención primaria. *(Murmurios.)* Pero, dentro diso, temos presuposto para poder facer. Evidentemente, non son obras moi importantes por-



que —como digo— as obras de mantemento que se fixeron todos os anos foron máis que suficientes. É dicir, imos facer actuacións de limpeza con auga a presión sobre os elementos prefabricados de formigón e tamén os tratamentos de protección sobre os elementos da madeira transventilada que, loxicamente —como dicía—, debido a que está próximo ao mar, sempre necesitan este tipo de actuacións. Polo tanto, as afirmacións que fai das condicións de insalubridade e dun estado deplorable que presentan os edificios do centro son, evidentemente, mentira; o que di vostede é mentira. Nós imos seguir traballando, como digo.

Falan de ambulancias: a verdade é que é curioso que digan este tipo de datos. E dicir que os helicópteros na Mariña non poden actuar... A verdade é que me sorprende que os helicópteros non poidan actuar, porque incluso hai base, e non só para o noso, senón tamén para o helicóptero de Salvamento Marítimo, que pode ter unha actuación perfecta. Hai días que non, como en calquera outro lado, pero, desde logo, o ceo da Mariña non creo que sexa impracticable para helicópteros. Pero é que, ademais diso, temos cinco ambulancias na comarca da Mariña que teñen unha media de actividade de catro traslados de media ao día, e —como digo— temos unha ambulancia medicalizada que foi un proxecto piloto para toda Galicia; non a había en ningún lado ata agora, que no novo concurso se ampliará á área de Monforte e á área de Vilagarcía, no Salnés. Polo tanto, A Mariña é pioneira e A Mariña está realizando un magnífico traballo nos traslados interhospitalarios e tamén na urxencia nos momentos necesarios. E ten, por certo, unha actividade de dúas actuacións ao día.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Cremos que noutros servizos de saúde se utiliza o técnico, o médico e a enfermeira.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Funciona en Foz, funcionará no Salnés e funcionará en Monforte.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre as medidas previstas para resolver a situación de precariedade na que se atopa o persoal eventual de enfermaría no Sergas

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora Solla Fernández: Grazas, presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.



Di a Lei do Estatuto do persoal estatutario nos servizos de saúde que o persoal eventual é aquel que se contrata conxunturalmente ou de forma extraordinaria para cubrir necesidades de servizo e que cando se realizan máis de dous nomeamentos nun período de doce meses, a administración debe estudar as causas que o producen e, polo tanto, sacar a concurso esas prazas ou crear esas prazas.

A realidade de milleiros de mulleres e homes —fundamentalmente mulleres—, de enfermeiras e enfermeiros eventuais do noso Sistema público de saúde é que levan máis de dez anos —doce anos, trece anos, catorce anos— concatenando contratos que, no máximo, alcanzan como sumo quince días. Esa situación é absolutamente insoportable e incompatible coas condicións de vida mínimas dignas que se esperan para calquera persoa. Nesa situación están a maioría das máis de oito mil setecentas persoas que concorremos ou que imos acudir o vindeiro domingo a esa oposición no recinto de Silleda; enfermeiras e enfermeiros que acudirán de negro —como hoxe vou eu— protestando pola situación da sanidade pública e, fundamentalmente, pola situación de precariedade do persoal de enfermería.

É absolutamente inasumible ter servizos dentro do Servizo Galego de Saúde que só contan cun terzo de persoal fixo. Non só afecta a súa vida persoal, senón que afecta tamén a calidade do servizo que se presta. Nesas condicións de absoluta precariedade teñen que vivir milleiros de persoas do noso país. Hoxe queremos preguntarlle: ¿que van facer para solventar esta situación?

Porque mire, señor Almuíña: o último exame que realizamos foi en 2016. Ese exame foi a teor dunhas prazas que se decretaron e cuxa oferta saíu no ano 2013; prazas absolutamente insuficientes: soamente quedaron noventa e unha de quenda libre. A seguinte convocatoria foi do 2016, e realízase esta mesma fin de semana o exame; as prazas que se anuncian son oitocentas trinta, pero quedarán de quenda libre unhas setecentas prazas. E agora vostedes volven anunciar unha cifra exígua de prazas neste ano 2019, aproveitando cada proceso electoral, utilizando o persoal para facer anuncios en época electoral.

A realidade é que non se pode estar sacando cada dous por tres cen, dúascentas, trescentas, catrocentas ou cincocentas prazas cando, cando vostedes fan un concurso de traslados, saen máis de dúas mil prazas. Temos unha necesidade absolutamente perentoria de cubrir de maneira fixa o persoal do noso Servizo Galego de Saúde, e hoxe preguntámoslle: ¿que vai facer vostede para evitar que estas persoas teñan que estar —teñamos que estar— máis dunha década con contratos diarios? Indo incluso ao baño e facendo a súa vida normal co teléfono na man, porque se non se collen os teléfonos, penalízase...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ...e tendo que estudar cada ano para unha oposición. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.



Señores deputados.

Quero dicir con humildade —pero teño que dicilo— que Galicia é a Comunidade Autónoma que máis aposta pola enfermería. A Consellería de Sanidade, a través da Estratexia 2020, defendeu sempre o papel dos nosos profesionais, e para iso destacamos como un dos eixos fundamentais —como digo— desta estratexia os profesionais comprometidos e coidados pola organización, dentro da que mantivemos as seguintes liñas de acción: coidar os bos profesionais desde que entran na organización, potenciar a versatilidade e polivalencia dos profesionais do sistema e implicar os profesionais como criterio básico no desenvolvemento e xestión da organización.

A estabilidade do emprego, tanto na presente lexislatura como na anterior, caracterízase pola convocatoria de prazas abertas públicas de emprego con carácter anual, esgotando a taxa máxima de reposición, como ben saben. En abril de 2017 demos un paso importante coa sinatura do Plan de estabilidade do emprego e provisión do persoal estatutario do Sergas 2017-2018, no que plasmamos o noso compromiso de reducir a temporalidade no Servizo Galego de Saúde para chegar ao que nos marcaba o Ministerio de Facenda: chegar a un cinco por cento en Galicia, sendo un oito por cento o que fixaba a nivel estatal. Priorizamos as categorías propias do primeiro nivel asistencial, como médico de familia, pediatra de atención primaria e especialista en enfermería familiar e comunitaria.

Cómpre tamén sinalar que Galicia, ademais de esgotar o cento oito por cento —como temos neste momento na Consellería de Sanidade— máis o oito por cento doutras consellerías que cederon a Sanidade para que incrementen estas prazas, é a única Comunidade Autónoma que mantivo as convocatorias anuais de OPE, o que permitirá, no horizonte 2017-2020, que arredor de cinco mil persoas accedan a unha praza estable.

O cadro medio de enfermería traballando no Servizo Galego de Saúde é de oito mil novecentas persoas. O oitenta e oito por cento deste persoal é estable —falando de propietarios e interinos—, polo que o once por cento se corresponde con persoal eventual, necesario para cubrir ausencias de persoal estable ou para reforzar as plantillas en momentos de maior carga asistencial. Diciáo a señora deputada: a normativa di cando sexa unha praza estrutural, non para cubrir baixas nin para cubrir días de libre disposición. Durante o período 2013-2019 ofertáronse nas OPE 1.337 prazas de enfermería.

Por outra parte, apostamos pola enfermería especialista comunitaria e pediátrica; de feito, fomos pioneiros na creación da categoría. Xa temos neste momento profesionais contratados, e incluímos vinte e oito prazas na OPE. Na OPE cuxo exame se celebra —como ben dicía a señora deputada— o día 12 de maio ofértanse oitocentas trinta prazas concretamente; ademais, anecdoticamente, é o Día Internacional da Enfermería.

A administración quere continuar coa estabilización, razón pola que en marzo deste ano aprobamos unha nova oferta de trescentas dúas prazas para enfermeiros e enfermeiras, dez para enfermería de familia e comunitaria, vinte e sete en obstétrico-xinecolóxica e dez en enfermería pediátrica.

Seguiremos traballando, desde logo, pola estabilización e o incremento de persoal no servizo.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas.

Para a rolda de réplica ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Pediríalle que non enfadase máis as profesionais. Hai dúas compañeiras arriba. (*Murmurios.*) Non poden acudir máis porque, desgraciadamente, a xente ten que estudar todos os anos e intentar facer unha vida para poder... (*Murmurios.*)

¡Pero por favor! Teñan un pouco de respecto; hai persoas tamén arriba.

A xente ten que estar estudando de maneira continua para poder presentarse a un exame para ver se as oito mil setecentas persoas poden acceder a unha das setecentas prazas por quenda libre. Esa é a realidade que temos no noso país.

E non, non hai o oitenta por cento de profesionais fixos. Repase a Lei 55/2003, a Lei do persoal estatutario: os interinos son profesionais temporais. Unha vez que sacan cada ano o concurso de traslados, a interinidade pode rematar en cuestión duns meses, e vostede sábeo; polo tanto, non engane. E se non fose así, ¿por que están tendo que ofrecer ata douscentos euros aos profesionais fixos para que cubran o día da OPE?

Non hai persoal nin sequera para cubrir os mínimos estipulados por lei e por norma o día do exame, e iso non é responsabilidade das persoas que van ao exame. Iso é porque vostedes non planifican, e como non hai case persoal fixo, atópanse con que o día do exame non hai persoas para cubrir o mínimo. Que saiban —non só as deputadas e deputados— que o vindeiro domingo non hai persoal sanitario suficiente; non se cobren os mínimos en practicamente ningún servizo, e iso é a súa responsabilidade. Polo tanto, menos autocompracencia.

O domingo ten vostede incluso convocada unha concentración no recinto feiral; a xente está moi enfadada porque volven anunciar outra vez unhas prazas que non chegan. Non se pode pasar doce, trece ou catorce anos con contratos diarios; iso é absolutamente precario e non pasa nin na empresa privada, señor Almuíña. ¡É unha vergoña! E esa realidade fai que a xente non poida formar familias, pedir un préstamo, comprar unha casa, ir de viaxe, planificar o cumpreanos do seu fillo..., absolutamente nada, porque hai que estar pendente do teléfono ao día seguinte, por iso dicía como anecdótico o do baño.

É unha realidade; vivimos así e iso ten que rematar, señor Almuíña. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra para a réplica do Goberno o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Como digo, eu non vou xogar con sentimentos; eu vou defender a profesión, porque a coñezo perfectamente e sei, desde logo, que se fai un magnífico labor... (*A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.*)



Por favor, retire o que acaba de dicir. (*A señora Santos Queiruga: Non.*) Estame insultando. (*Unha señora deputada: ¿Que dixo?*) (*A señora Santos Queiruga: Non.*) Estame insultando esta señora. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Perdón. Desculpe, señor conselleiro.

Pídolles que manteñan silencio. Eu non escoitei o insulto, se non, loxicamente, chamábaa á orde. Así que, por favor, manteñan silencio, se non, vou ter que chamar á orde, por moito que agora miren para abaixo e para outros lados.

Continúe.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Cando non hai argumentos chega o insulto. (*Aplausos.*)

Miren: nós seguimos traballando, porque a situación deste país é porque gobernos populistas como o da señora deputada levaron este país a unha situación económica onde non se puido contratar nin se puideron facer contratos adecuados. Neste momento, no que estamos desde esta comunidade autónoma —como dixen— cunha aposta forte por facelo, non somos responsables doutras actitudes que nos levaron a unha situación desastrosa. Neste momento nós estamos saíndo, e —como digo— a Comunidade Autónoma de Galicia está cumprindo cos seus compromisos e estao facendo con seriedade, non inventando nin dicindo palabras que non se poden cumprir.

Imos dicir que cumprimos eses compromisos acadados non só cos nosos profesionais, senón tamén coa representación sindical. O pasado 8 de abril e o venres 3 de maio celebráronse dúas mesas sectoriais nas que nos puxemos de acordo co Servizo Galego de Saúde no incremento —non a OPE sobre prazas que existía, senón incremento— ou creación de trescentas oito novas prazas para atención primaria co obxectivo de diminuír as ratios actuais de pacientes por profesionais. Acordamos dotar no período 2019-2021 un total de oitenta prazas de medicina de familia, vinte de pediatría, catro de farmacia de primaria, cento trinta de enfermería, corenta de fisioterapia, vinte de matronas e catorce de traballadoras sociais.

O noso compromiso firme pola mellora da asistencia sanitaria reflíctese tamén no novo modelo asistencial da rede de transporte sanitario urxente terrestre da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia, que incorporará doce médicos máis, vinte e catro enfermeiros e enfermeiras máis e máis de cen técnicos máis sobre o que había neste momento.

A ratio actual en Galicia é de catro enfermeiras por cada mil habitantes; cifra mellor que a media do Sistema Nacional de Saúde, que presenta unha ratio media de 3,6, ou de comunidades autónomas como Andalucía, cunha ratio de 2,77, ou a Comunidade Valenciana, cunha ratio de 3,23.

Polo tanto, pese ás limitacións das taxas de reposición impostas pola lexislación básica estatal —por certo, se vai haber un goberno mixto do Partido Socialista e Podemos en España, que eliminen a taxa de reposición para especialidades como as que necesitamos neste mo-



mento, e seguro que tamén entre todos melloraremos bastante—, continuamos a traballar para xerar un marco máis estable para os nosos profesionais e propiciando a redución da súa temporalidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos ao seguinte debate acumulado das preguntas 6.9 e 6.10. Acúmulanse para os efectos do debate.

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto da ampliación dos equipos de valoración da discapacidade na zona norte da provincia de Pontevedra e no resto das zonas

Pregunta de D^a Paula Quinteiro Araújo e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a valoración do Goberno galego respecto das listas de agarda existentes na provincia de Pontevedra para a valoración do grao de discapacidade

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten, en primeiro lugar, a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Boa tarde, señora conselleira.

Vimos aquí falarlles dun drama, falarlles dunha situación desesperada que están a vivir miles de persoas en toda Galiza pola situación na que están o persoal e os equipos de valoración da discapacidade; unha situación de auténtico caos e colapso que é especialmente grave no caso da zona norte da provincia de Pontevedra.

Eu supoño que vostede coñece a situación, pero voulle dar as cifras, que non menten: hai catro mil cincocentas sesenta persoas en listaxe de espera na zona norte da provincia de Pontevedra; máis de novecentas persoas levan máis de dous anos agardando e, destas novecentas persoas, cincocentas aínda non foron citadas; todas as solicitudes que entraron desde decembro do ano pasado aínda non foron tramitadas —estamos a falar de máis de dúas mil persoas, señora conselleira—, e no ano 2008 morreron duascenas sesenta e tres persoas na zona norte de Pontevedra sen que se resolvese a súa solicitude de valoración. Esta situación é dramática, non se pode chamar doutra maneira.

Detrás destas cifras hai persoas, hai vidas e hai auténticos dramas humanos: persoas octoxenarias que teñen graves problemas de mobilidade; persoas con alzhéimer e con demencias; persoas como Roberto, que morreu en xaneiro deste ano con setenta e sete anos, cunha enfermidade terminal, agardando polo recoñecemento da discapacidade; ou como un bebé de sete meses de Sanxenxo con síndrome de Down, que leva sete meses agardando pola valoración.

Como consecuencia, ademais, da automatización, estanse retrasando citas que deberían ser prioritarias e urxentes. E ao lado destes dramas hai tamén persoas que teñen que atender as



persoas que teñen estas discapacidades, e que son, na maior parte dos casos —como sabemos—, mulleres.

Mire, señora conselleira: esta situación pódese resolver, pódese atallar; é unha cuestión de vontade política, de medios e de orzamentos que vostedes non poñen. É cuestión de solucións permanentes, non de parches, como estiveron facendo nos últimos anos cos equipos de reforzo, que está demostrado que non resolven o problema de fondo. Xa sei que vostede nos vai dicir aquí que van contratar equipos de reforzo, pero está demostrado que non resolven o problema.

Está aquí unha representación do persoal médico, do persoal psicolóxico e social e do administrativo que traballa nos equipos de valoración da discapacidade de Pontevedra, que son as primeiras vítimas, porque son persoas entregadas e comprometidas co seu traballo que teñen que soportar esta situación de caos e de colapso.

Estas persoas queren respostas, queren solucións, queren compromisos firmes e non palabras que leva o vento. Queren que responda vostede unha pregunta moi concreta: ¿van contratar equipos permanentes e estables de valoración da discapacidade para resolver esta gravísima situación? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Ten a quenda para a pregunta agora a señora Quinteiro Araújo.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Boa tarde.

Ben, como dicía o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, hoxe vimos preguntarlle por unha situación que é moi grave, que non admite maior demora nin vai admitir respostas, como sempre, con vaguidade e que non solucionan o problema estrutural tan importante que nos atinxe hoxe. Estamos falando de que morreron persoas agardando pola valoración da discapacidade; estamos falando de listas de espera de tres anos nalgúns casos, sen que a consellería tome medidas.

Temos que comezar dicíndolle que lamentamos que teñamos que traer esta pregunta de novo a este parlamento. Xa debatemos neste parlamento varias veces sobre esta cuestión, e votaron en contra de maneira sistemática as proposicións da oposición nas que pediamos que se aumentasen eses equipos de valoración e orientación de discapacidade, sen dar ningunha razón. Os únicos argumentos que utilizaron sempre foi que ían buscar outras medidas. O resultado deses debates foi que, tempo despois, se viu como as medidas foron sempre totalmente parciais e totalmente insuficientes.

A situación en Galicia é especialmente preocupante, pero, sen dúbida, é moi significativa a situación que se vive na zona norte de Pontevedra: tres anos para agardar por unha valoración. Nestes momentos, despois de contratar por estas acumulacións de tarefas, son de dous anos as listas de agarda, pero, por desgraza, prevese que agora, ao rematar estes equipos por acumulacións de tarefas, volva incrementarse a lista de agarda.



A orixe está sempre —como levamos repetindo moito tempo— na falta de persoal suficiente. As medidas que se teñen que tomar son estruturais, son de fondo, é contratar máis persoal, pero de maneira permanente. E —como dicía antes— non é unha novidade; levamos moito tempo exixindo que tomen medidas de inmediato, e non só o dicimos aquí, dínllelo os traballadores e as traballadoras que levan reclamando esta cuestión tanto tempo.

Continuamos, no día de hoxe, a ter unhas listas de agarda que son inadmisibles. Non valen as respostas —como digo— vagas; teñen que ter compromisos firmes. ¿Van contratar máis equipos de valoración permanentes ou que van facer? De novo, van pór parches que non dan resposta ao problema de fondo.

Temos que dicirlle que detrás destas listas de espera, detrás dos números, hai persoas que levan moitos anos agardando e que están totalmente abandonadas por parte da administración. Non son números, son persoas con nomes e apelidos. Son tamén coidadoras que teñen que asumir o que non fai a administración, o traballo que lle correspondería á administración, e que non van seguir aguantando cos seus parches, que son totalmente insuficientes.

Levan moitos anos de ataques conxuntos aos servizos públicos; isto é, simplemente, un exemplo máis. Por iso nós queremos insistir, e a pregunta é moi clara: ¿que medidas van tomar para reducir estas listas de agarda que son totalmente inaceptables? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Quinteiro.

Ten a palabra a conselleira de Política Social, a señora García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Quinteiro. Señor Bará.

Moi boas tardes a todos.

Gustárame comezar agradecéndolle ao Bloque Nacionalista Galego que na pregunta que rexistrou recoñecese os grandes avances que supuxeron as medidas implantadas o ano pasado para axilizar os prazos de valoración da discapacidade, resolver máis de trinta mil expedientes de valoración e reducir nun trinta por cento a lista de agarda. É preciso ter en conta estes datos para facer unha achega completa á situación sobre a que vostedes preguntan.

Entre as melloras que se introduciron o ano pasado para axilizar as valoracións da discapacidade estaba a contratación de catorce equipos de valoración da discapacidade e, por suposto tamén, ademais destes equipos, outros avances aos que é necesario hoxe facer referencia: a mellora do sistema de xestión de citas, que permite que sexa o propio cidadán quen escolla a data e a hora para a súa valoración presencial; tamén a notificación e a confirmación da cita vía SMS para que a xente non se esqueza do día e da hora da cita; a redución do modelo de solicitude, que pasou dun despregable de catro follas a unha soa folla; (*A señora García Martínez amósalles un documento aos membros da Cámara.*) a implantación da historia social



única na maior parte dos concellos de Galicia, e a prioridade para que as persoas con doenzas que afectan o seu prognóstico vital —como, por exemplo, a ELA— poidan ser valoradas no prazo dun mes e para as persoas que precisan entrar en prazo para obter unha axuda pública, casos nos que existen expedientes que se están a resolver en menos de noventa días.

Os catorce equipos de valoración de reforzo da discapacidade que introducimos o ano pasado estiveron traballando o máximo que permite a Lei de emprego público: nove meses. Este prazo venceu, pero a Consellería de Política Social xa está a traballar para incorporar non catorce, senón dezaseis novos equipos de valoración da discapacidade ao longo das vindeiras semanas. Destes dezaseis equipos, seis equipos xa están funcionando na zona da Coruña e de Santiago, e moi pronto incorporaranse tamén os oito novos EVO na provincia de Pontevedra: catro na cidade do Lérez e outros catro en Vigo.

Pero sabemos e somos conscientes de que a situación non é idílica. Pódolles asegurar que nos gustaría que as galegas e os galegos tivesen que esperar moito menos para ser valorados. Precisamente por iso estamos a tomar as medidas para actuar e para reducir os prazos o máximo posible. E, dende logo, os equipos de valoración da discapacidade saben perfectamente que contan co noso apoio, co noso recoñecemento e tamén co noso agradecemento, xa que sabemos que teñen unha moi importante carga de traballo. Precisamente por iso estamos a introducir as melloras que faciliten o seu labor no día a día.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señora conselleira.

Para a réplica ten a palabra, en primeiro lugar, o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Mire, señora conselleira: di vostede aquí que os equipos de valoración teñen todo o seu apoio, o recoñecemento e o agradecemento. Non queren o seu apoio, o seu recoñecemento e o seu agradecemento; o que queren son máis medios e o que queren son máis equipos, e por iso levan semanas mobilizándose. (*Aplausos.*) Por certo, co apoio tamén dos colectivos da discapacidade, que lles están reclamando a vostedes que creen máis equipos permanentes; non parches, non solucións parciais, porque está demostrado que non serven, porque están aí as listaxes de espera. Díxenlle que había dúas mil persoas que presentaron a súa solicitude desde decembro que están sequera sen tramitar e que hai persoas que levan máis de tres anos esperando pola citación. Van crear equipos que son equipos temporais e que nin sequera teñen preparación e formación previa, e, polo tanto, van perder moitísimo tempo xa en poñerse ao día, en prepararse e en formarse.

Vostede actúa aquí como un robot: vén coa resposta automática, co piloto automático, dálle ao *play* e dá igual o que lle preguntemos. Eu fíxenlle unha pregunta moi concreta que só require dunha resposta de si ou non, señora conselleira: ¿van crear equipos estables, permanentes? Non solucións temporais de seis meses prorrogables a nove meses; solucións permanentes, non temporais. ¿Van ampliar as plantillas de maneira permanente? Porque hai unha demanda social clamorosa e hai unha situación desesperada de miles de familias que reclaman iso. É cuestión de vontade política e é cuestión de orzamentos. ¿Van poñer os



medios? ¿Van poñer os orzamentos? Respóndame a esta pregunta, é unha pregunta ben fácil. Dígame se van facelo ou non. (*Un señor deputado: ¡Si!*) Diga si ou non. Non van facelo, porque o que me dixo aquí é que van crear equipos temporais e non permanentes; non van ampliar o cadro de persoal.

Mire: esta resposta non nos vale a nós, non lle vale ao persoal que está aquí e non lles vale, sobre todo, ás persoas que sofren cada día esta situación. Actúan vostedes cunha absoluta frialdade, cunha absoluta falta de humanidade, sen alma, sen corazón e sen compaixón.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Desde logo, nós non llo imos permitir.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Quero que me diga si ou non á pregunta concreta que lle fixen. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. Rematou a súa quenda.

Tamén para a rolda de réplica ten a palabra, neste caso, a señora Quinteiro Araújo.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: A súa resposta foi un insulto para todas as persoas que morreron agardando unha valoración, foi un insulto para todas as familias que teñen que agardar máis de dous anos por unha cita e é un insulto tamén para todas as traballadoras e traballadores que —como lle dixeron— non queren o recoñecemento e o apoio con discursos, queren medios e recursos. Estanlle exixindo máis medios e máis persoal.

E pregunta é moi clara e a resposta foi, de novo, con evasivas. Van contratar oito novos equipos, non se sabe nin durante canto tempo, nin de que maneira, nin absolutamente nada máis. Eu non entendo cal é a razón pola que non queren contratar de maneira permanente equipos de valoración da discapacidade ¿Cal é a razón? A única razón posible é a vontade política. Non teñen vontade política de defender as persoas e as familias deste país, non teñen ningunha vontade política de defender as persoas que máis sofren no noso país.

A súa resposta —como digo— é un insulto, porque pode dicir aquí que se preocupan moito, pero no día a día, cando temos estas listas de espera de máis de dous anos, a súa preocupación non se demostra; todo o contrario, máis ben. E parece que ata que as traballadoras e os traballadores non se plantan, non se visibiliza a situación que viven. Non o fan só para traballar con máis medios e recursos; fano por todas as familias e por todas as persoas que teñen que agardar tanto tempo, porque si que se preocupan por esa xente, preocúpanse moito máis pola xente do noso país ca vostedes, que están deixando moi claro que non é en absoluto unha prioridade política e non é en absoluto unha preocupación do Goberno da Xunta de Galicia.

Ata que saíron á rúa, ata que se mobilizaron, vostedes non tomaron nin unha medida, e como sempre, as medidas que toman son totalmente insuficientes. Son medidas parciais e



son medidas que non van solucionar o problema de fondo que temos cos equipos de valoración de discapacidade. Estamos nun país onde a discapacidade, obviamente, é grande, onde temos unha poboación moi envellecida.

Nós preguntámonos: ¿dentro de cantos meses imos ter que volver traer esta pregunta a este parlamento? ¿Dentro de canto tempo imos ter que volver exixir...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: ...que contraten máis persoal de maneira permanente? (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. Rematou o seu tempo.

Para a réplica do Goberno ten a palabra a conselleira de Política Social, a señora García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Moitas grazas, señor presidente.

Deputadas e deputados.

Señor Bará, por suposto que eu lle respondo. Eu respóndolle á súa pregunta, que lle recordo: ¿ten previsto o Goberno galego ampliar os equipos de valoración da discapacidade na zona norte da provincia de Pontevedra e no resto das zonas? A miña resposta e a do Goberno é: si, dezaseis equipos novos, dous equipos máis que o ano pasado. (Aplausos.)

Dende a Xunta de Galicia somos plenamente conscientes de que aínda queda traballo por facer, pero os datos indícanos que tamén estamos polo bo camiño. Un bo exemplo deste progreso conseguíuse grazas ao novo modelo de xestión de citas —do que xa lles falei na miña primeira intervención— que, por suposto, grazas ás achegas dos equipos de valoración da discapacidade, aínda estamos perfeccionando. Pero este novo modelo de xestión de citas permitiu reducir considerablemente a cancelación de citas, porque o número de citas canceladas pasou de case o corenta por cento co anterior modelo ao un por cento no día de hoxe. O número de valoracións diarias realizadas polos profesionais dos EVO duplicouse no mes de marzo deste mesmo ano.

Eu pódolles asegurar que na Consellería de Política Social temos moi presente a situación dos equipos de valoración da discapacidade e tamén temos moi presentes as persoas con discapacidade que están pendentes de ser valoradas. Por iso no ano 2018 puxemos en marcha catorce equipos e neste ano 2019 poñeremos en marcha dezaseis equipos. E, por iso, asegúrolles que intentaremos que este reforzo poida tamén ser continuado no tempo.

Señorías, coa vista posta nos datos, non se pode cuestionar que a atención á discapacidade é unha prioridade para o Goberno galego. Un compromiso que se traduciu nas máis de cinco mil catrocentas prazas públicas de atención á discapacidade, un vinte e cinco por cento máis dende o ano 2009. Un compromiso que tamén se produciu co incremento do quince por cento



da libranza de asistentes persoais que reciben as persoas con discapacidade. Un compromiso que se traduciu nun incremento do sesenta por cento do orzamento destinado á discapacidade e investido en discapacidade, que ascende a cento seis millóns de euros. Un compromiso que se traducirá tamén en máis axilidade nos procesos de valoración da discapacidade, en máis apoio e en máis comprensión para todos os profesionais que realizan este magnífico labor.


Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Finalizada a orde do día, remata a sesión.

Remata a sesión ás seis e cincuenta e seis minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

